

A pouco de cumpli-los trinta decidín que xa era hora de comezar a vivi-la miña vida e abandoa-lo fogar materno; non foi unha decisión provocada polas miñas ansias de liberdade, nin a idílica relación materno filial a que a aplazou. En realidade foi unha cuestión financeira, levaba máis de dous anos traballando de asesora telefónica, teleoperadora, en Faimecaso Telecomunicacións, e aínda que o soldo non era moi grande a miña xestión milimétrica permitíume chegar nese período a uns cantos miles de euros; pese a que, todo hai que deci-lo, aportaba algo á unidade familiar, non moito, tamén hai que decilo; e pese a que me permitía certos caprichos de cando en vez. Non me interesaba en absoluto vestir de temporada e a parte de ir todo-los sábados ó cine e saír algún que outro cás amigas tampouco tiña maiores gastos. Levaba unha vida bastante cómoda, tanto que chegou a afogarme; o traballo non me desgustaba, de feito ata me gustaba, xuntabas un monte de anécdotas e entre unhas e outras revirábamolas todas e partíamonos á conta dos clientes; eles facían outro tanto con nós seguramente. Pero de cando en cando asomaba a pantasma do fracaso e amargábame. Supuxen que era un aviso para que cambiase de vida, un sinal; así que un día antes de ir traballar fun ó banco preguntar polas hipotecas para saber a que pazo podía aspirar. Saín fría, cá metade do meu soldo hipotecado ata a xubilación, e de pazo nada. A punto estiven de chamar ó meu amigo Xan e pedirlle asilo político en Londres, onde el vivía, pensando en que ó mellor alí o meu futuro profesional podía ser un pouco máis alentador. Pero non o fixen, e non so porque xa me daba vergoña que sempre me andivese sacando as castañas do lume cando a miña vulnerable persoalidade se atrancaba; non, tamén o fixen porque... porque no fondo rebentábame ser vencida pola adversidade, non vía porque tiña que abandoa-la "miña terra" pola inconsciencia da política do vai ben do pasado. E eu que saberei, era moi pequena.

Nos oitenta do século pasado meus avós viñeron da aldea buscando un futuro mellor para a súas fillas, e para eles, claro está. Miña avoa sempre pensou que o futuro dunha muller pasaba por unha boa educación e eso sempre foi prioritario para ela; miña nai e miña tía foron as primeiras licenciadas universitarias da familia; miña tía é directora dunha clínica de luxo en Madrid e miña nai traballa nun banco desde que rematou a carreira, se quixera xa podía ser directiva pero tería que renunciar ó seu posto no sindicato, e como creo que lle gustaba máis o de

guerrear que o de denegar préstamos así lle vai. Así coñeceu ó meu pai, guerreando. Supoño que se coñecerían nunha lea desas que se organizan entre uns e outros; moito non pregunto, aínda lembro cando me dou por preguntarlles como despois de ter a meus irmáns, trillizos (dous nenos e unha nena) e dada a apurada situación económica que eu supoñía estarían pasando, fixeran o cálculo para un e saíranlle tres, me tiveran a min ós dous anos; púsoxelles tal cara de lascivia que daba noxo e non quedei a escoita-la resposta, así que me supoño a celebración dalgún éxito político ou algunha carallada parecida. A verdade é que se o que pretendían era evitar que me inmiscuise na súa vida conseguírono e moito máis eficazmente que os pais dos meus amigos con decirlles eso das cousas de maiores. Vivíamos na casa dos meus avós, en Monte Alto, meu avó xa había que morrera e miña avoa vivía no baixo, onde había anos tivera o ultramarinos, aínda ule a froita ó entrar; agora adícase a vivi-la vida e a coida-las plantas do patio, que da xenio velas. Nós vivimos no primeiro e María, miña irmá e mai-la moza no segundo. Meu irmán, Pedro, cá moza en Pontevedra e Oscar nas Canarias, esta temporada, porque está estudiando non sei que no Teide, supoño que como vivir coma Dios, el di que é unha investigación científica, eu non lle creo nada.

Cando falei de mercar piso, miña avoa comezou a darlle voltas á idea de marchar para a aldea cá bisavoa e deixarme a min o baixo; pero eu vin demasiado encantados a meus pais e aquel sacrificio comezou a cheirarme máis a control que a amor fraternal e moi sutilmente, eso si, moi sutilmente comecei a facer comparacións tipo paseo marítimo-corredoiras, praia a dous minutos-ter que coller sempre o coche, amigas-bisavoa. E pronto se lle esvaeceu a imaxe bucólica do campo en fin de semana e xurdiu a da recollida das patacas ás catro da tarde da súa mocidade; porque o das plantas do patio era por divertimento pero o das patacas... despois de todo a aldea estaba a dúas horas en coche e podía ir cando quixera, e miña bisavoa xa estaba moi afeita a gobernar. A min non me gustaba a aldea, non era pola bisavoa, nin pola herba, nin polas vacas, aínda que unha me turrara unha vez; tampouco era polas galiñas nin polo misterioso raposo que sempre viña cando eu non estaba vixiando. Era, era, era polo mesmo que non me gustaban as clases de lingua galega do colexio, era porque... porque me chamo Leire. Non, se o nome é moi bonito, eso me contaba miña nai cando me enfadaba; pero en canto poñía un pe fóra da porta e viñan os outros nenos có de Leira ¿ves xogar ou tes vacas pacendo? a min

medrábanme os morros cousa fina; miña prima Elena sempre viña por min e decíame que non lles fixese caso, daquela eu deixaba de chorar e pasaba todo, ata que discutíamos por a quen lle tocaba apandar nas agachadas e volvía a sai-lo tema agrario; por se fose pouco a avoa á mínima chamábame Leiriña e meus irmáns contábanllo ós outros e festa de novo. Afortunadamente a bisavoa nunca criu que ese fose o meu nome, o día do bautizo pensou que meu padriño lle tomaba o pelo e non lle preguntou máis para que non rise á súa conta, así que para ela son Nena, algunha vez téñoa cachado estudiando o meu nome escrito nalgún libro da escola que lle deixaba ós pequenos.

Sí, o responsable do meu nome é meu padriño, o irmán da avoa, el maíla bisavoa son os meus padriños. El non vivía aquí, emigrara de moi novo traballar ós Altos Hornos en Bizkaia, e aló viviu sempre, viña no Nadal e un par de semanas polo uran, e claro polo meu bautismo, claro. Para min aquel era o home máis malo do planeta, o causante de todo-los meus males, din que a memoria non pode retroceder moito máis aló dos catro anos, non o sei, pero creo lembro perfectamente o día que a voz me dixo "dille ola ó teu padriño". Non lle dixen ola, ¿e unha merda lle ía decir ola! ¿ola? ¿que lle dixese ola? ¿o gilipollas que se lle ocorrera chamarme Leira? porque o nome remataba nun "e" pero a fonética non era o forte daquela xente. Lémbrome cá cabeza baixa, có fuciño ata o chan e mirando cara arriba. Era moi grande, moi alto, erguín algo a cabeza, pero non lle daba visto a cara, lembro que tiña un parecido perigoso con aquel xigante de cor verde que viña nos botes do millo que me facía comer miña nai cá ensalada. Ademáis traballaba nos Altos Hornos, que me dixeran os nenos que era onde o demo queimaba as nenas que choraban. Eu volvíñ baixa-la cabeza, todos insistían en que lle dixese ola, vaia antollo que tiñan; andiven todo o día cá cabeza baixa cando el andaba preto, coñecíalle os zapatos, controlábaos, parecían apisonadoras. Era Nadal e ós nenos sentábamnos xuntos nun lado da mesa para que os maiores poidesen falar sen que nos enterásenos de moito, como ninguén se metiu conmigo relaxeime, despisteime e mireino á cara, pois non parecía tan malo, el viume e sorriu, daquela eu cá vergoña baixei a vista e dei un lazo negro que levaba onde meu avó poñía un caravel branco, aquilo non podía ser boa cousa. De regalo de Nadal trouxérame unha caixa de madeira, coma as dos debuxos de piratas; non, se todo cadraba, e traía un fecho pequeniño e díxome algo que a min naquel momento me dou igual "cando sexas grande heiche da-la chave" a min tanto me tiña, si ho que

leire e compañía

ía abrir eu aquilo para que me saíse un dragón ou aínda peor un home gordo e calvo e me convertise en sabe Deus que. El marchou ó día seguinte con meus pais. Nos quedábamos cá bisavoa ata Reis, cando nos viñeron buscar meus pais eu fixen coma que me esquecía da caixa

- ¡Nena! - a bisavoa - que che esquece a caixa che trouxo teu padriño

¡Que se lle ía facer! eu levába coma se fose un cargamento de uranio; a Pedro os Reis trouxéranlle uns libros de debuxar, a Oscar unha bici e a María uns patíns en liña... e eu con aquela caixa. Sen embargo todos me miraban coma se fose a máis afortunada, era porque eles non sabían como sabía eu que era unha caixa encantada. Miña nai púxma na mesiña de noite e cada vez que facía limpeza paraba a darlle brillo nos apliques de latón facéndoos brillar coma o ouro. Eu acabei afacéndome a ela e como naquel tempo non notara desmelloría ningunha nin o acoso ó meu nome empeorara, tampouco me molestaba tela alí. Ás veces, cando miña irmá se metía conmigo ameazábaa con abrila para que a comese o bicho grande que estaba alí agachado. Cando fomos pasa-lo vran quedei soa no sobrado, ó baixar escoitei a miña avoa que lle decía ós meus irmáns que se lembraran de non meterse có meu nome e menos cando estivese o meu padriño diante, que nin se lles ocorrese. Ela estaba moi seria, os nenos calados e moi formais dixeron todos que si. Pero tan pronto coma os meus pais, a avoa e demáis autoridade marchou e quedou só a bisavoa as cousas volveron ó de sempre. Un día que estábamos xogando a songoku e eu lancei unha onda vital para deixar k.o a Pedro, todos se volveron na miña contra porque decían que eu era moi pequena para lanzar ondas vitais, eu aleguei que songoku tamén era moi pequeno, e a que se armou, cando comezaron có da leira, campo con xurro e comida de vacas escomecei a chorar e corrín cara a casa, sentado no porche estaba o meu padriño

- Ola, Leire - el, sorrindo - ¿que che pasa?¿por que choras?

Eu calada, enfuciñada

- ¿Non mo vas decir? - pasándome a man pola cabeza, eu miráballe o lazo negro da camiseta e aqueles zapatóns - ¿que che fixeron teus irmáns? cóntame

leire e compañía

- Nada - eu, enfuciñada

- ¿Daquela choras por nada? - el - non creo

- Campo de esterco, campo de esterco - Pedro, que para en seco, frío

- ¿Que dis que, Pedro? - meu padriño, serio

- Nada - Pedro

Meu irmán marcha correndo a ver se conseguía que se esquencese todo antes de que viñese a avoa a fin de semana e o castigasen.

- Leira, leiriñaaaaa... - María - ¿xa estás chorando outra vez? - paralizada, busca a Pedro cá mirada e corre detrás del - podías avisar, mamón, cando te pilleeee, ¡Oscar ven! como me castiguen pola túa culpa mátoe

- Así que era eso - dime meu Padriño - métense có teu nome

- Si - eu, enfuciñada

- Pois éche un nome ben bonito - el

- Non - eu, enfuciñada

- ¿Non che gusta? - el

- Non - eu, enfuciñada - e ti tampouco

- ¿E eso? - el

- Miña nai díxome que ti me puxeche-lo nome - eu, enfuciñada

- Ai si, eso é certo - el - pero púxencho porque me parece un nome moi bonito

leire e compañía

- Todos me chaman leira - eu, enfuciñada - aquí, no cole, todos

- E eles que saben - el - Leire chamábase a miña moza

- ¿Si? - eu, algo menos enfuciñada

- Era moi guapa ¿sabes? - el - e moi ridora, e non se enfadaba nunca

- ¿Nin cando lle chamaban leira? - eu, menos enfuciñada

- Non - el, sorrindo - onde ela vive non hai leiras

- ¿¿Non?? - eu, maravillada, ¡joder, vaia sitio máis chulo! ¡sen leiras!

- Non, alí chámanse campos, prados, ou fincas; pero non leiras - el, sorrindo

- Así calquera - eu

- Un día heite levar - el

- ¿E vou coñece-la túa moza? - eu - ¿vai vir hoxe?

- Non - el - non pode, está no ceo - el, ó ver que me poñía triste - imos facer unha cousa, ímoslle decir que vixie a todos estes, e que se volven meter contigo lles poña un gran na punta do nariz ¿vale?

- ¡Vale! - eu, que xa vía a media aldea coma a bruxa da sorte, cun nariz moi grande e cun gran horrible na punta

- E agora vas sorrir ¿eh? - el

- Si - eu - ¿e era moi guapa?

- Si, moito - el - e moi ridora

Por suposto, seguíronse metendo connigo, e por suposto que non lles saíu ningún gran; pero a min púxerame o nome da súa moza, que era moi guapa e moi ridora e xa me daba igual que se metesen connigo ou non. Tiña un nome moi chulo. Xa me caía moito mellor o meu padriño, e aquel vran xogou moito con nós; aínda que non che me gustaba nada aquela afición súa a queimar cousas no forno de pedra da casa vella. Nunca me levou ve-los famosos Altos Hornos, pero escribíame postais con fotos de sitios moi bonitos, que cando medrei fun situando no mapa peninsular e por Reis sempre me daba algo que mercara nalgún sitio exótico, Getxo, Muskiz, Santillana (como o das vacacións Santillana), Aoiz, Novallas. Así me fun enterando de que non traballaba nos famosos fornos senón nunha fundición, ata me comezou a caer ben aquel tío grande e cambiei a súa imaxe de xigante de legumes pola do gatiño grande de Mounstruos, sa. E xa desde conseguiu superar aquela perversa manía de queimar cousas na casa vella tenme no bote. O vran seguinte veu con Margot, aMargó para nós, pobre, vaia castigo, eu empaticei con ela desde o primeiro momento. Tiña o falar doce dos debuxos animados e sempre decía cousas agradables e moi interesantes, unha vez contounos un conto e nin sequera nos lembramos de ve-la tele. Ó ano seguinte casaron e refíxeron a casa vella por dentro, á visaboa gustoulle a idea porque era unha maneira de asegurarse de que o ía ver máis amiúdo. Non tiveron fillos, ó mellor por eso pasaban tanto tempo con nós cando viñan polas vacacións. Có tempo deixamos de pasar todo o vran na aldea pero aínda nos víamos a fin de semana, eles séguenme mandando postais e eu escribilles por internet, sei que o das postais é máis persoal pero algo é algo. Cando Margot se xubile teñen pensado vir vivir á casa vella e heinos ter máis preto.

Admito que tiña unha idea errada do que era mercar piso, claro que supoñía que era cousa de moitos cartos, por suposto non pensaba que tantos, os números nunca foran o meu forte; miña nai só me dixó unha cousa, que nin se me ocorrera contrata-la hipoteca no seu banco; a cousa era para pensalo, nunca entendín como seguía traballando alí, creo que era por da-la vara nada máis. Dos catro ningún se puxera có de mercar piso, a Pedro vive de aluguer; a María regaloullo a avoa, súa madriña; e Oscar e máis eu aínda non saíramos do niño, bueno Oscar só ven durmir de vez en cando, é que o tío vive... que se o chego a saber estudio Camiños, como pode ser unha carreira cun nome tan aburrido, tan sorprendentemente interesante.

Pero, contra do que se poida pensar, o dos cartos era o menor dos problemas, o peor foi atopa-lo piso. Eu traballaba no centro, desde a casa dos meus pais podía incluso ir andando ó traballo; pero pensar en mercar algo en Monte Alto era soñar de máis, convertírase nunha zona de poderío e por moito que miña avoa me repita que antes era o arrabalde non me cabe na cabeza; ela fala incluso de que había vacas pacendo a carón da Torre e prados con millo e patacas ó redor do Museo da Provincial. Agora esto está imposible, miraba os prezos por gusto, por ver ceros xuntos máis que nada. Pensei e era ademáis a miña opción máis firme, en marchar á urbanización que están facendo no Mesón do Vento, namoreime deseguido, a construción de primeira e os bloques no pasaban dos tres pisos, podía incluso mercar un dos dúplex do último bloque, que quedaba un pouco máis afastado da xeneral pero que estaban moi ben de prezo porque estaban construídos nos terreos da antiga central térmica e a xente non se fiaba. Eu supoñía, inocente de min, que, se obtiveran os permisos sería porque cumprían cás condicións de seguridade, de calquera xeito os posibles residuos radioactivos estarían soterrados; polo momento non se sabe de ningún dano derivado da anterior actividade, é máis toda a zona está arbolada e axardinada bo sinal. De calquera xeito, naquel momento, mercar un piso alí era unha inversión dirixida a descreídos, amantes do risco e desesperados sen cartos. Eu, pola última, cumpría requisitos dabondo, e o sitio non estaba nada mal, non era nin húmido nin frío e tiña boas conexións có centro, tanto por autobús coma por metro; eu sempre collía o metro, ademáis tiña moi preto a parada e collendo a liña 18 tardaba aínda menos en chegar ó traballo que andando desde a miña casa, a de meus pais quero dicir. A meu pai non lle gustaba nada a idea, veña a dicirme que os permisos de construción saíran dunha mariscada ben condimentada, que se eran tan baratos por algo sería; miña nai decía, aínda que a idea tampouco lle gustaba moito, que antes tamén eran moi baratos por xunta a refinería, porque todos andaban có do medo, e que nunca que ela lembrase pasara nada. Daba igual, eu non entendía aquel medo que tiñan á radioactividade e só entendía que tiña poucos cartos.

O que se di nestes casos é que foi o destino o que me salvou de vivir nas "aforas". Lémbroo perfectamente, un luns dous de Xuño, estaba na miña segunda semana de vacacións e estivéralle dando voltas á cabeza toda a fin de semana ó duplex das aforas, os do banco confirmáranme que contaba cá hipoteca e o único que me freaba era aquilo dos trinta anos, xa me vía mendigando para que non me

embargasen. Pasara toda a mañán paseando polo Orzán porque non daba acougado a estar tirada tomando o sol, cando me daba un chapuzón aínda o vía algo claro, pero despois a nube dun posible despido e a imposibilidade de facer fronte ó pago por non dar atopado outro emprego, o peor era se me pillaba xa con media hipoteca pagada, porque se aínda non levaba nada tampouco perdía moito; pero pensar en perde-lo piso e os cartos, seguro que o vendían nunha subasta por catro pesos e eu por enriba quedaría no rexistro de morosos. Moitas voltas lle dei, a punto estiven de botarme atrás, pero cando subía para casa case me barren no semáforo dous niñatos nun descapotable e piqueime, por que ían ter uns furafollas un coche que custaba a metade do que o meu piso e eu non podía ter un piso decente, pois alí mesmo o decidín, pola tarde ía ir firma-los papeis. Case non comín, todo nervios, todo emoción, todo medo; no fondo o de vivir soa tamén me asustaba e o de ter que lidiar cunha comunidade de veciños tamén, porque nós cós veciños tivéramos moita sorte e non tiña práctica nas discusións veciñais, pero esa debía se-la emoción que lle faltaba á miña vida. Despois de comer chamei a Pedro, díxome que non o pensase máis, que non me ía arrepentir, que o vivir lonxe da familia tamén tiña as súas avantaxas e o de poder convidar a "alguén" a túa propia casa tamén... meu irmá que sempre confiaba nas miñas posibilidades. Collín o oito, facía moi bo día pero tiña présa, na parada de San Andrés tivenlle que cede-lo sitio a unha vella que me estaba espetando o bolso no nariz a modo de indirecta. Era hora punta e deixei levar inconscientemente pola masa, cando saín da estación e a luz do día me fixo reaccionar non me dou a gana de volver baixar; tomeino coma un sinal e volvíu sentir pánico, collín cara Catro Camiños; pero non entrei no centro comercial, non estaba a situación para andar gastando ademáis alí tamén podía colle-lo enlace có 18 e tiña que medita-lo máis. Dei volta, na esquina estaba un rapaz repartindo publicidade dun bazar chinés que había en General Sanjurjo, tiñan ofertas moi boas en cortinas de baño e alfombras, fun ver, por ver. A tope, as ofertas debían ser boas de verdade, nin me molestei en entrar, volvíu dar volta; fixera ben non ir merca-lo piso, aquel non era o meu día. No semáforo remateina, de fronte, na outra acera, agardando coma min, estaba Bruno, estudiara con Oscar, non eran amigos nin nada pero un día que o fun buscar pilloume mirándolle o cú

- Leire, leiriña - Oscar - como lle sigas mirando así o cú vouvos ter que presentar

Por suposto a toda voz, Bruno escoitouno e sorriu, eu non sabía onde meterme, tardei en volver por alí; pero dar con el era inevitable, sobre todo á hora de comer, quen máis quen menos quedaba no comedor universitario. Eu procuraba colle-lo sitio máis alonxado deles, porque eles tiñan un fixo, meu irmán non volveu a facer coñas có tema despois da bronca que lle botei na casa e despois de que me cargara os minidisc de Venecia Ingeniería en canal, fíxeno sen paixón. Bruno sempre se me quedaba mirando cun sorriso, pero eu pasaba de largo en canto podía. A maior parte das veces, no primeiro ano meu irmán viña comer conmigo; despois fóronse acoplando algunhas das miñas compañeiras, que non eran precisamente a mellor compañía que unha podía ter, as pijiñas rematadas de Dereito, pero como vían que eu coñecía "homes" arrimáronse. Non lles facía demasiado caso porque non me ía o seu rolo de rirse de todocristo, ás veces deixábame arrastrar, pero só tiña que torcela vista e dar cá mirada censuradora de Bruno para volver á realidade. Caíalle mal, xa non me sorría cando me vía. Un dos seus amigos comezou a sentarse con nós, ó primeiro viña preguntarme por meu irmán, ás veces pasaba semanas sen pisa-las clases, el decía que porque facía traballos de investigación, eu decía que tiña unha moza nova, eu tiña razón, pero o cabrón sacaba unhas notas caralludas e sempre lle crían a el. O arrimado chamábase Alonso, era un niñato, ás miñas compañeiras facíalles moita gracia, tiña un todoterreo último modelo; có tempo mezclámonos todos pero el quedou só, non quixo unirse ó grupo. A min dábame igual, pouco tempo pasaba con eles e había rapaces agradables, polos menos ríamos. Cadroume de velo algunha vez pola cidade paseando todo enamorado cunha tía, con razón non se achegaba a min, pensei. Tanto me tiña, non era que me gustase, só me daba un pouco de morbo porque me parecía un estreito, levaba barba de catro días e fíxese o tempo que fíxese sempre ía de manga longa, non o vira nin unha vez de vaqueros e poñíame moito cando me miraba ó biés; pero se tiña moza peor para el, ela era rubia e guapa, coma toda-las mozas dos cerebriños. Mal paseino aquela temporada que facía un traballo a medias con Oscar, non paraba de falar del e miña nai, non sei porque, sempre decía aquilo de "¿Bruno? coma o de fama" cun sorriso doce, meu irmán e máis eu mirábamonos sen entender, sería algún rolo místico da vella. Fastidieina por completo unha das veces que carguei Romano, estaba de moi mala hostia, toda tirada; meu irmán metido no seu cuarto, miña irmán na tele e o resto traballando; soou o timbre varias veces e ninguén facía caso, eu saín do cuarto

leire e compañía

desexando que o timbre lle dese unha descarga a quen fose o tocapelotas que non paraba de da-la vara. Abrín a porta

- Ola, Leire - Bruno - ¿está teu irmán?

- Si - eu, sen deixalo pasar, estancando a porta

- Quería falar con el - Bruno, todo como era el - se non che importa, claro

- Non, non me importa - pero non me arredaba

- Case o podías ir avisar, se non che é moita molestia - el, despectivo

- Non ho, como vai ser molestia - eu, a berros - ¡Oscar! aquí pregunta por ti o cú máis feito de Camiños

El quedou blanco, meu irmán saiu disparado da súa habitación e miña irmán da tele

- Así me gusta rapas - eu, tirándolle da barba - que non se diga que non es un bo reclamo

Chisqueille un ollo e marchei, meu irmán non soubo que decirlle, que estaba tola supoño; miña irmán volviu para a tele a escojonarse. Eu, despois, como me pasaba sempre, sentín remorsos, non sabía porque o fixera, nin porque me inspiraba sempre as faltas de respecto, pero tiña un mal día e abrirlle a porta a don perfecto non o mellorou. Non creo que el suspendese nunca nada así que non o entendería daquela para que pedirlle perdón, non o fixen e eso que meus pais me deron a cea; porque Oscar contouno na cea, no fondo partíase, a Pedro case lle da; a meu pai non lle facía moita gracia que a nena lle andivese mirando o cú ós homes e miña nai volviu decir aquilo da fama, que o entendería ela. Pola Universidade sabía como evitalo así que non coincidimos moito e desde a voda de Olga non o volvin ver ata o semáforo.

O semáforo estaba en vermello, el viume, eu non sabía se facer que non o coñecía ou se saudalo, na voda ignorárame por completo; igual xa estaba casado, non cambiara moito, estaba un pouco máis gordo, xa llo notara na voda, antes era un

leire e compañía

fideo do cero, era o que menos me gustaba del, porque a min como non estean macizos nada de nada. A punto estiven de pasar de todo e seguir acera abaixo, pero vin un cartel de "véndese" nun edificio do outro lado e sentínme guiada polas forzas do Universo cara aquel piso, seguro que era o meu piso. Cando o semáforo se puxo en verde ía máis concentrada en anota-lo número de teléfono do leteiro que no dilema saudar-non saudar. Saiume un saúdo demasiado natural e demasiado efusivo para ser quen era, el tardou pero ó final tamén me saudou, sen moitas ganas non lle fosen sair enrugas de baixo da condenada barba. Tiña cara de crío, sempre a tivera, bueno era de supor, non reverdecería cá vellés. Doume igual, cheguei á esquina, saquei o chaveiro e cunha chave escribín o número no chaveiro de coiro, o de non levar nunca boli e papel axiliza o inxenio. Dei voltas buscando unha cabina, o de non querer estar localizable tamén, vino plantado mirándome, cá cara de noxo que poñía sempre, púxome de malas e marchei. Fun para a casa e chamei desde alí. Era un visiotel, nós non tñamos, meu pai non o quería, decía que lle gustaba poder colle-lo teléfono en pixama e incluso sen el, xa lle chegaba estar presentable cando viña visita. Eu entendíao, ademáis así non vían a pinta dos tíos cós que saía, que era o que me salvaba. O teléfono sou un par de veces e despois un contestador có puto erro de conexión por saturación ondas mixtas; pasaba sempre durante a temporada alta, os turistas que o saturaban todo. Quedara ás sete con Elvira para mercarlle un regalo de cumple a unha compañeira do traballo, ela nin a coñecía, pero eu andaba escasa de ideas e entre as dúas malo sería que non désemos con algo. Baixei andando, quedáramos no seu traballo

- ¿Pensaches nalgo? - Elvi

- Que va - eu - roupa xa lle van regalar as outras

- Xa vos podíades xuntar e mercalo entre todas - Elvi

- Podíamos, pero como despois sempre hai a quen non lle gusta ou a quen lle parece caro - eu

- Podes regalarlle un deses colgantes que están tan de moda - Elvi

- ¿Os do chip? - eu

leire e compañía

- Si - ela - ponlle a data e algunha coña

- Pois tamén tes razón - eu - vinos en Torreiro

- Non jodas tía, eses son horribles, están mellor os da que fai esquina nos Olmos - Elvi, comezando a andar

- Haberá que facerche caso - eu - que para algo te trouxen

- ¿Foches ó do piso? - ela

- Non, pero vou ver outro que atopei de camiño

- ¿Que é? ¿o único que che falta por ver? - ela

- Non te pases que

- Leire, tes que te atrever, pérdelle o medo á hipoteca - Elvi - é que non sei como pensas que non vas poder pagala, podo eu e teño máis cargas cá ti

- Xa, pero se ti quedases non paro o teu home sigue tendo ingresos, e eu se quedo no paro, jódome - eu

- Mira nena, que teño dous fillos que manter e ti es unha soa - ela

- Prométoche que é o último que vexo, se é caro de máis vou polo do Mesón e listo - eu

- Fai como vexas, só che digo que non tes porque ter medo - ela - sempre se sae adiante, e ti có cabezona que es aínda máis

- Vin a Bruno - eu

- ¿A quen? ¿a ese que leva non gustándoches desde hai a tira de anos? - Elvi

leire e compañía

- *Como te pasas - eu, esta coñécame coma se me parira*

- *Xa teño ganas de coñecelo, había tempo que non falabas del - Elvi*

- *Engordou - eu*

- *¿Máis? - Elvi, picando - váiseche pasar de talla*

- *¿Aí, xa cho dixera despois da voda? non, daquela sigue igual - eu - sigue mirándome con cara de noxo*

- *E eso que máis ten, cós tíos nunca se sabe, igual está tolo por ti - Elvi - pero como ti só saes con machománs*

- *Seguro que é por eso - eu, ríndolle a gracia - seguro, case que si*

- *¡Que pena me das! - Elvi, con sorna*

Elvi é unha amiga. Por fin mercámo-lo regalo, fomos tomar algo e despois arrastreina ata o famoso piso que quería ver. A ela tamén lle gustou, por fóra claro. Tiña moito ventanal e aínda que a casa debía ser tan vella coma min estaba moi ben conservada, coma min. Cando cheguei á casa, a avoa fixera unha empanada e estaba media veciñanza axudando a comela, para eso a fixera, eu tamén me apuntei; fun tarde para a cama, estaba cansa e durmín deseguido, soñei con Bruno, cando como moito antes de ir para a cama pásame, non que soñe con Bruno en concreto, senón que soño, en xeral. En realidade non era el, era un tío encantador ó que eu identifiquei con el, nin sequera levaba barba, pero a verdade é que non me importaría que fose premonitorio. Erguinme moi contenta, chamei ó número do piso e atendíume unha señora moi agradable que me citou para aquela mesma mañán; tiveron que ducharme a toda hostia e colle-lo metro. Cheguei puntual, traballo me custou, a señora esperábase no portal, é curioso como dúas persoas descoñecidas poden adiviñar quen son polas reaccións. Subimos, era o primeiro, o piso era pequeno, unha habitación, salón, coziña e cuarto de baño; pero moi ben aproveitado e moi luminoso; estaba moi ben insonorizado e tiña máis ou menos todo-los servizos que eu pedía. A

leire e compañía

señora non paraba de falar das excelencias da propiedade e cada vez que eu sacaba o tema do prezo ela desviaba a conversa cara outra virtude

- O piso é unha maravilla, xusto o que ando buscando, pero eu teño un presuposto bastante limitado, non lle vou facer perder máis tempo se non o vou poder mercar - dixeran, por último

- É barato, xa verás como o podes pagar - a tía, que non soltaba prenda

- ¿A que lle chama vostede barato? - eu, a ver se o pillaba

- Eu non sei canto pedir - ela, mirando á rua - era de miña nai, morreu hai tres meses e non somos capaces de vivir aquí sen lembrarnos dela, meus fillos xa teñen a súa vida, eu coidei moito dela, pasei aquí moitas noites e xa non quero volver; foi moi feliz e ti tamén o has ser; ¿canto me das?

- Non me pregunte eso, seguramente lle paguen o triple do que lle podo dar, só ten que agardar un pouco máis - eu

- Mira, chama moita xente e moita xente o ven ver, pero todos comezan a mirar e remirar, a tirar tabiques cós ollos, a cambiar portas de sitio e non me gusta a xente así - ela, ó seu - ti non es así

- Será porque non teño cartos para andar con obras - eu, sorrindo

- Non, ¿a ver canto me podes dar? - ela, que parecía falar en serio

Dixenlle o que me dixera o do banco, non pareceu importarlle que fora menos do que podía conseguir; eu comecei a sospeitar que era unha broma, ela díxome que a chamase cando falara cós do banco para asina-las escrituras e parecía que o decía en serio. Eu por se era de verdade díxenlle que ía ó dereito e que xa a chamaba. Acompañoume ó ascensor, ó abrírense as portas un veciño saudouna, polo menos sabía que algunha relación có piso tiña. No banco fixeron as comprobacións catastrais nuns minutos, díxéronme que me concedían a hipoteca por ser eu, porque a casa xa tiña os seus anos, cousa que me feriu bastante porque ós trinta aínda

estábamos de moi bo ver; chamei á dona e pola tarde xa tiña o título de propiedade e as chaves nas miñas mans. Despois de todo mercar piso si que era coma mercar un pantalón. Se non chego a leva-las chaves na man nin eu mesma o creería, cando llo contei ós meus pais insistiron tanto en se toleara que tiveren que collelas e ensinarllas. Miña nai aínda non me cría así que llo fun ensinar. Pareceu que tiña poucas habitacións pero como eran grandes sempre podía tirar... vaítes, o que decía a señora era certo, a min gústabame así. Meu pai mentras comprobou os documentos na base do Rexistro, non fosen engana-la descerebrada da súa filla pequena. No fondo xa se afixeran a vivir conmigo ó redor e agora tocaba que marchase, creo que esperaban que non o fixese, a miña actitude dábaos a entender, sempre aplazando a decisión.

Ó día seguinte o primeiro que fixen foi ir ve-lo meu piso, para crelo dunha vez. Parecíame moito ter un piso de meu; mireino ben, tiña marcas de cadros nas paredes, e dos mobles, o parquet estaba algo raiado e a plaqueta do baño non tiña moito brillo; decidín mercar pintura e darlle unha man ás paredes, merquei tamén cera para o parquet e a plaqueta, posiblemente sería mellor lixalo e barnizalo de novo; pero non tiña cartos, nin un can. Pinteí por enriba do que había, estaba moi ben conservado, non había nin humidades nin desperfectos de ningún tipo na parede. Botei todo o día pero rematei dunha sentada cás paredes, o chan xa o faría outro día. Non me podía mover, collín o teléfono e chamei á casa para que me viñesen buscar, viva dona despistada, non había liña; igual era máis urxente dar de alta os servizos que pinta-las paredes pero nunca fun moi espabilada. Fun á cociña e senteime no mármore da cociña, era o único sitio, quitando o chan, onde o podía facer. Que fame tiña. Estaba escurecendo e non tiña luz, son eses pequenos detalles que che fan dar grazas polos milagres da ciencia. Corrí a cortina para deixar entrar a última raiola de sol, o patio de luces era amplo, compartían varios edificios e ó abri-la fiestra escoitei ós meus veciños, a todos eles, ós nenos que non querían cear, ás parellas que discuten, ó veciño que ten a tele a todo volume. Gustoume, o aire ulía a tortilla, que fame. Baixei a vista e vin a Bruno sorrindo, a fame que me facía alucinar. Pechei a fiestra, a cortina e a persiana. Recollín todo o que tiña que levar ó lixo e pouseino ó pé da porta para abrila, era unha destas blindadas que parecían o selo das pirámides, tiña máis fechos que a caixa da Reserva Europea. Abro a porta, poño todo fóra e péchoa

leire e compañía

- *¿Precisas axuda? - detrás de min*

- *¡Joder, vaia susto! - eu*

- *Xa, do xeito en que pechache-la persiana, debo se-lo demo en persoa - Bruno, que seguía sorrindo*

- *¿Así que eras ti o do patio? - eu, que non estaba tola - perdoa, foi un impulso - sen moito arrepentimento*

- *¿Que che parece se nos levamos ben? - Bruno, serio, pouco lle durou*

- *Eu lévome ben con todo o mundo, ti fai como vexas - eu, de coña*

- *Falo en serio, se imos ser veciños mellor que fagamos borrón e conta nova - el*

- *Como queiras, non sei exactamente cal é o problema que tes connigo pero como toda a relación que teño contigo se reduce ós meus comentarios sobre certa parte da túa anatomía, prometo solemnemente non volver facelos - tratando de estar seria*

- *Ben, é un bo comenzo, ¿queres que che axude có lixo? - el, serio*

- *Non, tranquilo, ben podo eu - eu*

- *Como queiras, ata logo veciña - el*

E o tío colle e métese na súa casa, joder, podía insistir un pouco, alguén cun pouco de sensibilidade ben vía que aqueles eran bultos de máis para min, tan fráxil e indefensa. Estes homes que só teñen cerebro non valen para nada. Con moita resignación collín un a un os botes de pintura recheos có papel do chan e metinos no ascensor. Unha vez abaixo o dilema asaltoume diante dos contenedores; o papel estaba claro, pero os botes, onde os tería que poñer, no mesmo que os de bebida ou no xeral. Como nunca antes tivera un bote de pintura valeiro nas miñas mans non sabía que facer con el, vaia cargo de conciencia

leire e compañía

- *Vaia, parece que o difícil non era baixa-lo lixo senón tiralo ¿seica lles colleches moito cariño?* - Bruno, sinalando os botes

- *Pois si - eu, toda ofendida*

- *Cós botes - sinalando ó contenedor*

- *Non che hai coma ser listo - eu - menos mal que mo dis*

- *É que xa levo aí un pouco esperando a que me deixes sitio para tira-la bolsa - el, ensinándome os seus desperdicios*

- *Se ías baixar de todo-los xeitos ben me poideches botar unha man - eu, pensando en que o tío era raro de carallo, bueno raro, que non tiña coñecemento de causa*

- *Se precisabas axuda dixérasmo que para eso cho preguntei, veciña - tira o lixo e marcha*

- *Hai que fastidiarse - eu, falando soa*

- *Haberá - el, desde o portal - pero seguro que se o fago sen que ti mo digas me chamas machista*

- *Mira meu rei, busca a excusa que queiras, o caso é non desplancharse - eu*

El ofúscase todo, colle os botes e tíraos no contenedor

- *Home, eso ben o podía facer eu - que mal bicho son*

- *Sabíao, sabía que me dirías eso - el*

- *Non, ti dixeches que che chamaba machista - eu, toda tranquila*

- *Leire, espero sinceramente*

leire e compañía

- *Era broma - eu, dando osíxeno - gracias, por decirme que contenedor era e por botalos botes ¿vale?, só era unha coña, ás veces está ben sorrir algo, chao*

- *Chao - el, tranquilo - ata mañán*

- *Mañán non sei se virei - eu*

- *¿Xa te fartaches de vivir soa? - el, sorrindo*

- *¡Ha! non sei se me darei erguido da cama, doenme os cadris - eu*

- *¿O que? - el*

- *Non sei, algo que di miña avoa que lle doe ás veces e que debe estar por aquí - eu, poñendo as mans na cintura*

- *Ah - el, sen entender - ¿queres que te leve á casa? - que encanto*

- *Non, non fai falta, xa*

- *¿Non non fai falta ou si fai falta pero non o quero admitir? - el, serio*

- *Non, non quero molestar - eu*

- *Eu nunca digo nada por cumprir, se queres lévote, teño o coche aí - el serio - se sigues vivindo no mesmo sitio aínda che queda un anaco, e non hai taxis - sinalando á parada*

- *Vale, pois daquela estaría moi ben que me levases - eu*

- *¡Coño! que non se diga que a carreira non che valiu para nada, que maneira de lialo todo - el, rosmando - ven, teño o coche aí*

leire e compañía

- *Aínda cho hei manchar de pintura - eu*

- *Tranquila a tapicería de pel aguanta o que lle boten - el, serio*

- *Non hai coma ser inxeñeiro - eu, alucinando*

- *É este - sinalando unha reliquia, que ía máis conmigo que con el - sabía que che ía gustar - ó lermo na cara*

- *Está moi ben - eu, pensando que o decía con recochineo*

- *Estouche decindo que sabía que che ía gustar - el, serio*

- *É certo, ti nunca dis nada por cumprir - eu, con sorna - ¿e por que, se se pode saber?*

- *Porque si - el, arrancando con certa dificultade*

- *¿E déixanche andar con esto por aí? ¿non contamina de máis? - eu, por falar dalgo*

- *Non - el, cortante*

Eu calei, a invitación só incluía transporte, nada de conversa, non fose estragar tanta harmonía. A verdade era que despois de tantos anos sentía coma se o coñecese pero en realidade aquela era a primeira vez que falaba con el, o único que coñecía era a idea que eu me fixera del, que polo que levábamos falado tampouco distaba moito da verdade. O único que me sorprendeu foi o seu ofrecemento de levarme á casa, parecía un exceso de confianza pola súa parte

- *¿Que tal lle vai a teu irmán? - el - ¿sigue con aquela beca de investigación?*

- *Si - eu - agora disque lle chaman así*

- *¿E logo como lle chamaban antes? - el*

leire e compañía

- *Rasca-la barriga nas Canarias - eu*

- *¿Está no Teide? - el*

- *Si - sorprendida, nin que fose o único sitio no que puidese estar - disque hai unhas fontes subterráneas moi interesantes por alí*

- *Disque si - el, sorrindo - ¿e ti?*

- *Eu, coma sempre*

- *Coma sempre - el - pois que mágoa ¿non?*

- *Non - eu - a mágoa sería estar peor cá sempre*

- *Teu irmán decía que ías ser unha boa avogada*

- *E que coño sabe meu irmán de avogados - eu, que non me mola nada que se metan na miña vida*

- *O que sabe non cho sei, eu só sei o que decía - el, sen inmutarse - é unha mágoa*

- *Non, non é mágoa ningunha, simplemente non me gustou a carreira, non era o que esperaba e punto - eu, á defensiva*

- *¿Daquela porque non a deixaches? - el*

- *Porque meus pais sempre nos dixeron que eso de te-las matriculas gratis por ser familia numerosa tiña que ter unha compensación pola nosa parte - eu*

- *Calquera cousa - el, que non tragaba - calquera cousa - mirándome - ó mellor é que es un pouco covarde*

- *Ó mellor é que non deberías meterte na miña vida - eu*

leire e compañía

- *Seica se ofendiu a miña leiriña - el*

- *Para o coche - eu, que non lle consentía o de leiriña a un barbudo calquera*

- *Pois si que se ofendiu - el - para estar todo o día de coña tes bastante pouco sentido do humor*

- *Son unha tía moi seria - eu*

- *¿Non me digas? - el*

- *¿Queres parar dunha vez? - eu*

- *Si, tranquila, se ti queres parar paramos - el - só falaba por falar, xa me dirás que me importa a túa vida*

- *Exactamente, que che importará a ti a miña vida - eu, baixando do coche - ademáis ti díxeches que nunca falabas por falar*

- *Non, eu dixen que nunca decía as cousas por cumprir - eu*

- *Ven sendo o mesmo - eu*

- *Se ti o dis - el, sorrindo*

- *Adeus e gracias - eu, enfadada*

- *Chao - el, sorrindo*

Sáin do coche, batín a porta con mal xenio, nun golpe de efecto, pero como tiña os seus anos non pechou e tiven que volver a darlle, có que xa non me quedou o cabreo tan espectacular como pretendía. Marchei andando a toda presa.

- *¡Non esquences nada! - Bruno, berrando*

leire e compañía

- *¿O que? - eu, con poucas ganas de contos*

- *As chaves, por exemplo - ensinándome o chaveiro, que me debera caer dos bolsillos do chándal*

Volví toda acelerada

- *Damas - eu*

- *Non - el, imitando o meu tono - vaia pintasavas*

- *¿Que ten que ve-lo touciño cá velocidade? - eu - dame as chaves*

- *Non - el - ¿vas ir así pola rúa?*

- *Si - eu - damas*

- *¿Tanto che custa poñerlle un por favor? - el*

- *Si - eu*

- *Non - el*

- *¿Non que? - eu*

- *Que non chas dou - el - ¿por que sempre estás á defensiva conmigo?*

- *¿Que eu estou á defensiva? - eu - se es ti o que me mira con aires de superioridade*

- *¿Eu? - el, sorprendido*

- *Si, ti - eu - dame as chaves*

leire e compañía

- Non - el

- Verás - eu, abalanzándome sobre el para pillalo de sorpresa

- Ha - el, que ergue o brazo - vas ter que medrar, ¿que é eso dos aires de superioridade?

- Pois eso é o xeito que tes de censurar todo o que fago - eu

- Eu non sei o que fas, case non te coñezo - el - así que non o podo censurar

- Que non podes xa o sei, pero eso non che impide facelo - eu - sempre esa miradiña túa de vaia por Deus

- ¿Cal? - el

- Esa, esa que tes - eu

- ¿Cal? - el mirándose no retrovisor

- Bueno, agora mesmo non a tes - eu - veña, dame as chaves

- Non - el

- Pois é o mesmo, adeus - eu

- Toma túzara, toma - el, perdoavidas

Eu quedoo mirando con desconfianza, xa o vía vir, tan pronto como me achegase ía volver có de non

- Toma, desconfiada - tirándomas

- Gracias - eu, recolléndoas e marchando

leire e compañía

- *De nada - el, meténdose no coche - de nada, Leiriña*

Dei a volta nun acto reflexo e asasineino cá mirada, ía comezar a correr cara el pero arrancou e foise rindo. Había que fastidiarse, agora resultaba que a borde era eu, igual tiña razón... que ía ter. Que raro era o condenado, de repente tan agradable e o día anterior case nin me sauda, bueno coma todos, quen os entenda que os aguante. Fun andando a modo, non podía cá alma; pero cheguei.

- *Dixo María, que subises, que che cortaba o pelo - miña nai*

- *Agora igual é un pouco tarde - eu*

- *Aínda mo dixo hai un anaco - miña nai - vai que despois ata o mes non a volves pillar*

- *Tamén tes razón, para unha vez que se ofrece - eu - daquela subo*

- *¿Non ceas antes? - meu pai - ¿estiveches pintando? ¿non virías andando?*

- *Sí - eu - ¿por?*

- *¿Con esas pintas? - miña nai, escandalizada - poideches levar roupa para cambiar*

- *Puiden - eu - pero non me lembrei, tampouco vexo eu que sexa tanto escándalo*

- *Non, muller - meu pai - tampouco é que se diferencie moito dos modelíños que levas acotío, aínda podes saca-la camiseta e venderlla a un deseñador*

- *Ide a paseo - eu - vaia día que levo, vou ver a María*

Subín as escaleiras, ulía a comida, seguro que estaban ceando; non me gustaba nada ir cando estaban ceando, insistían e insistían en que comese facéndome sentir incómoda coma se fose allea á familia.

- *Ola - eu - se estades ceando marcho*

leire e compañía

- *Xa rematamos - Ana, a moza - pasa, libráste de que te obrigue a comer*

- *Nin que o digas - eu - ponme dos nervios*

- *A que ten as tixeiras na man son eu, así que máis che vale que non me fales así - María*

- *Eu non che estaba falando a ti - eu - falaba con Ana*

- *Pasa - Ana - ¿que tal no piso? dixo túa nai que levabas alí todo o día*

- *Estiven dándolle unha man de pintura - eu - mañán igual lle boto cera ó chan para comezar a levar todo*

- *¡Vaia pintas! - María - vouche ter que lava-la cabeza, ti non sabes o que é un gorro*

- *Como ti sempre dis que os gorros perxudican seriamente a saúde do cabelo - eu, aguantando a orixinalidade do comentario*

- *A pintura tamén - ela*

- *¿Teño pintura no pelo? - eu, Ana que me di que non*

- *Métese no cuarto de baño e lávame esa cabeza -María - parece mentira que sexas miña irmá, non sei a quen sairías*

Encantábame o cuarto de baño delas, tiña un montón de champús e cremas e pinturas, eu sempre collía o que mellor ulía, normalmente o máis caro, era instintivo; unha vez fundinlle un bote de champú de non sei que que valía unha pasta, case mo fan pagar.

- *¿Qué? ¿afogaches? - María*

leire e compañía

- *Xa vou - eu*

- *¿De cal colleches? - María*

- *Aquel da botella azul - eu - se non podía dixérasmo antes, é que se me avisas non o fago, pero como non me dis nada - eu, indo de inocente*

- *Está ben, está ben - María - para unha vez que ves tampouco che vou roñar, pero tes uns gustos ben caros*

- *Cando podo elixir - eu*

- *Non lle fagas caso - Ana - tampouco é para tanto, ademáis non sei a quen sairías, esta gasta máis en champús que en comer*

- *¿Como queres que cho corte? - María*

- *Fai como vexas - eu - pero que se note que mo cortaches, non me veñas cortando as puntas, faime algo distinto e curto*

- *A ver que sae - María, era bo sinal - así que no piso... ben*

- *Si - eu - tedes que vir velo*

- *Porque me soar á indirecta para que che axudemos a leva-las cousas - María*

- *Tranquila - eu - ben podo soa, tampouco teño tantas*

- *Estás ben irritable hoxe - María - ¿xa se che subiu o de ser independente?*

- *¿Sabedes a quen teño de veciño? - eu, elas miráanse - a Bruno*

- *¿Bruno? coma o de Fama - as duas á vez, imitando a mamá, eu río*

- *Así está mellor - María - ¿e eso?*

leire e compañía

- *Xa ves - eu - frente por frente*

- *¿E que tal está? - María - xa hai que non sei del*

- *Sigue tendo ese cú tan feito - Ana, con sorna*

- *Mira, por moito que fixen por verllo, el non se deixou - eu - cós anos igual lle perdiu firmeza e dalle vergoña*

- *Non me estraña que che escape - María*

- *Non sei por que - Ana*

- *Se un home dixese o mesmo de ti - María, cara mín - tamén lle habías escapar*

- *Deso nada, guapiña - eu - se me gustase habíallo ensinar, e se non chántolle duas hostias como está mandado, pero escapar seguro que non*

- *Bruno é bo tío, o que pasa é que se che atravesou - María*

- *¿E ti de que o coñeces? - eu*

- *De cando viña con Oscar - María*

- *Xa ves, en duas horas xa o coñeces, claro como todo-los tíos son iguais - eu - de todo-los xeitos non é el o que se me atravesou, son eu a que se lle atraveso*

- *Sí, claro - María*

- *Eso tamén mo dixo el - eu - e non sei porque*

- *Falastes, logo - Ana*

leire e compañía

- *Siii, case me trae a casa e todo - eu*

- *¿Que me dis? - Ana*

- *Pero a medio camiño doulle por decir que era unha mágoa que non mirase máis polo meu futuro profesional e mandeino a paseo - eu*

- *Muller, claro, ti quen che leve a contraria - María - pero ten razón*

- *Déixaa, que xa é grande para administra-la súa vida - Ana, chamando á moza a capítulo - non lle fagas caso, canto ti sintas que tes que cambiar xa o farás, que sabe o mundo do que ti queres*

- *Tía, que os deuses do Universo te bendigan - eu - debes se-la única que me respecta nesta casa*

- *O que che pasa é que lle tes medo á responsabilidade - María*

- *Claro, como ti es unha directiva dunha multinacional - eu*

- *Eu non estudiei para eso, pero estou defendendo o que estudiei e ti non - María*

- *Sí, poñerlle mechas a unha pija redomada tenche moita responsabilidade - eu*

- *Ai, non creas - Ana - ás veces éche máis perigoso que os bloqueos das ondas mixtas*

- *É ho - miña irmá toda afectada*

Ó día seguinte erguinme cedo e fun dar de alta os servicios, a compañía suministradora da zona centro non era das máis baratas pero nunca tiña os paróns que sofriamos en Monte Alto, nin nos Rosais. Por eso non vira ningún acumulador na casa, mellor, non me gustaba nada ter un; cando a avoa o instalou no patio doume un mal rolo tremendo, pasei días sen durmir pensando en que ía estoupar, por moito que dixeran que non eran perigosos a min non me convencían, aquilo si que metía medo e non os posibles residuos radioactivos do Mesón. Nas aforas operaba outra

leire e compañía

compañía fóra de franquicia que tiña unha rede de suministro máis moderna, máis barata e moito máis eficiente; toda a xente que coñecía estaba moi contenta. De todos xeitos aquilo non me ía quita-lo sono, o suministro ía se-lo menor dos meus gastos. Cando cheguei ó piso xa funcionaba todo, baixei mercar comida para enche-lo frigo e cousas para a cociña; non me gustaba o de cociñar por ondas, prefería a inducción. Merquei a cera, e púxenme a darlle a todo, á cociña tamén, estaba mellor conservada que o resto pero xa que estaba. Resultoume máis doado do que esperaba, só tiña que extende-la cá mopa e deixa-la secar, despois volver a pasa-la mopa e brillaba aquilo coma novo, e esbaraba.

- Ola - Bruno, na fiestra - xa estás instalada

- Non aínda non - eu - ¿ti non traballas nunca?

- Estou de vacacións - el

- ¿Si? - eu, que pensaba que era a única que as pedía en Xuño

- ¿E ti? - el

- Eu tamén - el sorriu

- ¿Que fas aí sentada? - el

- Esperando - eu

- ¿A que? - el, divertido

- A que seque a cera - eu - deille a toda a casa e rematei xusto aquí

- Como tarde moito vouche ter que pasa-la comida nunha cesta - el

- Non tranquilo, non tarda moito, e a comida estáse facendo no forno - eu

leire e compañía

- *Vaia, e eu que te ía invitar a comer - el*

- *Pois xa ves, non fai falta - eu*

- *Pódesme invitar ti a min - el*

- *Non chega - eu*

- *Sigues enfadada - el - perdoa polo de Leiriña, é que pos unha cara moi simpática cando cho chaman*

- *¿Si? seguro que ti tamén pos unha cara moi simpática cando che meten unha patada nas pelotas - eu - cando queiras comprobámolo*

- *Bueno, se non queres vir comer, eu vou comezar antes de que arrefrie - el - vémonos*

- *Que aproveite - eu*

- *Gracias - el, con sorna - carallo, algo amable, debes estar moi preto do microondas*

- *Non creo - eu - non teño*

- *Por decir algo - el - que che aproveite a ti tamén - moi "encantador"*

- *Seguro - eu*

- *Adeus - el*

- *Chao - eu*

E metiuse para adentro, podía ver sentado á mesa, de cando en vez erguía a vista e cachábame mirándoo, a min tanto me tiña; xa había moito tempo que asumira que non había que facer con el, así que desbarraba o que me daba a gana; aínda que teño que admitir que me estaba deixando en fóra de xogo tanta

conversación. Baixei un pé e toquei cá punta a cera, xa estaba seca, fun pola mopa para darlle brillo, parecía unha bailarina de puntiñas agarrada ó borde da cociña para non esbarar, a punto estiven de coller carreira e lanzarme a patinar, pero có espectador de honra non me atrevía a face-lo ridículo. Deille unha pasada e quedou impecable, sentei e comín. Fun á habitación para calcular que cama tiña que mercar, tampouco tiña pensado mercar moito mobiliario, o xusto, un somier con patas e un armario, unha mesa e unhas cuantas sillas para a cociña e un espello para o cuarto de baño, despois xa íra xuntando para o resto, se me apetecía mercalo, porque ó fin na miña habitación tiña todo polo chan. Non ía merca-la tele, có ordenata xa me apañaba e tería que mercar outro móvil, o último lanzárao ó patio aquela vez que un gilipollas có que saía se lle ocorrera chamarme un sábado ás doce da mañán, hainos fillos de puta, a el non o lancei porque non o tiña a man, pero decidín que esa clase de cabronadas non llas aguantaba a ninguén e deille vía. Mellor ía contrata-la liña fixa, que me saía máis barata, ademáis como tiña pensado botar pouco tempo na casa estaría ilocalizable igualmente. Baixei dar unha volta, mirar prezos de colchóns, que interesante. Patei toda a cidade e rematei mercándoo na moblería da Torre, onde mercáramo-los mobles da casa. O que máis me custou elixir foi o armario, queríao con espello, pero todos o tiñan por fora e a min dábame un mal rolo, porque xa me imaxinaba as tantas da noite morta dun ataque ó velo meu reflexo, que me coñezo. A conta bancaria reduciuse drásticamente ese día, fun cear á casa, non só para aforrar. Comecei a empacuetar todo, quedara cóos da moblería en que mos levaban ó día seguinte pola mañán, así que pola tarde xa podía leva-las miñas pertenzas; a roupa e pouco máis, cóos libros da carreira non sabía que facer, se deixalos alí, se levalos ou se queimalos directamente, algo que alguén debiu facer xusto despois de escribilos. O portátil e algúns discos. Máis grande era a lista de cousas que tiña que mercar, toallas, sabas, produtos de hixiene.... eso, que a medio día... menos mal que tiña panos de papel, unha funda nórdica, cortinas e moitas cousas máis que esquencín naquel momento, pero que a necesidade se encarga de lembrar. Quería deixar listo o da mudanza axiña porque o venres tiña pensado ir á praia. De súpeto tirada na cama, escoitando a tele de miña irmá, a avoa discutindo con miña nai, e meu pai con María, de súpeto tiven medo, medo a non saber vivir soa, medo á vergoña de ter que volver; non, sabía que non, bueno igual algo sí, as cousas como son, pero se estábamos a uns poucos quilómetros; ademáis tiña ó inxeñeiro na porta do lado, se non me mataba antes seguro que me axudaba a sobrelevala separación;

e, ademáis tamén, igual ligaba e como decía meu irmán, o do piso propio tiña as súas vantaxes; ¿e se ligaba cun psicópata e non se me largaba do piso?¿como me desfaría del? Aquela noite tiven un pesadelo, Bruno non facía máis que intentar entrar no meu piso, e eu non daba feito a termar da porta, corrín pecha-las fiestras, sentía o ruído dos seus pasos polo corredor, non sei como conseguíu entrar, eu pecheime na cociña acurrunchéime debaixo do vertedeiro; el, cun lápiz-láser partiu a porta pola metade e entrou triunfal, mirou a un lado e ó outro, dou uns pasos, non me viu. Xa ía cara a porta e un ruído delatoume, veu cara o meu agocho, abriu a porta violentamente e agarroume por un brazo obrigándome a saír, eu ameazeino cunha sartén, pobre defensa fronte ó seu lápiz laser que requentou a superficie difusora da sartén e tivena que soltar, el achegouse máis e, e bueno aí o soño xa cambiou de xénero; xa pouco tiña eu có que tiña coma por enriba volver a ter soños eróticos có neno; porque o de antes era moito e claro despois víao en vivo e en directo e custábame diferenciar-la realidade dos soños aínda que non sei porque a súa actitude distante resultaba moito máis sensual nos soños.

Espertei cá calor, é que subiran as temperaturas, toda-las temperaturas, non só a miña quero decir. Era cedo e non conseguín pegar ollo de novo, erguínme e fun esperar ós dos mobles ó meu piso, ó meu piso, que raro se me facía. Daba gusto pasear, pasei por unha cabina e ocorrúseme chamar á compañía de cable, á Afroeuropean, que tiña as tarifas máis baratas, tiradas, e operaba no eixo Inglaterra - Sudáfrica. Na casa seguían cá de sempre, a meus pais non lles cabía na cabeza que alguén cobrase tan pouco polo mesmo servizo e empeñábanse en non cambiar; nós xa os deixamos por imposible hai tempo, total pagaban eles. Antes de cruzar quedei mirando para as fiestras aínda sen cortinas, a piques estiven de ir á casa pola cámara de fotos. Metínme no ascensor e cá música ambiente entroume a morriña, abríronse as portas e saín automaticamente para dar de narices con Bruno, aquele xa rozaba a telepatía

- ¿Non te deberías erguer sen espertar? - el

- Perdoa - eu, espabilando

leire e compañía

- *Si que debes estar durmida, tanta amabilidade sen anestesia ¡imposible! - el, esaxerando*

- *Cala un pouco, ho - eu*

- *Hai que espertar con enerxía coma min - el - agora mesmo vou correr uns cuantos quilómetros*

- *Tranquilo que eu veño de andar uns cuantos tamén - eu*

- *Xa se che nota - el*

- *¿E vas colle-lo ascensor? - eu*

- *Si - el*

- *Vaia deportista - eu*

- *¿Moléstache? - el*

- *Non - eu - pero é que me parece increíble*

- *¿O que? - el, despistado - ¿que vaia correr e que baixe en ascensor?*

- *Non - eu - que che vexa as pernas antes que os brazos - porque moito pantalón curto pero manga longa*

- *Muller non cho vou ensinar todo de golpe - el, seguíndome a coña, sería porque aínda era cedo - ¿e que? ¿que tal? - mirándose as pernas - ¿que che parecen?*

- *Ben - eu - polo menos non as tes tan tortas como parece cando vas vestido*

Asasinoume e faltoulle moi pouco para meterse no ascensor sen máis

leire e compañía

- *Deberías cambiar de sastre a non ser que sexa moi, moi barato - eu*

- *¿Sabes? - el - aínda vai resultar que somos almas xémeas - ¿¿¿¿¿???*

- *¿Por? - eu, toda emocionada*

- *Porque a min tampouco me gusta que me gobiernen a vida - dixo cabreado e metiuse no ascensor*

Eu quedei algo cortada, nin sequera me dou tempo a replicarlle, a min que me gustaba ter sempre a última palabra; xa mo fixera o martes e agora outra vez; a punto estiven de correr escaleiras abaixo e pillalo no portal para soltarlle unha boa, pero era moi cedo. Despois ata me dou a risa, picárase, se ó final son todos uns presumidos por moi serios que intenten parecer, ben pouco que lle molestaban os meus comentarios sobre o seu traseiro; bueno si, si que lle molestaban. Pobre, xa me estaba caendo ben e facía mal, porque se me volvía a colgar del e resultaba que aínda tiña moza, ou tiña outra que para o caso era o mesmo íame volver a agobiar, e que máis daba, xa buscaría algún ligue que o solucionase.

Os dos mobles viñeron a eso das dez, os da afroeuropa viñeron máis tarde, por certo estaban algo moscas porque viñeran xusto no momento en que eu baixara á tenda mercar; xa é puntería. Despois pasoulles o mosqueo, a instalación fíxérona moi rápido e moi discretamente, case non se notaba o cable, di que a min que máis me tiña que se vise ou non, vamos que se o chegan deixar atravesado dun lado ó outro da casa para algo o aproveitaría. O piso xa tiña máis pinta de casa, agora só faltaban as cortinas, e as sabas e o peor trae-los meus trastos. Contaba con que Ana me botase unha man, porque María seguro que se escaqueaba.

- *Leire, ceo - Ana - non podo, mañán temos unha boda e a noiva aínda non decidiu o peinado, estamos a ver se a convencemos hoxe, porque xa nos vemos mañán todo o día atendendo á consentida esta*

- *María tamén, claro - eu*

leire e compañía

- Si - ela - como eu estou en dedicación exclusiva, vou acabar por decirlle a María que a rape ó cero

- Estaría ben - eu

- Ven polo coche, total nós imos ter que comer aquí e pola noite pillamos un taxi porque non habemos ter moitas ganas de conducir - Ana, xa me parecía a min que non me ía deixar na estacada, esta si que é unha cuñada

- Es un sol - eu

- Déixote, que me reclama a marquesa - Ana

- Sorte - eu

- Gracias - ela - vaime facer falta

Cando colguei o teléfono sentín tentacións de chamar a todo o mundo para darlles o meu novo número e facer unha festa de inauguración do piso ou algo parecido. Despois penseino mellor, estaba de vacacións, ¿e que se fai nas vacacións? nada, pensar en ter que limpar todo aquilo despois dunha merendola fíxome centrarme no das cortinas. Baixei ó centro e mirei unhas cuantas tendas, merquei todo e fun buscalo coche de Ana. Non me deixou entrar na pelu, non fose que lle soltase algo á pija, non o ía facer, pero tal como son non me estraña que o pensase. Por fin fun á casa e carguei todo-os paquetes, engadín un xogo de sabas limpas, porque sinceramente parecíame unha guarrería deitarme nunhas que non lavara previamente, a saber quen as andivera sobando. O da funda nórdica era distinto viña moi precintada coma se tivesen medo que escapasen os patos salvaxes da Laponia, non creo que alí haxa patos, pero por decir algo, máis que nada porque as plumas eran sintéticas, xa non se lles facían esas cousas ós patíños. Pobres se a min me chegan a depilar para facerlle unha colcha a uns hipotérmicos tampouco me gustaría moito, bueno se era definitiva un favor si que me facían, ¿daría calor o pelo human? cá de anos que me levaba depilando xa tiña unha boa manta, pero que noxo como se che comecen a escangallar todo-os pelos por aí adiante, a verdade é que o das plumas artificiais é moito mellor, onde vai parar. Antes de marchar estiven con miña avoa, díxenlle que

tiña que vir ve-lo piso, non era que me apetecese moito, porque non sei por que todo o mundo sabe decora-los pisos dos demáis. Afortunadamente díxome que iría para a seguinte semana, aínda tiña un respiro para colocalo todo decentemente. Marchei antes de que comezase a comerme o tarro para ir pasa-la fin de semana á aldea, díxenlle que nos víamos o domingo e non lle dei tempo para que me chamase descastada. Estaba meu padriño e por eso ía i-lo domingo, que se non xa me escaqueaba de todo, estaba rematando a segunda semana de vacacións e a terceira era a última có que tiña que aproveita-lo tempo ó máximo e ir ó monte non era o que máis me apetecía; porque a nosa aldea, pese a todo, seguía sendo monte, alí o tempo estancárase e a única evolución que se coñecía era a calidade das vivendas porque o resto non sei se levaría sendo así toda a vida, corredoira pura.

Cheguei, conseguín aparcamento sen moita dificultade e bastante preto do portal , milagre, milagre; aparquei á primeira, sempre foi o que máis me gustou de conducir. Subín unha a unha as caixas e cando as dei subidas todas baixei por algo de comer e polas cousas que mercara; e tamén comprobar que todo estaba ben no coche, que pechara todo, que estaba dentro das liñas, que tiña a ORA ben collida, se me viña o guindastre polo coche da miña cuñada dábame un ataque, a pobre cá paciencia que tiña conmigo. O de ter cousas éche unha responsabilidade, e máis se non son túas, porque como o raiasen, ou se mo roubaban, menos mal que tiña o plan super calculado para rematar daquela mesmo cá instalación, se non xa me vía levando o coche á casa para quedar máis a gusto. Despois de comer fixen a cama e colguei as cortinas; xa tiña todo listo para escomnzar a desembalar, primeiro as toallas, por fin lle atopei utilidade ó xogo de toallas con cenefa bordada a punto de cuz que me fixera unha veciña por subirlle a compra cando estaba enferma; a min tanto che me valían sen tanto repenicoque, pero quedar quedaban moi monas, leire por todo o cuarto, por se me daba amnesia, bo, para que decir menos eran moi bonitas e moi alegres, amarelas, pero bonitas. Coloquei toda a roupa no armario, os zapatos de momento íaos deixar na caixa porque nalgún sitio tiñan que estar, os libros tamén; saquei o portátil e púxeno enriba da cama, debaixo do maletín veu a caixa do meu padriño, a que me regalou quero decir, aínda non me dera a chave, supoño que aínda non me considera suficientemente adulta, embaleina con moito coidado, ben envolta, non tiña ningunha rabuñadura, ¿que tería? o que fose para min sería unha sorpresa, tantos anos facéndome esa pregunta, o día que me dea a chave

leire e compañía

vai se-la hostia. Os cds tamén quedaron na súa caixa, agardando a que tivese máis cartos, tampouco pasaban mal ningún, así non collían tanta roña, despois recapacitei e metinos no armario, no sitio das colchas, como eu deso non tiña, é que me lembrei de que miña nai me regalara o primeiro disco de Rosa, un dos orixinais, mercárao ela, naciu profesionalmente o mesmo ano que nacín eu, e miña nai colleulle moito cariño, poñíamo para durmir, supoño que por eso me gusta tanto. Custoume moito que mo dera, os tres seguintes xa mos dera había tempo, pero aquel sempre mo andaba agachando, doumo cando me licencieei, a outros regalábanlles coches, pisos ou viaxes á Cidade flotante de Tokio, que era o máis do máis daquel ano; pero dubido que os afortunados fosen nin sequera a metade de felices cá min cando abrín o papel de regalo e vin o cd. Têñoos todos, incluso os recopilatorios, é a mellor.

Todo listo, xa podía decir que tiña casa propia, deixara de ter ese cheiro a piso abandonado, xa ulía a min.

- Ola - Bruno, na porta - ¿xa estás instalada? - botando un ollo por enriba de min

- Si - eu

- Veño convidarte a cear - el

- Se me convidas a cear non vai parecer un accidente - eu

- Só quero face-las paces - el

- ¿E eso? - eu - xa che pasou o mosqueo

- Non, pero creo que cun pouco de conversa se pode amañar - el

- Pois dado o noso curto pero intenso historial non me parece unha idea moi fundamentada - eu

- Igual non - el - pero eu quero probar

leire e compañía

- *¿Probar? - eu, con malicia - se queres probar probamos, por min xa sabes que non hai problema - con intención*

- *Eu referíame ó diálogo - el, na súa liña, serio*

- *Siii, eu tamén - eu, finxindo autoconvencemento*

- *¿Ves? - el - cocíño bastante ben*

- *E non habías - eu - como vas facer ti algo mal*

- *Imos - el, sen inmutarse*

- *¿Xa? - eu, que o horario inglés me parecía perfecto... para Inglaterra*

- *É que a teño que facer, así vasmе decindo o que che gusta e o que non - el, serio, eso si*

- *Bueno - eu - mellor así, se vexo que non me gusta poño calquera excusa e marcho para casa, total o taxi non me vai custar moito*

- *Moi vacilona es ¿non? - el, serio*

- *O normal - eu*

- *Sí - el - para ti si debe ser normal*

Agardou na porta mentras fun busca-las chaves, cruzámo-lo descanso e fomos ó seu piso; era máis grande co meu, pero as mesmas habitacións exteriores. El si que o tiña ben montado, madeira de castaño, cadros de deseño.

- *Este pintouno un compañeiro noso, de teu irmán máis meu, agora está podre de cartos e este vale uns cuantos miles, enorgulléceme poder decir que me gustaba moito antes do seu salto á fama, polo menos sabe que llo dixen en serio, non por facerlle a rosca - el*

leire e compañía

- *Está ben si - eu*

- *Non o dis moi convencida - el*

- *É que eu, deixando a parte o entender ou non, no abstracto prefiro as manchas non as liñas xeométricas, parécenme moi frías - eu*

- *Deso se trata - el*

- *¿Ti cres? - eu*

- *É o que me parece si - el - imos para a cociña, que vai levar o seu tempo*

- *¿Que vas preparar? - eu*

- *Ensalada e algo de pescado - el*

- *¿E tes que ir pescalo? - eu, que non lle vía a dificultade*

- *Non, pero o bo sempre leva o seu tempo - el - e verás que ensalada e que pescado*

- *¿Que pescado é? - eu*

- *Lubina - el, coma se eso me dixese algo*

- *Ah - eu*

- *Non che gusta o pescado - el*

- *Sí, si que me gusta, a pescada, o bacallao, o salmón - eu - pero ese que dis*

- *Seguro que o probaches algunha vez aínda que non o lembres igual o coñeces por outro nome, de calquera xeito creo que che vai gustar - el, serio*

leire e compañía

- *Coma o coche - eu*

- *Si, coma o coche - el*

- *¿Tes algún problema muscular? - eu, non é que me considerase a persoa máis graciosa do mundo, pero este xa se estaba pasando de serio*

- *¿Que? - case sorrindo, mentras sacaba unha balea do frigo*

- *É a única explicación que lle vexo - eu - aínda que agora mesmo*

- *¿Explicación? - el, serio - ¿a que?*

- *A que vai ser, a que sempre esteas tan serio - eu, poñendo cara de inocente, para que non se me notara o recochineo*

- *Non estou serio - el*

- *Non, claro - eu*

El sorri, comeza a destripa-lo pobre bicho, lávao, déixao a escorrer, vai pola cazola, comeza cós ingredientes; víase con moita seguridade, coma se fose verdade que cociñaba el, supoño que si era certo. Na nosa casa cociñábamos todos, cada un tiña a súa especialidade a miña eran os callos, a tortilla tampouco se me daba nada mal.

- *Nalgún tempo - di, collendo o bicho con cariño - estiveron a punto de extinguirse*

- *¿As bichas esas? - eu*

- *Todos - el*

- *Xa - eu - de aí os programas de cultivo e vixiancia marina, eu tamén vivo no mundo ¿sabes?*

leire e compañía

- *Moi pouca xente o sabe - el*

- *Joder, non terían os mesmos profesores de ciencias cá min - eu - non me deron a vara nin nada*

- *A xente espoliaba os recursos sen sentido - el*

- *Xa - eu*

- *¿Non che interesa o tema? - el*

- *Home, se fose nunha conferencia as doce da mañá igual si, pero agora mesmo non - eu*

- *Fas que pasas de todo, pero non é certo - el*

- *Non tío, pero é que non me apetece escoitar algo que xa sei, son moi consciente da importancia do respecto a nai Terra e ás súas criaturas - eu, poñendo cara perversa - de aí que aínda esteas vivo*

- *¿Estasme chamando algo? - el, sen ton*

- *Nada de nada - eu - pero cambia de tema*

- *Ti mandas - el - ¿de que queres que fale?*

- *De porque non te ris - eu*

- *É que non me fas gracia - el*

- *¿Estasme chamando algo? - eu, case ofendida*

- *Nada - el, sorrindo entre dentes*

leire e compañía

- *Xa vexo, xa - eu - eu non che fago gracia pero meterte conmigo si*

- *¿Como conseguiches que che vendera o piso? - el, cambiando de tema, metendo a cazola no forno*

- *Se che digo a verdade aínda non o sei, porque teño as escrituras que se non pensaría que me tomara o pelo - eu - díxenlle o que podía pagar, pareceulle suficiente e vendeumo*

- *¿Así sen máis? - el, sorprendido - cando me dixo que o poñía á venta chamei a uns amigos meus que andaban buscando piso, viñeron e despois non quixo venderlo e polo que din os veciños xa llo fixo a máis. Decíamos que igual era que no fondo non se quería desfacer del, e dun día para outro véndechos a ti, sen máis*

- *Eu cando quero sonche moi persuasiva - eu*

- *¿E que dis que lle dixeches tan persuasivo? - el*

- *En realidade nada, non sei que dixo que se me notaba que me gustaba o piso - eu*

- *Ós meus amigos tamén, alucinaron cando o viron, e como as habitacións son tan grandes tiñan pensado dividi-lo de novo e facer*

- *Ei, deso tamén me falou - eu, interrompéndoo - de que todo o mundo o quería refacer e que se notaba que a min me gustaba como estaba, que non quería desfacerlo fogar no que ela fora feliz*

- *¿Estasme puteando? - el*

- *Que non tío, que mo dixo, en serio - eu - a min tamén me sorprende porque unha vez vendido non vai ter ningún control sobre el, igual me da por aí e tiro con todo*

- *¿Valo facer? - el*

- *Non, a min gústame así - eu*

leire e compañía

- *Daquela Fina fixo ben en vendercho - el - esa mirada túa é a mellor arma que tes*

- *¿Eh? - eu*

- *Que convences cá mirada - el*

- *Se ti o dis - eu, sen crelo, porque se fose certo non estaríamos precisamente na cociña naquel momento*

- *Cando dis a verdade si - el*

- *Pois debe ser moi poucas veces, logo - eu*

- *Non, tampouco creo que sexa así - el*

- *¿Daquela como é? porque non teño o mundo ós meus pés, precisamente - eu*

- *Eu creo que ti non queres aproveitarte deso - el*

- *¿Ai non? - eu*

- *Non, por eso fas que todo o que dis pareza que o dis de coña - el - no fondo tes medo do que pasa cando a xente che fai caso, por eso non loitas por nada, non discutes, non te enfrentas; por eso non es avogada, tes medo*

- *Se volves con eso marchó - eu*

- *Non podes pechei con chave - el*

- *Pola fiestra - eu, tranquila*

- *Está moi alto e o canalón non pode contigo - el*

leire e compañía

- *Ou sexa, que me vas da-la paliza, se non é có da conservación dos recursos é có ben que sabes ti como son eu*

- *Non sei como es Leire - ese Leire espetouseme na alma, el, mirándome - sei o que che pasa, seiño porque a mi tamén me pasa*

- *Claro que si, pero a ti có sorriso - eu - mira ti porque era que non sorría o neno*

- *Xa o estás facendo outra vez - el, sorrindo, sorrindo abertamente, o cabrón tiña razón e o peor era que eu tamén, tiña un sorriso irresistible*

Dou media volta e metiuse de cheo na preparación da ensalada, eu contrólábao, non só polo vicio, se non porque os tíos son uns porcós e facendo unha ensalada esa virtude pode alcanzar magnitudes incalculables, non che me apetecía moito o dos ingredientes sorpresa. El non volveu decir nada, agás que xa case estaba, non sei o tempo que pasou sen que ningún falase, pero tampouco me importou moito, case o prefería, estaba a gusto sen máis, el tamén parecía tranquilo, relaxado non, xa sería un exceso pola súa parte.

- *¿Queres que vaíamos para o comedor? - el, quebrando o silencio*

- *Non, xa podemos comer aquí - eu, como nós deso non tiñamos*

- *Como queiras, non me custa nada leva-la comida para alí - el, de maruja*

- *Non, gústame escoita-lo ruído dos patios - eu - así ceamos todos xuntos*

- *Si, vinte o outro día - el*

- *Ten gracia escoitar que di cada familia cando cea - eu - ó final*

- *Ó final todas son iguais - el*

- *Si, no fondo si - eu*

Puxo a mesa, non sei se pretendía que lle axudase, eu desde logo e como ía de invitada non movín un dedo, estaba alí sentada observándoo; era unha sensación estraña, coma se coñecese ó meu actor favorito e descubriuse que era real, unha persoa vamos. Ó final Elvi tiña razón, aínda me gustaba, pero o mamón este só era listo para o que lle conviña porque mantiña as distancias todo o que podía; tamén cabía a posibilidade de que non lle gustase, pero nin me ía molestar en considerala. Serviu o peixe e dixo que botara a ensalada ó meu gusto, eu sempre a tomo ó final, porque a ensalada é o mellor remate para calquera comida, por moito que digan todos que ten que ir ó comenzo. Despois non falamos nada, eu comía, el comía. A fiestra aberta deixaba entrar ós veciños. Estivo ben, non era un silencio incómodo, en absoluto.

- Está moi rico - dixeran ó remata-lo peixe - realmente bo

- Gracias - dixo sorrindo, desconcertándose

- A ver que tal está a ensalada - eu

- ¿Traioche o sal ou

- Non, non creo que faga falta - eu - calcúlame moi ben o gusto - Deus que distinto soou do que quería decir

Baixou a vista, non dixo nada. Eu non sabía como amañalo, en realidade non quería decir máis ca que acertara moi ben có que me gustaba e soou a insinuación faltona. Non dixeran máis nada, non a fose fastidiar de todo. Esperou uns minutos despois de que rematara para recoller todo, el xa había tempo que estaba papando moscas, admito que son bastante lenta comendo, pero todos din que é moi bo para a dixestión.

- ¿Axúdoche? - eu, erguéndome da mesa

- ¿A que? - el, estrañado

leire e compañía

- *A recoller - eu, ¿a que se non?*

- *Non, xa recollo eu, fregar xa fregarei mañán - el*

- *Como queiras - eu - entre os dous rematamos axiña*

- *Non, a verdade é que non me apetece moito poñerme agora con esto - el - ¿que vas facer mañán?*

- *Irei á praia, se non cambia o tempo - eu*

- *Non, non vai cambiar polo de agora - el, serio - bueno, pois daquela xa nos vemos mañán - sinalando a porta, vaia corte seco*

- *Si - eu, saíndo, tratándo que non se me notase o cortada que quedara - a cea estaba deliciosa*

- *Xa - el*

- *En serio, moi rica - eu, torcendo a cabeza cara el, que viña detrás de min*

- *Si, xa sei que o dis en serio - el, que debía ter un master en seriedade*

Pasou diante e abríume a porta, ó final non a tiña pechada con chave nin nada; fixo un xesto reverencial e invitoume a marchar

- *Gracias pola cea - eu, cruzando o umbral*

- *De nada - el*

- *Chao - eu*

- *Ata mañán - el*

leire e compañía

E o tío queda plantado na porta mirándome, vendo como saco as chaves, como abro a porta, sentía a súa mirada seria na caluga; abrí a porta con certa torpeza e entrei, ó pechar el seguía alí, apoiado no marco

- *¿Seica te queres asegurar de que non marcho de carallada? - eu*

- *Non, só me quero asegurar de que chegas san e salva á casa - el*

- *Pero home, todo o mundo sabe que os mounstros están no armario non no ascensor - eu*

- *¿Que? - el*

- *Nada, nada, cousas miñas - eu - durme ben*

- *O mesmo digo - el*

Pechei a porta, a súa aínda tardou un pouco. Estaba cansa, fun ó baño como puiden e despois tireime na cama. Vaía maneira de botarme, tampouco esperaba que se me tirase enriba nin moito menos, sendo el quen era certo tipo de ideas só podían ser fantasía; pero eso tampouco. No escaso tempo que estiven desperta deille voltas ó porque da súa invitación, xa quería que fose cear o outro día e ó final bótame. Ben sei que non resulto moi glamurosa cun coitelo e un tenedor nas mans, non creo que ninguén o sexa; non, se é o que digo sempre, non merece a pena complicarse por un tío. Lección aprendida Leire, mante-las distancias ben mantidas có veciño, non está o suficientemente bo para permitir que me faga sentir así, ningún o está. Quedei durmida, pola mañán espertei có sol dándome na cara, esquencera baixa-la persiana e o branco da cortina multiplicaba a luz. Espertei nova e fun directa á ducha, a prepararme para ir ó tostadeiro. Embadurneime en protección total e saín toda decidida cara a praia. Se vou soa cánsome axiña de estar deitada así que paso todo o tempo dun lado para o outro andando pola beira da auga, cando me cansei pegueime un chapuzón e fun para a toalla. Ou eso pensaba eu

- *Concéntrate Leire - falando conmigo mesma - deixáchela aquí, entre as dúas papeleiras, coma sempre*

leire e compañía

Pero a toalla non estaba, nin a bolsa; tamén era ben raro que ma roubasen porque aínda non era temporada alta, e ademáis quen ía querer unha toalla vella e unha bolsa, Deus as chaves do piso, ben pouco me durou se aínda non rematara de instalarme e xa mo rouban, e o peor era que na casa tiña as chaves do coche de Ana; pero o peor, peor era que me levasen a roupa, porque non era que o vestido fose moi longo, nin moi decente, pero a ir en bikini pola rúa aínda non me atrevía. Veña a dar voltas, sen que se notase moito, veña a revisar toda-las toallas non fose que dera por poñerme noutro sitio e eu alí facendo o ridículo, pero nada

- ¡Leire! - Oscar, detrás de min - un simple corte de pelo e xa non recoñeces ó teu irmán

- Serás cabrón - eu, toda alterada - moi gracioso, home, moi gracioso

- Veña, ho - Oscar - unha bromiña de benvida, tampouco é para tanto

- Ai non será - eu - ¿como che dou por corta-lo pelo?

- Quédame fatal ¿verdade? - el - é que o tiña todo reseco e, a todo esto, vistete que temos que ir ó hospital - dándome a bolsa

- ¿O hospital? - eu - ¿que pasou?

- Tranquila, nada grave - el - teu padriño, que pensa que ten vinte anos e subiu a unha viga da casa vella

- ¿Caiu? - eu, asustada

- Caiu, pero dun metro de altura, que a viga estaba no faiado - el - que non foi nada, pero de noite comezoulle a doe-lo ombreiro e ingresárono, disque o ten dislocado; chamáronnos pola mañá cedo, Margot non quería porque tampouco era para tanto, pero teu padriño debiu ve-la súa hora moi preto que dis que non fai máis cá preguntar por ti

leire e compañía

- *¿Seguro que non lle pasou nada?* - eu

- *Muller, non sei, pero Margot estíbbase cachondeando del, supoño que se fora serio non o faría* - el

- *Digo eu - eu, a lóxica de meu irmán era aplastante* - dame a bolsa

Vestínme, puxen as chanclas e marchamos.

- *Menos mal que me dou por baixa-lo coche* - Oscar - *Pedro díxome que tiñas ti o de Ana, pensamos que o trouxeras*

- *Non, nin se me ocorreu, de feito non me lembrei del ata que notei que me faltaba a bolsa* - eu

- *¿Para que trouxeche-las chaves?* - Oscar

- *Non as trouxen, deixeiñas no piso* - eu

- *É certo, agora vives soa* - Oscar, *insinuando que debía levar unha vida moi interesante* - *¿que tal?*

- *Esta foi a primeira noite* - eu

- *Si, xa me dixó mamá* - el - *¿e eso de ter a Bruno de veciño?*

- *¿Como o sabes?* - eu, *alucinando*

- *Dixóme Ana, como pasamos dúas horas chamándote por teléfono, supuxemos que non era que durmises senón que non estabas; así que o chamei para ver se sabía a onde foras, como dis que agora sodes íntimos, onte ceáchedes xuntos ¿non?* - el, *picándome*

- *¿Dixocho?* - eu, *será cotorra*

leire e compañía

- *Tampouco mo dixo así, escapóuselle - meu irmán, disimulando - que llo dixeras onte a noite e tal*

- *Xa, tamén che diría que me botou - eu*

- *¿Que dis que? - Oscar, partíndose - ¿como te ía botar?*

- *Non creas que lle custou moito - eu - tan pronto como acabamos de cear, vai o tío e preguntame que vou facer hoxe e que xa nos veríamos*

- *Veña - Oscar, que non o cría*

- *Si, tío - eu - quedei fría*

- *Vaía por Deus - el - pois non foi esa a impresión que me dou, o tío estaba moi contento, pensei que xa vos enrollárades*

- *Eso era o que tiña pensado facer en canto suxeriu que fose cear á súa casa - eu, meu irmán que se partía - ou non sei, un revolcón ou algo*

- *Non creas, para el igual xa foi un subidón o da cea - Oscar - se non cambiou*

- *Si, home si - eu - agora é un neníño cándido e inocente...*

- *Pois non lle debe andar lonxe - el*

- *Pero se tiña moza - eu*

- *Tivo - Oscar - pero despois deso, nada de nada, que cho digo eu*

- *Non sabía que fôsedes tan bos amigos - eu*

- *Non fai falta, aí cousas*

leire e compañía

- *Que saberás ti, que non vaia largando como fas ti, no quere decir que sexa casto e puro - eu*

- *Non quererá - meu irmán facendo que sabía do que falaba*

- *Ó mellor é chapero e ten que se reservar para as clientas - eu*

- *Eu pagaba por velo - Oscar, que aínda é máis malo cá min - ¿imaxínalo insinuándoselle ás clientas?*

A min doume a risa, é que me veu a imaxe del contoneándose sensualmente coma as prostitutas das pelis, el, tan serio, tan planchado

- *Si, e seguro que a única condición que poñía era que non ensinaba os brazos - eu*
Meu irmán escojonándose

- *Imaxinas unha clienta en pleno éxtase que lle arrinca os botóns da camisa e el berrando coma un tolo, non, eso non, eso non...*

- *Pásaste - Oscar, partíndose*

- *Comezaches ti, non me veñas agora con esas - eu*

- *Daquela sigue coma sempre, cós seus pantalonciños de marca e as súas camiñas*

- *Oscar*

- *Corre polas mañáns e vai en pantalón curto - eu*

- *¿E logo de que te queixas? xa lle viche-las pernas, poucos hai que o poidan decir sen mentir - Oscar - ¿así que che sigue gustando, eh?*

- *Non, non me sigue gustando porque non me gustou nunca - eu, que llo vou decir a el*
- ah, e por certo que lle tes que contar ti de min ó tipo ese

leire e compañía

- ¿Eu? - facéndose o inocente - nada

- ¿Non? - eu, poñéndolle as pilas - xa me dixo Oscar, teu irmán di

- Como pensaba que che gustaba eu ía tirando para a casa - Oscar, partíndose

- Fíxechelo para cabrearme, como sabes que non me gusta que se metan na miña vida - eu

- Xa imaxino as miradiñas asasinadas que lle lanzaches, pobre - Oscar - é bo tío, en serio

- E tan serio - eu

- Que mala es, carallo - Oscar - sempre está para o que sexa

- Eso depende - eu

- É moi reservado, non lle gusta moito a xente, que lle vas facer - Oscar

- Nada, polo visto - eu, na miña onda

- Pero, a ver Leire, como pretendías que se enrollase contigo, se case non vos coñecedes - Oscar

- O que hai que oír - eu - se ti non sabes nin o nome da metade das tías cás que te enrollas

- Xa pero el tenche moi boa memoria - Oscar, que me daba a razón - ademais non creo que te botase da maneira que contas

- Tío, comezou a recolle-la mesa e eu ofrecínme a axudarlle, el díxome que xa o facía el e que xa fregaría hoxe que naquel momento non lle apetecía - eu, mirando a meu

leire e compañía

irmán - aí eu supuxen que me ía invitar a ver unha peli no sofá, ou escusa similar e vai o tío dime que xa nos veríamos, cunha man na porta

- Pagaba por velo - Oscar - pagaba por verte disimular

- Non se me notou nada, eu toda natural, coma se eso fose o que esperaba - eu

- ¿E invitoute así sen máis? - Oscar

- Home tampouco me subín a parra sen máis, des que me viu no piso non facíamos máis que coincidir, parecía que me tiña vixiada e

- É certo que xa o viras antes, díxome Ana - Oscar - el vive noutra dimensión, non lle fagas moito caso, se te invitou a cear era porque quería cear contigo, se non xa te podía ver morrendo de fame na rúa que nin as migallas che daba

- Ai, Oscar, non vexas que corte - eu, partíndome

- A sabe-las que lle dixeches, porque ti tamén es boa - Oscar

- Porteime ben, na cea porteime ben, de veras - eu, el que non o cría - é un pouco insufrible, bueno non

- Eche raro e nada máis - Oscar, sentenciando - de cando fomos compañeiros el sabe toda a miña vida e eu del sei o nome e pouco máis

- ¿Mete medo, verdade? - eu - ás veces adiviña as túas reaccións

- Mágoa non sexan as intencións ¿eh, Leire? - Oscar, sacándolle punta

Chegamos, meu irmán controlaba a situación, eu nunca entrara no Hospital, pero como el xa pasou máis dunha borracheira na sala de urxencias era o xefe. Subimos, na habitación estaba Margot e unha enfermeira que lle estaba cambiando a vendaxe.

leire e compañía

- Non foi nada - di Margot tan pronto nos viu - pero este arma cada escándalo, xa sabes como son - falando connigo - moi bravos, moi bravos e despois unha rabuñadura e xa ves. Case o mato - sorrindo - eu estaba na lareira e escoito un golpe e este que se pon a berrar, mira, non sei que pensei, non o sei porque se pensara algo xa sabía que se berraba era que non morrera - ela, có seu acendo doce - é que

- Padriño - eu, cara el - tanto corpo e tan pouco aguante

- Si, vos rídevos, rídevos, pero mirade como estou - cá enfermeira - dígallo, dígallo, que é moi fácil rirse

- Non é nada - a enfermeira - ten que estar na cama uns días ata que cure e listo para outra

- Aínda che imos ter que enmoqueta-lo faiado con colchóns - Oscar

- Toleádesme - meu padriño - aínda é peor aguantarvos a vós que á miña lesión

- Ai, lesión - eu, con recochineo - coma os futbolistas

- Ti mira como me trata - con Margot - se o sei non digo nada, xa non me ves ver nunca e cando ves

- Parece-la bisavoa - eu

- Esa non cha perdo - meu padriño, rindo - en canto a enfermeira acabe vas ver

- A ver, en serio, ¿que tal estás? do ombreiro, porque xa vexo que de lingua ben - eu

- Hummm - meu padriño, mirándome mal - ¡cría corvos!

- Veña, ho - Margot - se babeas pola nena

leire e compañía

- *E eu polo padriño - eu - non creas, pero se lle damos mimos vai quedar aí queixándose toda a vida*

- *Nin que non tivese motivos - meu padriño esaxerando - ven aquí, o que che quería decir é que perdín a chave*

- *¿A chave? - eu, mirando a Margot - ¿a da casa? - sen entender*

- *Non - meu padriño, intentando explicarse sen falar, facendo xestos - non Botou a man ó pescozo e caín da burra, a chave da miña caixa*

- *Non sei onde, non o sei, Margot di que foi no faiado pero eu traíaa, traíaa - mirando para a enfermeira*

- *Xa lle dixen que non traía cadea ningunha - a enfermeira - que non, que se a trouxera non lla íamos quitar, que non facía falta, ademáis non quedamos con nada dos pacientes, xa llo dixen*

- *Está histérico - Margot - e non acouga e non da cicatrizado, é que esperta de súpeto dando un bote, e ten que estar quieto e non está; non sei que facer*

- *Bueno, padriño - eu - non pasa nada, eu gardo a caixa ata que apareza, non te preocupes*

- *¿E se non aparece? - meu padriño, eu que xa comezaba a crer que había platino na caixa famosa - xa cha tiña que ter dado, non sei porque pero aínda e-la miña pequena, se a tiveras ti non se había perder, ¿e agora? - afectadísimo, xa sempre quixen saber o que había na caixa pero este desacougo do padriño emocionábame*

- *Tranquílcese - a enfermeira - non fale tanto - nun ton extraño - tranquilícese*

- *¿Cando che dan a alta? - eu*

- *Mañá - meu padriño*

leire e compañía

- *Bueno, pois mañá vou contigo á aldea e Margot e máis eu revisamos todo, ó milímetro, xa sabes como son eu, ¿vale?*

- *¿E se non esta? - meu padriño*

- *Xa verás como sí, e se non xa buscaremos outra forma de abri-la - eu*

- *¿Forzala? - meu padriño, vaia dramón estaba montando - imposible, eso non é posible, non se pode forzar, non se pode*

- *Veña*

Estivemos algo así coma dúas horas tranquilizándoo, veu o doutor, volveulle preguntar pola cadea; o doutor tamén o tranquilizou, Margot foi dar unha volta para toma-lo aire e relaxarse un pouco; meu padriño, có tranquilo que el era estaba fora de sí, igual era polos medicamentos, ou que nunca estivera enfermo. Despois fomos cambiando de tema, rímonos un pouco do corte de pelo de Oscar, do meu veciño, do piso, dalgún mozo meu, dalgunha moza de Oscar, Margot contounos esas cousas que contaba ela sempre tan interesantes; e aínda que por veces se lle notaba o desacougo foise tranquilizando e quedou durmido. Margot díxonos que non facía falta que quedásenos, que xa chegaba con que se sacrificase ela. Nunca me pareceu tan acertada a expresión de "non somos nada" coma naquel momento, un xigante abatido. Pobre, o que lle quedaba, en canto curase íamonos partir á súa conta.

- *Como está - Oscar - está moi mal*

- *Déixao - eu - é a primeira vez que o vexo queixarse por algo, mira que lle afectou o da chave*

- *Sí, ho - Oscar - creo que máis que o do ombreiro*

- *Para min que lla quitou a enfermeira - eu*

leire e compañía

- *¿Que é? ¿contaxioso?* - Oscar, serio

- *Noteille algo raro* - eu

- *Si, claro* - Oscar - *¿e para que ía quere-la pobre muller unha chave de xoguete?*

- *Eu que sei* - eu, *algo de razón si que tiña* - tes que

- *Xa o sei* - Oscar

- *É certo que lle dixen ós padriños onde estaba* - eu

- *Xa sabía onde era* - Oscar - *se é no mesmo edificio que o de Bruno, xa sei cal é, xa estiven alí algunha vez*

- *¿Si?* - eu

- *Leva moitos anos vivindo alí, des que rompiu cá moza* - Oscar - *só, e das veces que fun non foi para unha festa* - *toma aire* - *non sei se me quedará algunha cuestión sen responder*

- *Non, meu rei, fíxechelo moi ben* - eu, *dándolle unha palmadiña na cabeza* - *moi ben*

- *¿O teu é como o del?* - Oscar

- *Non é algo máis pequeno, pero máis bonito* - eu

- *Muller, claro* - Oscar, *vacilando*

Subimos, ensineille o piso e meu irmán emperrouse en que tiña que saudar ó seu, de repente, amigo da alma, xa que se molestara en decirlle onde atoparme; claquera historia valía para poñerme en ridículo. Eu deixeiño, aproveitei e funlle devolve-lo coche á miña cuñada, porque xa ía sendo hora. Leveillo á peluquería, xa se deran desfeito da pija, pero un venres pola tarde sempre están a tope así que non

leire e compañía

parei moito. Volvín a modo, dándolle tempo ó reencontro, para evitalo máis que nada; meu irmán pasábao moi ben poñéndome en evidencia e con Bruno non me apetecía nada o tema. Non vin o coche de meu irmán onde o deixáramos, có que supuxen que foran tomar algo, ben. Subín toda confiada e aínda que escoitei voces familiares ó abri-la porta preferín pensar que eran os veciños e entrei toda ancha. As voces soaban demasiado preto e demasiado familiares para ser dos veciños. Mátoo.

- ¿Que facedes aí? - eu, có nervio cambiado - pensei que marcharas, o teu coche non está abaixo - e sen dar tempo - e ti - cara Bruno, que estaba sentado no mármore, na miña cociña - baixa de aí, se non che son cómodas as sillas estate de pe

- Ei, fiera - Oscar - ¿a que ven esto? xa che dixen que ía saudar a Bruno

- Exactamente, que o ías saudar - eu - non traelo aquí

Bruno baixou da cociña máis serio ca nunca, mirando ó meu irmán sen saber moi ben que facer

- E fun, pero en canto me enterei de que non lle ensinara-lo teu piso ó teu queridísimo veciño - mirando a Bruno - porque agora moito disimula, pero fala maravillas de ti, pois díxenme, seguro que non o fixo por que lle da vergoña non telo amoblado de todo, éche así - falando con Bruno - e decidín poñerlle remedio

- Xa está amoblado de todo - eu - a min chégame así

- Está ben - Bruno - así é máis espacioso - con certa sorna

- Pois si - eu, facendo que ma suaban os seus comentarios

- Tenche un toque minimalista - Oscar

- Si, si - Bruno - a sinxeleza elevada á máxima potencia - case sorrindo

- Fóra - eu - vaia par de petardas, fóra

leire e compañía

- *Ai non te enfades - Oscar - non fai falta que me botes, xa terás tempo dabondo para estar a soas con Bruno*

- *¿Onde está o teu coche? - eu*

- *Sí, que cho vou decir, para que lle vaias redecora-la chapa - Oscar*

- *¿Onde está? - eu, a Bruno*

Bruno mirou a Oscar e case estaba a punto de responder

- *E el que sabe onde teño eu o meu coche - Oscar - ¿que nos vas facer de comer?*

- *Onte inviteite eu a cear - Bruno seguindo unha coña por segunda vez, é humano - hoxe terás que invitar ti a comer*

- *¿Terei? - eu - que eu saiba eu a ti non te obriguei a invitarme*

- *Seguro - Oscar - ¿a que che poñía cariña de pena? - eu que o miro mal - que si que mo dixo, que te sentabas aí onde estaba el e que te poñías a mirar para as cocinas dos veciños*

- *A ver se caía algo - Bruno*

- *Se me dis onde ten este o coche invítote a comer - eu, se non podes con eles*

- *¿De verdade? - Bruno, eu diría que insinuándose, pero xa era ser moi optimista de máis*

- *Sí - eu*

- *Pero non cho vai decir - Oscar, agora era el o alterado*

- *¿Que lle fixo? - eu, mirando a Bruno, que case sorría*

leire e compañía

- *Nada, que lle ía facer* - Oscar, alterado

- *¿Eh, Bruno?* - eu, que si que me insinuaba - *¿vasmo decir?* - suxerente

- *Non, non cho vai decir* - Oscar, Bruno sorría

- *¿Levoullo o gindastre?* - eu, mirando a Bruno

- *Non* - Oscar

- *Así que llo volviu a levar o gindastre* - eu, tratando de non rir, suxerente

- *Non* - Oscar

Bruno sorría, a min poñíame mala

- *Baixei cambialo de sitio, nada máis* - Oscar

- *Daquela non che importa levarme á casa ¿verdade?* - eu - *é que tiña que traer unhas cousas*

- *Vale, vale, xa , tes razón* - Oscar, Bruno partíase - *levoumo a grua, ¿contenta? tiñas razón, tiña que paga-la ora, ¿vale? ¿contenta?*

- *¿Ai, tiñas que pagar?* - eu, vencedora

- *Sí, si... ¿e que nos vas facer de comer?* - Oscar, cortando

- *Nada* - eu - *por suposto que nada, a ti non che fago de comer nin de coña e este non me dixo o que quería, así que vía, andando, cada un para a súa casa, é decir, fóra da miña xa*

leire e compañía

- Non lle fagas caso - Oscar a Bruno - tranquila que nós non che imos rouba-la caixa do tesouro

- ¿Ten un cofre do tesouro? - Bruno

- É unha caixa, máis ben, pero aínda che é grande - Oscar, abrindo os brazos para tomar medidas - ¿onde a tes agachada? estívena buscando para ensinarlla a Bruno e non dei con ela

- ¿Que fíxeches que? - eu, que me reventaba que andivesen nas miñas cousas

- Era broma - Oscar - está moi alterada, o seu padriño meteulle a paranoia na cabeza e agora anda obsesionada con que a enfermeira lle quere roubala caixa - explicándolle a Bruno - total non creo que teña moita cousa

- Non será moita cousa para ti, insensible - eu - pero para min si que o é

- ¿E ti que sabes o que ten? - Oscar - non farías aquilo do escáner - fínxindo que se escandalizaba

- Bo - eu - non, como o ía facer, pero estou segura de que vai ser algo importante

- Quen sabe, igual metiu algo que daquela non tiña importancia - Bruno - e agora é de coleccionista ¿canto hai que cha dou? ¿trinta anos?

Mireino mal

- Non douma cando tiña uns tres ou catro anos, non o lembro moi ben, miña nai escribiulle a data nun lado pero case está borrada - eu, que el ben sabía que era máis nova cá el

- O que faltaba, que lle deixase algo de coleccionista, a nena xa ten acaparado-los discos de Rosa e está traballando a miña nai para que lle deixe o vhs mai-las cintas - Bruno

leire e compañía

- *¿Tedes un vídeo? - Bruno*

- *Teno miña nai - eu - pero non nolo deixa nin tocar*

- *¿Funciona? - Bruno*

- *Si, e ás veces, cando a pillamos de boas ata nos pon algunha peli - Oscar - e esta xa lle está chorando que o quere de herdanza*

- *Un momento - eu, aclarando - non digo eso exactamente, digo que mo deixen de única herdanza, joder tío, quedache o piso para ti*

- *¿E para que quero eu un piso có que viaxo? - Oscar*

- *¿E para que queres un vídeo có que viaxas? - Bruno, eu alucinada - non é que me importe pero é un aparato bastante delicado*

Meu irmán quedou cortado, non esperaba, nin eu tampouco porque non decilo, aquela intervención

- *Non o quere - eu - en realidade só o fai para facerme rabear, ademáis esto de tratala herdanza cós pais tan novos da arrepíos, eu xa teño asumido que nunca o vou disfrutar, quitando as pequenas doses que nos da miña nai*

- *Nunca vin un, funcionando quero decir - Bruno - ¿como se ve?*

- *A imaxe moi plana, o son moi plano e non ten opcións - Oscar*

- *¿Así que é certo que so a queres facer rabear? - Bruno*

- *É que se pon coma tola - Oscar, baixando a voz - pero aínda é peor có de Leiriña*

- *Xa, non mo digas - Bruno - o outro día case me arrea*

leire e compañía

- *Xa marchábadades ¿non? - eu, indo cara a porta - fóra*

- *¿Non lle vas ensina-la caixa? - Oscar, tratando de evita-la expulsión*

- *Non - eu*

- *¿Non nos vas dar de comer? - Oscar, case apalancado na porta*

- *Non - eu*

- *Nada, tío - Oscar a Bruno, que saía despois del - non lle hai que facer*

Dame un bico e, por fin, marcha; Bruno imitando ó meu irmán tamén me da un bico e e dei gracias por estar agarrada á porta. Non foi nada erótico, nin suxerente, tan só unha simple imitación do que fixera meu irmán, supoño que para seguir có xogo de meterse conmigo. Achegóuseme rápida e sistematicamente, plantoume un bico na meixela e marchou falar con meu irmán; eu ben lle vin a cara de sorpresa e como trataba de cambiala cando Bruno foi cara el. Quedaron un anaco diante da porta do ascensor, eu pechei a porta e fun á miña habitación a dar saltos de alegría... ou non, mira que se me quería coma a unha irmá pequena, que desfeita. Soou no portátil a sinal de mensaxe, vou ver, era de Oscar; xa me tardaba, "se o chego a saber douche un morreo", fíxome gracia e debo confesar que me pareceu moi boa idea, sobre todo pensando na recompensa; pero despois imaxinándome dándome o lote con meu irmán resultoume un pouco repulsivo, que digo, bastante. Un flash na pantalla, outra mensaxe, Oscar de novo "síntoo por ti, bonita, pero nin tolo". Nótase que el tamén o pensou.

Sentada diante do ordenador comecei có ritual que tantas veces comezara. Deille ó buscador, pinchei na sección de emprego, era aí onde paraba normalmente, non agora, deixei o meu currículo en canto enderezo vin, non deixei que o fracaso aparecese para frearme, daba igual que non me respondese ninguén, daba igual que non me chamase ninguén, nin que conseguise un novo e mellor emprego, daba igual, o caso era supera-la barreira da sensación de fracaso. Así que rematei de superarme baixeí dar unha volta e comer algo, é que non tiña moitas ganas de facer,

estaba de vacacións, pois a vivir coma se fose turista, sen pasta, pero pasear era gratis e un bocata pouco máis custaba. Paseei o que me dou a gana, cando me cansei fun pola casa da familia, xa non me parecía ben deci-la miña casa, porque eu xa tiña unha, a miña propia casa, fun quedar cá avoa para i-lo sábado á aldea; ela tratou de convencerme para que durmisse alí, non o conseguíu, e quedamos en que pasaba a recollerme cedo, a eso das nove, un sábado e por enriba de vacacións, jinmorall, pero que lle imos facer, quen ten os medios manda. Baixei andando, porque me gustaba pasear e por roñería pura, tiña que aforrar. Esperaba non ter que pasar toda a fin de semana na aldea, tamén esperaba que a chave aparecese no faiado como decía Margot, porque se non a meu padriño dáballe algo, eu presentía que non me enganara cá enfermera aquela, pero Oscar tamén tiña razón, para que ía querer ela unha chave de xoguete. Seguramente haberá por aí centos coma ela, pensei; e ó fio deste veume á cabeza buscar algunha por se lle daba un telele ó meu padriño colocarlla no sitio; no fondo daba igual que abrise a caixa ou non, seguro que ma daba a min para que a abrise a soas, e se a chave non funcionaba pasaría ó plan b, forza-la pechadura; decir que se me pasara un cento de veces pola cabeza e non sei que principio moral ben agachado conseguíu impedirmo. Despois razoando decidín non facelo, non tiña a cadea, nin sequera lembraba como era pese a que a levaba vendo toda a vida; ademáis non me agradaba a idea de enganar ó padriño e moito menos que me descubrise, que seguro que o facía, sempre ía catro pasos por diante de min.

Porque é miña avoa se non matábaa de vez, ¿non me veu chamar ás oito da mañá?; eu ben escoitei o timbre da primeira vez, erguinme pensando que era máis tarde, de camiño á porta mirei para o reloxo, e volvíu mirar, abríu ben os ollos. Para matala, a punto estiven de volver para a cama e deixala alí có dedo pegado no timbre pero coñecéndoa botaba toda a mañán, queimaba o timbre e despois aínda era peor. Díxenlle que baixaba, non a invítei a subir, porque se por enriba do madrugón, en sábado, teño que aguantala pasando revista, toleo. Obviamente durmín todo o camiño á aldea, case automaticamente espertei un par de quilómetros antes, tempo dabondo para despexarme, é que a mato, ás oito da mañá, xa sei a quen saíu miña irmá. Meu padriño durmía, como tiña que ser; Margot xa se erguera, a chimenea da casa vella botaba fume. Miña bisavoa tamén se erguera, a chimenea da casa nova botaba fume. Fóra facía un día increíble, o ceo azul, o sol que comezaba a derrete-la

leire e compañía

xeada, porque na aldea aínda xeaba. O can comezou a ladrar, reafirmando a miña teoría de que só lle ladra á xente que coñece, á súa maneira ten razón, porque para que vai saudar a que non coñece, é tímido o rapás. Saudei á bisavoa e fun a que Margot me dese algo de almorzar, porque miña bisavoa só entendía de mandarme recolle-la leña, darlle de comer ás galiñas ou similares. Margot, xa me tiña preparada a cunca de leite, escoitara o coche.

- Cando escoitei o coche pensei que non viñeras - Margot - vaia madrugón

- ¿Que non? ti se ves que a media tarde desaparezo non digas nada, vou ir durmi-la siesta - eu - é que so podía vir cá avoa, Oscar, o listo, vai vir pola tarde, é decir, seguro que mañá

- Igual non, está moi familiar des que veu - Margot - teu padriño durme

- Xa o imaxinaba, se non andaría remexendo por aí - eu - ¿que tal está?

- Máis tranquilo, do ombreiro recupérase ben, tampouco é que fose moito golpe pero cando chegamos a unha idade hai que cuidarse - Margot

- Que dúbida teredes vós - eu - pero a culpa foi del, que tiña que andar nas vigas, a bisavoa xa quitou todo cando cambiou de casa

- Leire, mira que es - Margot, sorrindo - o pobre por enriba do golpe sen un can

- Calaredes - meu padriño - non respectades nada

- ¡Vaia, ho!, eu pensaba que a taza era para min - eu

- E é - Margot - porque teu padriño non está aí, está descansando na cama que é onde lle mandou o médico estar - nun ton ameazante

- Esta miña muller - dándolle un bico - moito se preocupa

leire e compañía

- Eso dílo hoxe - eu - porque se te vises onte, aí, aí, aí - eu que sigo - así e todo moito me decepcionaches, eu que te tiña por un cachiman

- Leire - meu padriño, dándome un bico - eu non che tiveren a mesma sorte cá ti, non tiveren un padriño que me puxese un nome tan curtidor coma o teu, e ó final eso pasa factura

- Bueno sube, que che levo o almorzo - Margot

- Agora que baixei xa almorzo aquí - el

- Mira - Margot, sarxento - súbeme para arriba agora mesmo, non te quero aturar todo o vran queixándote

- Debo ser ben malo de aguantar - meu padriño, facéndolle cariños a Margot

- Non, non es nada malo de aguantar - Margot arrepentida

- Menos cando se che fala das chaves - eu, Margot que me asasina cá mirada

- ¡A chave! - meu padriño, volta ó histerismo - en canto remates poste a buscala, se fai falla vou eu tamén

- Ei, ei - eu - que teño unha vista perfecta, ben podo soa, hei peina-la aldea - coma nas pelis

- Pero - meu padriño

- Pero nada - Margot - ti á cama que Leire ben sabe o que ten que facer

Meu padriño resistíase, quen me mandaría falar có tranquilo que estaba, non me estraña que Margot me mirase mal, era ela a que o tiña que aturar; pero que se lle vai facer, para unha vez que daba a lata o pobre. Eu so esperaba, con toda-las miñas forzas, que a chave estivera no faiado. Tan pronto como rematei cás sopas

subín. Dei unha e mil voltas, subín a toda-las vigas, non sei moi ben para que, non creo que a cadea rebotase e subise a unha delas, pero por comprobalo tampouco pasaba nada. Mirei entre as rendixas da madeira do chan, a carón das tellas, mirei todo unha e mil veces, nada, non a atopei. Cando me cansei, baixei e fixen o camiño cara o coche, remirei e remirei o chan, soltei o can para que me acompañase, porque se a chega a atopar có pardillo que é créame un complexo de inferioridade criminal. Imposible, tiña que ter razón el e levala posta, ou xa desaparecera, algún paxaro, ou o elemento ladrador, se fose el polo menos saberíamos que tarde ou cedo o devolvería, claro que a ver quen lle controla as secrecións para comprobalo; estiven por decírllo ó padriño para telo entretido, pero xa o vía dándolle laxante ó cadelo, pobre, que culpa tería el das miñas trapalladas. Pola tarde viñeron meus pais e máis Oscar, ó final Margot tiña razón; bueno a medias porque xa marchaba aquela noite, o que me veu pintado para marchar con el. O día estivo ben, viñeron os veciños, que son parentes lonxanos, e fíxose unha festa ó aire libre, quedamos ata as tantas; os máis vellos contáronnos contos que xa se me facían coñecidos, pero que me gustaban porque mantiñan vivo o espírito da aldea, non sei que historias da Santa Compañía e rolos máis raros cá dios, despois non daba durmido, ía para a cama cagadiña de medo. Non sei como a noite dos contos para non durmir derivou na noite de convencer a Leire para que pasase a súa última semana de vacacións na aldea, ó primeiro seguíalles o fio con sorna, decindo a min nesta non me pillan, pero despois fíxeme facendo máis e máis agradable a historia e sen decatarme dixen que si. Á bis case lle da, que conste que non era esa a miña intención; miña avoa choraba de emoción, meus pais miráronme dun xeito estraño, para min que pensaban que o de vivir un día fóra da casa chegara para redimirme; Oscar partíase, supoño que de imaxinarne alí metida sete días enteiriños. Con todo quedei.

Durmía cá bis por aquilo de deixar ós meus padriños na intimidade, facía un tempo increíble e meu padriño convenciuna para que acomedase cedo ós animais, ás catro galiñas e ó can, e irmos de paseo todo o tempo, con eso de "para unha vez que a nena queda", andivemos por toda-las romarías da comarca, e eu que pensaba que xa non había deso, fomos á praia, á feira e ata andivemos pola Boca da Barra. Despois de todo a bis, cando a sacabas da súa manía de mandarlle traballar ós demáis érase moi enrollada, a Margot xa a coñecía, e meu padriño foi todo un descubrimento, non sei como pero sabía ata o máis mínimo detalle da miña vida,

coma se estivese vivindo connmigo as vintacatro horas do día des que nacín, o de Bruno sabía que lle contara Oscar, pero xa lle valíu contarlle o da cea e o do meu erro de cálculo. Afortunadamente cando se lle acordou o tema da chave estaba máis tranquilo e díxome que na postal do Nadal me había decir que día me deixaba abri-la caixa, de regalo; fíxome prometer que o faría con moito coidado e cá mesma cerimonia que de te-la chave. Claro que llo prometín, aquela caixa xa era parte de min, ata case tiña medo de abrila porque me facía máis ilusión imaxinar o que tiña dentro que, ó mellor, o que tiña de verdade; quen sabe. O que viña recolle-lo leite dos primos de miña nai non estaba nada, pero que nada mal. Marchei o venres, leváronme os meus padriños, xa case me parecía boa idea a de ir vivir á aldea, se non fose porque o meu soldo non me permitía tanto gasto en transporte, e porque acababa de mercar un piso igual o facía. Ensinéille-lo piso, ulía a pechado, tiña a cama sen facer e o cuarto de baño sen airear despois da miña última e acelerada ducha; pero a eles non lles importou o máis mínimo, ata me atrevería a decir que nin se fixaron, gustoulles. Pillei varias veces ó meu padriño mirando pola fiestra da cociña para o piso de Bruno, Margot decatouse e chamoulle a atención moi discretamente

- Ela ben sabe o que lle convén - Margot - non fai falla que veñas ti a darlle a bendición

- Só é o veciño - eu - Oscar bótalle moita imaxinación

- Botará - meu padriño, que non cría nin palabra, o que eu digo, sempre vai catro pasos por diante

Puiden comproba-lo bo que era o frío, porque deixara perecedeiros nel, espabilada que é unha, afortunadamente todo seguía máis ou menos igual, alo menos non moito peor. Deixamos a meu padriño na fiestra, porque non quedaba a gusto sen ve-lo neno, e fomos mirar unhas cousas na rede, Margot contárame que vira un libro que traía moitos daqueles contos que nos relataba de pequenos, eu trataba de localizalo para regalarllo a Oscar polo seu cumpleaños, agora que os outros dous formalizaran só nos tñamos un ó outro. A miña irmá e ó meu irmán non lles dábamos nada des

leire e compañía

que se emparellaran, considerábase que bastante sorte tiñan xa. Nós saímos máis díscolos. Estaba enfrascada na busca, Margot ergueuse e saiu ó corredor

- *Teu padriño toleou - Margot*

- *¿Por? - eu, sen deixar de buscar*

- *Acaba de sair disparado para o salón - Margot, estrañada*

- *Margot, que eu aínda non teño deso - eu*

- *Chámalle como queiras, veña, deixa eso - Margot - imos ver que fai*

- *Ti aínda es peor cá el - eu - estará mirando para a rúa, cansárase de mirar para o patio, é de gustos sinxelos pero tamén lle gusta variar de cando en vez*

- *Es ben mala - Margot - có que el te quere*

- *Sí, si - eu, cun sorriso malévolo - sempre vai falar a máis indicada*

Con todo fomos ve-lo que facía meu padriño, bueno facer non facía nada, estaba plantado diante da ventá observando, eso sí, escudriñando, parecía que estaba analizando a composición do vidro ou o selado da cámara térmica, que sei eu, enfeitizado. Nós, detrás da porta. De súpeto desvía a vista, supuxen que se decatara de que o estábamos observando, pero non, quedou pensativo e despois volviu todo acelerado á cociña, baixou a persiana deixando uns ocos pequenos que deixaban entra-la luz, e alí quedou. Douno-la risa e fomos para o cuarto

- *Toleou de ves - Margot - telo que entender, é a primeira oportunidade que ten de coñecer un home que che guste*

- *Non me gusta - eu*

- *Non, xa - Margot*

leire e compañía

- *Porque vos emperrades todos en decir que me gusta - eu, a ver en que tanto se me notaba, certo era que me gustaba, pero ben traballo empregaba en disimulalo, mira que se todo era inútil*

- *Nena - Margot, colléndome a man - se viras como che brillan os ollos cando escoitalo seu nome*

- *Ti sempre lle botas moita poesía a todo - eu*

- *Non é poesía, é a verdade - Margot*

- *Pois daquela ímo-lo ter que patentar coma o colirio con menos efectos secundarios - eu*

- *E moito - Margot*

- *O de patentalo era coña - eu, sorprendida polo comentario*

- *Non Leire, que che gusta e moito, quería decir - Margot*

- *Pero imos ver, ¿como sabes ti se me gusta moito ou pouco, se nunc Interrompeume o timbre, erguinme e deixei a Margot cá mirada comprensiva de quen sabía que estaba negando algo evidente. Abrín sen mirar, un mal costume que teño*

- *Ola - Bruno, serio, vaia novidade*

- *Ola veciño - eu*

Margot e meu padriño sairon sincronizados ó corredor

- *¿Sabes? ti sempre tes este efecto na miña familia - eu - ¿querías algo ou só viñas saudar?*

leire e compañía

- *Viña saber que coño fas espreitándome detrás da cortina - Bruno*

Miro de reollo ó meu padriño, Margot que se parte

- *Non é cortina que é persiana, e non era eu era meu padriño - digo delatando ó culpable*

- *Ola - meu padriño cunha candidez asombrosa*

- *Ola - Bruno que entra coma na súa casa e exténdelle a man - ¿que tal, son Bruno?*

- *Perdoa eh, eu non - meu padriño escusándose malamente, mentras lle choca os cinco*

- *Nada, non é nada - Bruno sorrindo*

- *Pois para non ser nada ben alterado que viñas - eu, que xa me escamaba tanta empatía*

- *Pensei que eras ti - Bruno*

- *Ah ¿e? - eu - ¿que diferenxia hai?*

- *A diferenxia salta á vista - meu padriño - a Deus gracias ti es un pouco máis guapa ¿non si Bruno?*

- *Dependerá dos gustos - Bruno, mirándome, serio*

- *Dependerá - eu, ofendida*

- *Bueno nós íamos baixar a comer algo antes de marchar ¿queres vir? - Margot a Bruno*

- *Non, non, moitas gracias, teño o xantar a medio facer - Bruno, encantador*

leire e compañía

- *Xa nos dixo Leire que cociñabas moi ben - meu padriño, cun pé no outro barrio*

- *¿Ai si? - Bruno, que me mira mal*

- *Sii - eu - por eso te estaba espiando, resultáballe bastante difícil de crer que un miñaxoia coma ti soubese cociñar*

- *¡Leire! - meu padriño, enfadado*

- *¿Non era por eso, logo? - eu, a inocente - perdoa, pensei que si, é que non se me ocorre outra cousa que che poida interesar do meu veciño - dándolle a entender que non precisaba celestina ningunha*

- *Non te estaba espreitando - meu padriño a Bruno - púxenme cara a fiestra e quedei alí cá mirada perdida*

Margot e máis eu mirámonos perdoándolle a vida

- *Eu non lle fago nin caso - Bruno sinalándome - como xa sei o que lle gusta vacilar á xente non lle creo nada, non te preocupes*

- *Sí, esta Leire ten un sentido do humor moi especial - meu padriño - pero non é mala rapaza, non vaias pensar*

Eu asasínoo cá mirada e Margot ó verme colle ó seu marido para marchar, a despedida foi máis relaxada, fixen que el non estaba

- *Bueno raiña, a ver se nos vemos antes de que marchemos para Bilbao - meu padriño, dándome un bico - se atopa-la chave chámame*

- *Que si, de verdade que hei seguir buscando - eu - non penses máis neso*

leire e compañía

- *Cando se lle mete algo na cabeza - Margot a Bruno - non hai que llo quite, a pobre pasou a semán na aldea rexistrando todo de arriba a baixo buscando un colgante minúsculo*

- *¿Estiveches toda a semán na aldea? - Bruno estrañado*

- *Si ¿non me dirás que non se me nota? traio os pulmós dun revitalizado que como che bote un berro desencéroche os oídos - eu*

- *Trata ben ó veciño - Margot - é así con todo o mundo, non penses que che ten manía nin nada - a Bruno*

- *Ei, que é el o que me ten manía a min - eu, afectada*

- *Se cadra si - meu padriño - bueno, nos imos indo que queríamos mercar unhas cousas*

Mentras Margot se despide de min, meu padriño fai outro tanto con Bruno, a el sorrille o moi cabrón. Eu espero na porta a que eles entren no ascensor para darlles un último bico de despedia, porque os quero moito. Bruno estaba abrindo a súa porta, fixo tempo, digo eu que faría tempo porque éche unha cousa ben fácil de facer. Xa se pecharan as portas do ascensor e eu ía para adentro. El aínda estaba abrindo a súa porta.

- *¿Queres vir comer? - Bruno*

- *Non - eu, sen da-la volta para miralo*

- *Como queiras - el*

Colliu e metiuse dentro. Para que ía ir, para que me botase coma aquela noite. Pensándoo ben si que era mala, pero non podía colgarme por el cando unicamente me gustaba polo morbo de ser todo o oposto ó que me gusta nun home. Nin sequera abrín a persiana por non velo. Quen sabe igual me viña reñir outra vez por mirar para

el. Seguín buscando o libro para meu irmán e cando o merquei, pechei todo e fun dar unha volta. Non me apetecía falar con ninguén, asombrábame a facilidade que tiña para caerlle ben a todo cristo na miña familia, coma sempre eu era a mala e el o partido ideal; que non digo que non fose así pero a ninguén parecía importarlle que el se metese connigo, sen embargo calquera cousa que eu lle decía convertíana nun ataque despiadado.

Facía calor, gústabame pasear cando facía calor, con pouca roupa, comparando có peso que levaba enriba no inverno a min parecíame flotar. Estaba cansa e tendo en conta que era a miña última fin de semana antes de incorporame de novo ó traballo decidín non facer nada en absoluto, algo bastante difícil cando pretendía tamén ter todo ben asentado na miña nova vida independente. Pasei polo súper e merquei todo o que pensaba que ía precisar ata o sábado seguinte. Pensei no menú de toda a semana, tontería por outra parte, porque despois sempre me apetece outra cousa. Cheguei cargada de bolsas. Pasei un par de horas colocando a compra, menos mal que non tiña moita vaixela, nin menaxe, porque todo acababa nas alacenas da cociña, era o único sitio no que tiña estantes para poder deixa-las cousas; todo menos os produtos de hixiene persoal, sinceramente non me apetecía que certas cousas cheirasen a bocadillo de chourizo. Fun durmir sen cear nin nada, só comera algo mentras paseaba, non tiña fame naquel momento, total ía despertar a media noite cá debilidade, sempre me pasaba cando non comía dabondo polo día; pero non tiña ganas de facer e preferín corre-lo risco.

Non foi a fame o que me espertou, abrín os ollos coma se un berro silencioso me fixese reaccionar. O corazón ía a cen, espertara de súpeto, estaba un pouco desorientada, todo en silencio. Todo non, fôra había un ruído de pasos, pensei que Bruno volvía do seu traballo coma sexiboi e doume a risa; agardei a que abrise a porta e se metese na súa casa; pero non, silencio de novo, unha pisada que da na porta, na miña porta; o meu corazón bate dentro; silencio de novo; silencio; pechei os ollos e tratei de tranquilizarme, sería o gato dalgún veciño, sería a corrente, sería a miña imaxinación; silencio. Pero o meu corazón non acougaba, e có andar menos firme e máis acojonado da historia erguinme, a modo, paso a paso, sen facer ruído; quería ver, igual era Bruno borracho tirado no descansino, igual aquela era a miña noite. Achegueime á porta, non moito, o medo non me deixaba, quedei de pe

leire e compañía

agardando cás luces apagadas. Silencio. Seguín agardando porque o corazón non acougaba. De súpeto un ruído fino e metálico na porta, un escarabellar na pechadura e un ataque no meu corazón. Non consigo lembrar con claridade se a policía veu pola miña chamada de teléfono ou polo son ensordecedor do meu latir. Supoño que foi automático, pasará así nos momentos críticos, prémese o piloto e actuas por implusos electromagnéticos preprogramados. Lembro colga-lo teléfono, pero non ir cara el, nin falar con ninguén, nin o que dixen, nin o que me preguntaron. Depois todo foi mellor, vin a luz das escaleiras por debaixo da porta, no teléfono a policía para indicarme que lle abrise ó axente que estaba do outro lado, o balbordo tranquilizoume

- Non se preocupe señora - o axente - poidemos alcanza-lo indiviudo no portal, o meu compañeiro está con el

- Que susto mi madrña - eu, cando me deron saído as palabras conscientes

- Tranquila, non se preocupe - o axente - cónteme, que escoitou exactamente

Estáballe contando todo o rolo ó pobre home, mentras el miraba a pechadura

*- Estas portas de antes son moi boas, pero teñen os seus puntos fracos, as blindaxes antigas pódense soltar se se preme no punto axeitado - o axente - claro que o ruído sería bastante máis que o que vostede me conta, na fechadura hai uns rascazos ¿ve?
- sinalando unhas raiñas que había*

- Si - eu

- ¿Sabe se xa estaban antes? - o a xente

- Admito que non teño nin idea - eu - pero o tipo andivo no fecho seguro

Case morro alí mesmo ó escoita-lo fecho da porta de Bruno ás nosas costas

- ¿Que pasou? - Bruno

leire e compañía

- *Alguén estaba fedellando na porta - eu*

- *¿Na túa porta? - Buno, que non tiña pinta de vir de durmir*

- *Si - eu*

- *¿Estás ben? - el*

- *Si - eu - non pasou nada, os axentes viñeron de seguido*

- *Xa detivémo-lo sospeitoso - o axente - o estraño é que intentasen abrir un primeiro, normalmente sempre suben ós pisos máis altos*

- *Porque como son máis caros suponse que hai xente de máis cartos - eu, cá miña típica chorrada*

- *E porque teñen máis onde agacharse se alguén sube - o axente*

- *É certo - Bruno*

- *Se vos o decides - eu, que me parecía lóxico pero só ata certo punto - as escaleiras son as mesmas do primeiro ó cuarto ou do cuarto ó primeiro, pero sempre é máis fácil baixar que*

- *Non é nada - o outro axente, que subiu acelerado - non é nada, o individuo está un pouco bébedo e confundiu-se de edificio*

- *Xa - eu, que me parecía que os axentes estaban tomando moi a lixeira o intento de invasión da miña morada*

- *Desculpe señora - o segundo axente - comprobamos toda-las referencias, o suxeito é un ciruxán de urxencias do Hospital, esta noite foi cear cuns compañeiros, comprobámo-lo restaurante e a hora da cea, todo concorda, e pasouse un pouco cá bebida; se ben a vostede non lle quita o susto, o cabaleiro introduciu mal as*

leire e compañía

coordinadas no ordeador do seu vehículo e entrou no primeiro portal que viu ó saír do mesmo; debía estar aberto, teñen que ter coidado con estas cousas, e subiu. Comprobámolo, el vive nun primeiro tamén.

- Ten ou tivo relación algunha de calquera tipo cun ciruxán, ou médico que poida inducila a pensar que este incidente fose provocado e non meramente fortuito - o primeiro axente, ben máis atento que o outro

- Non, a verdade é que non - eu

- Algún antigo noivo - o primeiro axente

- Non - eu - en absoluto, alo menos que eu teña coñecemento non, se me dixo que era mecánico eu crinllo

- Señora, un médico nunca diría que é un mecánico - o segundo axente

- De momento deixámolo así, de calquera xeito damos parte do incidente e témo-los datos do suxeito - o primeiro axente - se volve a escoitar algo sospeitoso chámenos, non abra a porta baixo ningunha circunstancia e bote ese fecho que ten por dentro, que ese non o poden abrir desde fora

- Moi ben, moitas gracias axente - eu - supoño que todo foi unha simple equivocación, pero é que non teño práctica neste tipo de incidentes e púxenme moi nerviosa

- É normal - Bruno - normal que te puxeses así, a xente debería andar con máis coidado, sobre todo a certas horas

- Si - o primeiro axente, o segundo xa baixara - e fagan o favor de pechar ben o portal, poñan unha nota advertindo ós veciños, esta non é unha zona conflictiva pero así evitan sorpresas desagradables coma esta

- Farémolo - eu, un pouco cortada polo meu ataque de histeria - gracias de novo axente

leire e compañía

- *Para eso estamos - o axente - chámennos cando o precisen, e non se preocupen esto foi unha desafortunada confusión, só eso. Boas noites*

- *Boas noites - eu*

- *Boas noites - Bruno*

- *Boas noites e gracias por preocuparte - eu a Bruno*

- *¿De verdade que estás ben? - el*

- *Si, si xa estou máis tranquila - eu*

- *Non é vergoña ningunha - el*

- *Non, vergoña non teño, o que teño é medo - eu, a ver se rindo me pasaba*

- *Podo pasar un momento - el*

- *¿Que? - eu, lixeiramente emocionada*

- *Quería comentarche un par de cousas e tampouco é cuestión de esperta-lo veciños - el*

- *É certo, vaia horas para estar de palique nas escaleiras, ven, pasa - eu*

El pechou a súa porta e veu para o meu piso. Tan pronto entrou pechei todo o que se podía pechar e non lle arrimeí o armario porque non podía con el desde a habitación. Bruno estaba en pixama ou chandal ou similar, pantalón curto e manga larga, por suposto.

- *Non che pido perdón por espertarte porque parece que non estabas durmindo*

leire e compañía

- *Paréceche ben - el - sinto que non me decatase de que andaba ninguén por aquí, estaba concentrado revisando uns informes e nin me decatetei*

- *Eu durmía e non sei nin como espertei, teño un sono bastante profundo - eu*

- *¿Por que non lle contaches ó poli o da chave da túa caixa? - Bruno*

- *¿Estás de coña? - eu - a este aínda pode, pero o outro encañóname por puteo á autoridade*

- *Non vexo porque - Bruno todo serio - ten a súa lóxica, teu padriño sempre dixo que lle quitaran a chave no Hospital ¿non?, o tío este era médico, de urxencias, e ti sospeitas dunha enfermeira*

- *Veña - eu, que non sabía se me vacilaba ou se ía en serio - é unha chave dunha caixa de madeira, se alguén lla quitou sería para levala de colgante non para abri-la caixa*

- *Non creo que penses eso - el*

- *¿Non? - eu*

- *Tiña na idea que pensabas que lla quitaran porque teu padriño dixera que era o seu maior tesouro, ou algo parecido - el*

- *Pois si que che debiu caer ben - eu*

- *Si que me ceu ben pero non se trata deso - el, serio - senta un momento - sinalando ás sillas da cociña - teño algo que contarche, aínda que non sei se debería porque ó fin igual te asusto sen necesidade*

- *Despois de decir eso que acabas de decir vas ter que contarmo - eu - total xa me asustaches*

leire e compañía

- *Sempre podo quedar a durmir contigo se non queres estar soa - di o moi cabrón mentras se senta na outra silla fronte a min*

Claro que quería, e non ía querer, bueno durmir igual non era o que tiña pensado

- *Perdoa, creo que non me expliquei ben - el - non me poñas mala cara, só quería decir de acompañante, non é que trate de aproveitarme da situación noutro sentido - xa, home xa, eu si que me ía aproveitar, pero que se lle vai facer*

- *Xa te entendera - eu - non te preocupes*

- *É que puxeches unha cara un pouco rara - el - non quería que pensases*

- *Non, o que non queredes é saber o que estaba pensando eu - confensando*

- *¿E eso? - Bruno, divertido*

- *Nada, tonterías destas que se me ocorren - eu - que me ías contar*

- *Bueno, igual foron imaxinacións miñas, non sei, de calquera xeito quedo máis tranquilo se cho digo, e ó mellor tamén che ven ben sabelo - falaba en serio, sincero e agradable, sen o ton de ofensa de sempre - cando túa madriña dixó que estiveras toda a semana na aldea estrañoume moito*

- *Si, xa me decatei - eu - non me ves pinta de vaqueira seica*

- *Non - sorri - non é eso, é que en tres ou catro ocasións escoitei ás tantas da noite alguén na túa porta*

- *¡Que!!!! - eu, acojonada*

- *Si, alguén que andaba na porta, pensei que eras ti que chegabas de troula e que non acertabas có fecho; a primeira vez non lle dei importancia, a segunda xa me*

leire e compañía

cabreei e fun cara a porta para botar che unha bronca polo escándalo, pero ó abrir xa non había ninguén e supuxen que conseguiras entrar

- Estráñame que non viñeses detrás chamarme a atención - eu

- Non me apetecía despertar a toda a venciñanza - el - a terceira vez foi un pouco máis escandalosa, de máis para ser ti, nin borracha creo que fixeses tanto

- Eu non bebo - eu, a ver que fama me poñía

- Non falamos deso agora - el - refirome a que non era normal, non eran golpes normais dalguén na súa porta

- Ah - eu

- Si, joder - el - arrastrará-la chave por toda a porta ou movera-la porta pero non daquel xeito; así que me acheguei e vin unha figura, estaba a escuras, eso tampouco me pareceu moi normal, estaba apalpando a porta, coma se buscase o esqueleto

- As anclaxes - eu

- Sería - el - o da poli non se me ocorreu, o meu primeiro impulso foi pillalo, era un home, eso podíase distinguir ben; ata pensei que era un irmán teu ou eu que sei, só lle toquei ó fecho da miña porta e a figura desapareceu, non sentín os pasos, nin cara arriba nin cara abaixo; así que baixei, por se o vía na rúa. Non vin nada, quedei agardando por se subira, tarde ou cedo tiña que baixar. Polo menos en dúas horas non o fixo, despois fun durmir, deino por imposible. Debín chamar á poli

- ¿Para que? - eu - para que viñese o borde ese decirche que es un histérico

- Para que o de hoxe non poidese ser un desafortunado erro - el - para eso

- Vamos - eu, que molaba un montón o Bruno preocupado este - non pensarás en serio que é polo da caixa

leire e compañía

- *Si, si que o penso - serio de novo - e ti tamén, só que agora non es consciente*

- *¿E ti si? - eu, ¿é que todo o mundo sabía o que pensaba ou que? nin que tivese subtítulos na frente*

- *Levo máis días dándolle voltas - el - ti, de momento, non asumiche-la situación*

- *¿E canto vou tardar en asumila? - mosqueada*

- *Ei, non te ofendas, ¿por que me tomas todo a mal? - Bruno - só quero decir que che pasou algo pero que aínda non te afixeches á idea , nin mide-lo alcance das consecuencias*

- *Vale, o que ti digas - eu - que alguén tratou de entrar na miña casa, desgraciadamente pasa moito en moitas casas*

- *Alguén tratou de entrar varias veces na túa casa, alguén que ten chave do portal, ou que sabe como abrilo, porque os dous sabemos, ou polo menos eu si, que o portal nunca queda aberto*

- *Eso de nunca soa moi rotundo - eu, con sorna*

- *Levo vivindo aquí máis anos cá ti e nunca tal vin, non ten tope, non queda aberto pesa de máis - el - ademáis seguro que o volve a intentar*

- *Home, eso si que non o creo - eu - agora que a policía ten os seus datos, non pode decir que se engana sempre*

- *Non ten porque ser el - Bruno*

- *Vai resultar que está implicada toda a cidade - eu - porque a enfermeira, se é un pouco lista non ven, a esa si que lle coñezo a cara*

leire e compañía

- Non tes porque vela - el - traballas todo o día, se te controlan un pouco poden vir a pleno día, sin que ninguén sospeite, e sin que ninguén se entere

- Pode que teñas razón pero non vou quedar aquí por sempre xamáis vixiando a caixa do meu padriño, non me faría ningunha gracia que a levasen, sobre todo porque cando visen que non hai tal cousa de importancia tirarían con ela, pero non me vou amarga-la vida por eso - eu

- Cambia a porta - el

- A porta está moi ben como está - eu

- Esas portas son moi fáciles de abrir - el - xa o sabes

- Mellor, así non a rompen - eu

- No fondo estás preocupada ¿verdade? - Bruno pedindo que me rendese

- Non, xa cho estou decindo, joderame porque para min é importante, e porque ninguén ten que andar reventando a miña porta pero

- Pois eu si que estou, así que se non che importa hoxe, polo menos hoxe, vou quedar a durmir contigo - el

- Queda - eu - pero despois non vaías decindo que abuso de ti

- Nunca dixen tal - el - imos

- ¿A onde? - eu, alucinada, ¿dormir? aínda me había ter que atar á cama para non meterlle man, quería durmir connigo e polo que parecía na mesma cama

- Á cama, ti durmes nunha cama, digo eu - el, serio

- Si, si - eu - comprende que a situación me pille despistada

leire e compañía

- *Si, cando che rouban non só che quitan as cousas, senón algo de seguridade - el, profundo*

- *Eso - eu*

- *Se te sintes incómoda por durmir xuntos na mesma cama eu durmo no chan, non me importa - coma se por primeira vez se decatase da natureza da situación*

- *Si que che ía importar, non teño nin alfombras, nin sacos de durmir e a única funda nórdica que hai está na cama - eu*

- *Non vai frío - el - en serio*

- *Tranquilo, home - eu - xa sei que nunca dis nada por cumprir, pero non te preocupes tratarei de controla-los meus impulsos*

- *E eu os meus - el, raro*

- *Ai, si, pola Virxe, non me mates na cama - eu - cantas explicacións non tería que da-la miña familia no velatorio*

El sorriu, fixéralle gracia, vaítes

Eu trataba de centrarme, pero pasábame o mesmo que có ciruxán, non o cría, parecíame surrealista de máis. Esperaba non soñar nada inconvinte, ou polo menos que non se me notase; neso tñiao máis fácil ca el, claro que el seguro que non soñaba nada inconvinte. Non discutimos polo lado, el simplemente agardou a que me deitase para deitarse el, mágoa non lle facer caso a miña nai cando me dixo que mercara uns pixamas de raso que había nas rebaixas, o camisón de estrelañas que levaba debaixo da bata non era precisamente moi excitante; polo menos non era o de laciños rosa. Eu quedei no meu lado, tratando de non moverme e de quedar durmida o antes posible; el tampouco se moviu. Quen me mandaría mercar unha cama de matrimonio. Ó durmir relaxámonos, cando espertei tñia a cabeza apoiada no seu peito e o das pernas era unha maraña; el tñia un dos seus brazos de baixo de min e

o outro non llo alcancei a ver. Pareciume que estaba soñando e volvíñ pecha-los ollos, dei media volta cara o meu lado da cama e volvíñ quedar durmida. Espertei cá luz do día, feliz e contenta, púxenme boca arriba, coma sempre, estriqueei os brazos e quedei mirando o teito un momento mentras baixaba os brazos ata a caluga. A preguiza venciume e sabendo que era sábado, o último sábado de vacacións decidín durmir un pouco máis, uns minutíños de nada. Volvíñ a mete-los brazos debaixo da manta e dei media volta cara o lado da porta, cós ollos miúdos e un sorriso que me saía da alma, íame deitar boca a baixo para respirar mellor, porque de lado a presión das costelas péchame os pulmóns e boca a baixo durmo coma un anxiño; eso, que dei outra media volta e tropezo con algo, era Bruno, bueno o brazo de Bruno, o brazo de verdade, esto non é un eufemismo, quen lle dera que aquilo fose, bueno có seu brazo e punto. Abrín os ollos de súpeto, facendo consciente a lembranza de que el se deitara na miña cama a noite anterior. Estaba de lado, mirándome, serio, por non variar, sen falar, mirándome en fite. Menos mal que non fixera máis que estíramentos, de calquera xeito doume moita vergoña e non sabía onde meterme, dei a volta a toda hostia, e tanto, coma que cá velocidade saín voando da cama e acabei no chan. He aquí a relación entre o touciño e a velocidade, a moita velocidade o touciño espachúrrase. E tanto, Deus que mal me sentou dar cós osos no chan, non xa polo ridículo da situación, senón polo golpe duro e frío có parquet

- Ei, ¿estás ben? - Bruno desde arriba - con que enerxía despertas miña filla, non te dei pillado - estaba serio, non mo explico, pero o tío estaba serio

- Hrrrrmmmm - eu, cá miña elocuencia habitual

- ¿Como debo interpretar eso? - Bruno, que sorría un chisquiño

- ¿Como? - eu poñéndome boca arriba, para tratar de erguerme - pois - dando media volta para o chan - pois que miña nai só tiña razón a medias

- Ah - Bruno, sen entender - está ben sabelo - sorrindo - ¿e vouche ter que face-lo almorzo para que mo contes?

- Home, mal non estaría - eu - mal non estaría

leire e compañía

- *Érguete, que te vai colle-lo frío - Bruno, mamá*

- *¿Ves? a eso me refería - eu*

- *Claro - Bruno, convencidísimo*

- *Miña nai decía que debía mercar unhas mesiñas de noite e unhas alfombras porque vaia churro de dormitorio tiña - eu, razoando*

- *O cambio de punto de vista fíxocho ver claro, ¿non? - Bruno*

- *Si - eu - no das mesiñas de noite non tiña razón, en absoluto - facendo tremendo esforzo para falar, non daba xogueado a mandíbula*

- *Non, claro - Bruno, que non lle vía a cara pero a voz era de cachondeo*

- *Non - eu, era evidente - porque se chego a ter unha mesiña de noite aquí parto a cabeza*

- *Eso é certo - Bruno, sorrindo - á velocidade que caiches quedabas incrustada*

- *Que gracioso - eu, picada - pero admito que o da alfombra non estaría mal, polo menos o chan non había estar tan frío*

- *Moi frío non debe estar, porque senón non sei que fas aí - Bruno, serio, de novo*

- *É que non me podó erguer - eu, era certo, tamén era unha escusa a ver se se animaba, pero algo de verdade había*

E baixou da cama a axudarme, sen tocamentos lascivos, mal que me pesase, collume con moito coidado e axudoume a poñerme en pé

leire e compañía

- *¿Métote na cama, tamén? - Bruno, el decíao no sentido literal, pero a min debíuseme poñer unha cara... - quería decir...*

- *Xa podo eu, gracias - que tampouco me gusta abusar - só un minutíño de nada*

- *Aínda é cedo - Bruno - ¿tes que facer algo hoxe?*

- *Non - eu - estou rematando as vacacións*

- *Daquela deberías aproveita-lo día ó máximo - Bruno*

- *Sí, e comezar a traballar de novo cansada coma unha burra - eu - nin falar, vou durmir, ¿aínda é cedo non?*

- *Son case as oito - Bruno*

- *¿Case as oito? - eu, escandalizada - Deus, que dexenerada, esperta un sábado ás oito da mañá, por segunda semana consecutiva, vaime dar algo, aínda me van botar do clube de lacazáns sen fronteiras*

- *¿Sempre espertas de tan bo humor? - Bruno*

- *Máis ben non - eu - a non ser que non teña nada que facer, ou durmise moi ben, ou ás dúas cousas coma neste caso*

- *Ben - Bruno, sorrindo - moi ben, polo menos saber que non estorbei, a túa reacción de hai uns minutos traumatizoume - afectado*

- *E que non contaba contigo - eu, avergoñada - quero decir que non lembraba que estiveses*

- *Pois estaba - el*

- *Xa, xa te vin - eu - ¿levabas moito tempo esperto?*

leire e compañía

- *Non durmín nada - el*

- *Veña - eu - ¿como non ías durmir? ¿tan mal durmir dou? a cama é a hostia de cómoda*

- *Non durmín, non das mal durmir e sí que é moi cómoda, senón xa estaría dos nervios - Bruno, volvéndose humán - non foi por eso, tiña medo de que volvese o tipo da porta*

- *Supoño que non volviu - eu*

- *Non, non volviu - el*

- *Sinceramente, non creo que volva, xa cho dixeran onte - eu - e se volve non vai poder entrar mentras eu estea dentro ¿pero ti viche-la cantidade de fechos que ten a porta?*

- *Eso xa mo dixeches onte - el - pero a min non me vale*

- *¿E que vas facer? - eu, que xa se me pasara a quentura - ¿pasar toda-las noites de vixía?*

- *Sí - el*

- *Vives no piso do lado, se pasase algo daríate avisado a tempo - eu*

- *¿Molesto? - el*

- *Tampouco é eso - ¡¡¡jen absoluto!!!! - pero terás que durmir*

- *Na miña casa tampouco daría durmido, ademáis o teu colchón é máis cómodo có meu - el, todo natural*

- *Ah - eu - así que tes pensado quedar a mirar para o teito toda-las noites da túa vida*

- *Non estiven toda a noite mirando para o teito - el, serio*

leire e compañía

- *¿Daquela que estiveches facendo? - eu, con picardía*

- *Estivente mirando a ti - el, serio*

Eu cortada, debín quedar branca

- *¿E estivo entretido? - eu, por decir algo - espero que non soñase en alto*

- *¿Por que? ¿que soñaches? - el, serio*

- *Nada - eu, non o lembraba, pero facíame unha idea*

- *Parecías moi relaxada, nada que ver con cando estás consciente - el, sen mirarme, sentado ó pe da cama*

- *¿Non estou relaxada, logo? - eu, sorprendida polo comentario*

- *Non, pos ese disfraz de gilipollez e atacas - el - sempre atacas, fagas o que fagas e digas o que digas atacas, non sexa que alguén chegue a ti, sempre finxindo*

- *¡Eso si que non! - eu, freando o ataque - ¿finxir? ¿eu? se precisamente por eso non me duran os mozos, como non sei finxir*

- *Non me refería ós orgasmos - el, mirándome serio, pillando o chiste - referíame precisamente a esta actitude túa, disfrazala túa sensibiliadade có sarcasmo*

- *¿Eu teño deso? - eu, ó meu - xa intentaches analizarme antes e se non lembro mal a conversa non rematou de moi boas maneiras, así que vai deixando o tema, señorito temperatura constante - atacando*

- *¿Desculpa? - el, erguéndose - ¿que acabas de decir?*

leire e compañía

- *Picouse don perfecto, o home máis sincero do universo, o máis accesible, o máis extrovertido e agradable, don sorriso profidén, meu pobre, foi sen querer - eu, con sorna*

- *Non deberías meterte connigo, son máis alto cá ti - el, serio, pero seguindo a broma*

- *¿E que? - eu, collendo a bata, vestíndoa e saíndo da cama - aínda é máis alto o meu irmán Pedro, e ten moito coidado de non enfrentarse a min*

- *Daráslle pena - el, serio*

- *¿Oes, e para verte sorrir tamén hai que esperar que durmas? - eu*

- *Non sei, como comprenderás, nunca me erguín mirarme ó espello para verme mentras durmo - el, serio - ¿que che dou a ti cá miña risa?*

- *O mesmo que a ti có do meu escudo - eu*

- *¿E que é eso da temperatura constante? - el*

- *Pois, creo que es a única persoa que coñezo que leva a mesma roupa en calquera época do ano - eu, por non decirlle que me parecía un pouco fríxido*

- *Ti non me ves todo o ano para saber como vou vestido - el*

- *A que jode que te xuzguen sen coñecerte - eu - pero aposto a que teño eu máis razón cá ti*

- *Vale ¿que apostas? - el*

- *O que queiras - eu, porque como me deixase elixir a min*

- *Unha cea - el, ¡que imaxinación!*

leire e compañía

- *Dacordo, pero nun restaurante, así polo menos poderei repousa-la comida antes de que me boten - eu, el que me mira sen entender*

- *Veña - el - ¿como propós que o comprobemos?*

- *Faime unha pregunta sobre algo que me escoitases algunha vez e no que pensases que mentía - eu - prometo ser sincera*

- *Xa - el*

- *Ti dis que se me nota nos ollos ¿non? - eu*

- *Si - el*

- *Pois mírame e xa o sabes - eu - é a túa teoría non a miña*

- *Moi ben, aló imos - el, serio - lembro unha vez que estabas cás tías compañeiras nunha das festas da universidade e Alonso foi falar con vós, ti enfadácheste, dime por que*

- *Ei, eso non vale, aí non hai posible mentira - eu - ten que ser algo que eu dixese e que ti penses que o decía de coña*

- *Pero podes responder a esto igual - el*

- *Non - eu*

- *¿Por que non? - el*

- *É algo persoal - eu*

- *Vamos, Leire - el, suxerente - estamos en pixama no dormitorio*

- *NON - eu - ¡ó gran!*

leire e compañía

- *Vale, vale - el, de coña - no comedor, algún tempo antes, pasábades ó meu lado e non sei que comentario fixo unha das petardas aquelas amigas túas*

- *Non eran miñas amigas - eu*

- *Das túas compañeiras - el, rectificando - e ti dixeches algo así como "non sei que non sei canto este tío gústame"*

- *No de "non sei que non sei canto" admito que mentía - eu*

- *Referíaste a min - el, serio, sen facer caso - unha delas dixo "eso disllo a todos" e ti dixeches "pero este gústame en serio", ¿era certo?*

Estábame ben, por irme de lista, claro que era certo, elas pensaron que o decía de coña, por rirme del, como o dixer a voces para que me escoitase todo o mundo, e como el era un coquiño anoréxico con aquela barba dunha semana, que non sei como fai o cabrón para tela sempre igual

- *¿Era certo? - el, de novo*

- *Si - eu, mirándoo - aínda o é*

El mírame fixamente, esperando a que me delatase, escudriñando os movementos dos meus músculos faciais, un mínimo movemento de renuncio; era certo, non mentía

- *Calquera cousa - el - calquera cousa*

- *¿Estou mentindo? - eu*

- *Non - el - parece que non*

- *¿Daquela? - eu, mirándoo*

El esquivava a mirada e vai cara a porta, sen falar, serio

leire e compañía

- *¿A onde vas? non escapes, agora é o meu turno - eu indo detrás del, apurando o paso - hoxe fai sol, pon unha camiseta de manga curta*

- *Non teño - el*

- *Pois unha camisa de manga curta - eu*

- *Tampouco - el - se queres remango algunha*

- *Non - eu - perdeches, ti invitás*

- *Si - el, sorrindo - ¿ves como es mellor avogada do que cres?*

- *¿De verdade non tes nada de manga curta? - eu, que me parecía unha victoria demasiado fácil*

- *Si, de verdade - el, armándose de paciencia para abrir todo-los fechos - oes, case me podes botar unha man - separándose da porta - algo de razón tiñas, ou desistías ou dáballe un ataque dos nervios - referíndose ó ladrón*

- *Déixame a min ¡homes! en canto llo pos un pouco difícil xa están chorando - eu*

- *Eu non choro - el*

- *Era un xeito de falar, machote, non te ofendas - eu*

- *Gustábasme máis na cama - el*

- *Eso xa mo dixeron máis - eu, sacándolle punta a un inocente comentario, el decíao inocentemente claro*

- *Seguro que si - el - pero tampouco me interesa demasiado o tema, non te sintas obrigada a contarmo*

- *Non é obrigación ningunha - eu, dándolle ó último fecho - non creas*

leire e compañía

- *Tampouco é moi boa cousa - el*

- *Tampouco - eu, abríndolle a porta - moi boa non é, según se mire, claro*

- *Veño pola noite - el, saíndo*

- *Como queiras, a miña cama está á túa enteira disposición - eu, mala, malísima*

- *Está ben sabelo - el, raro - por se algún día rompe a miña*

- *Como non sexa por depresión por non lle faceres caso - eu*

- *E ti que saberás o que fago eu na cama - el, raro*

- *Non teño nin idea, pero a min sí que me interesa o tema deberías sentírte obrigado a contarmo - eu*

- *Debería - el, sorrindo*

El saíu, non sei de onde sacou a chave, porque a levaba enriba, non sei onde pero levába enriba, tiña que estudar ese tema, igual esa noite non ía durmir tanto. Así que abriu a porta eu metínme dentro, disposta a dar-me unha ducha relaxante, o rapás en pìxama ganaba moito, estaba rozando ó macizo, vestido perdía bastante a verdade. Nestas que soa o timbre e a min case me da un ataque alí mesmo, eu apoiada na porta desbarrando coma unha condenada e de súpeto o alento dalguén do outro lado.

- *Oes - Bruno - que sí que teño algo curto*

- *Dixeches que ganara, agora non me veñas con historias - eu, algúns por non pagar unha cea son capaces de cortarlle as mangas ás súas mellores camisas*

leire e compañía

- *Que non tía - el - mira - sinalando ó pantalón curto do pixama - e o pantalón de correr tamén é curto*

- *Home claro, é que correr con chandal longo polo vran debe ser bastante incómodo - eu, con retranca*

- *E polo inverno tamén, corro sempre en curto - el, todo natural*

- *¿E tamén durmes todo o ano en curto? - eu, sen intención para que non me vise vir*

- *Si - el, cortado*

- *Pois daquela, meu rei - eu - sigo ganando, porque es constante, en curto pero constante ó longo do ano - e belisqueille a barba - non lle hai que facer*

El sorriu e torciu a cara sobre a miña man buscando cariño, a min deixoume fría, baixoume os fumes dun golpe. El seguiu sorrindo, dou media volta e metiuse na súa casa. Eu tardei en reaccionar, e despois, cando asumín o que pasara, doume o subidón. Xa sei que tampouco foi para tanto, bueno para min si, tiña máis que claro que el pasaba de min, que pasaba de calquera mostra afectiva en xeral e aquilo derrotoume por completo. Fun sentarme á cociña e quedei non sei canto mirando para a man, sentido a súa barba rozándoa paseniño. Pechaba os ollos e sentíao con tal realismo que cheguei a poñerme mala. Afortunadamente dei reaccionado e metinme na ducha para despexarme. Leire, non te volvas colgar del. Sempre fun moi namoradaza, calquera cousa me chegaba, pero con el era distinto a súa frialdade resultábame moi, pero que moi morbosa e pasaba horas e horas perdida en fantasías eróticas e non podía ser, agora xa era grande, tiña unha vida sexual máis ou menos satisfactoria e non podía pecharme na miña imaxinación aquilo non podía ser san, porque pese a todo, el non ía despertar do seu letargo, non conmigo.

Saín e pasei todo o día por aí. Baixei ó metro e fun a Santiago ver uns colegas que non vía desde había meses, deixei-me convencer para quedar a cear e saír, nin me lembrei de Bruno, estábao pasando realmente ben, Santiago tiña aquel encanto da cidade vella coruñesa, pero ó grande; a min asustábanme as ruas de

leire e compañía

pedra escuras e valeiras, pero cando estaban cheas de xente indo e vindo, bailando e cantando eran máxicas, coma se espertasen toda-las voces que cantaron e todo-los pasos que bailaron ó longo dos anos e se unisen a nós.

- *¿Que? xa se che acaba a boa vida - Carlos*

- *Joder, o luns volver ó de sempre - eu - non quero*

- *Deixa o traballo - Isa - para o que che gusta*

- *Si que me gusta, non te pases - eu*

- *Por eso precisamente tes tantas ganas de volver - Carlos*

- *A verdade é que non me gusta traballar, en xeral; valía para rica - eu - todo o día sen pegar golpe*

- *Para eso valíamos todos - Isa - ou polo menos eu tamén, pero ti deberías vir para aquí e traballar con nós*

- *Veña, non me deades tamén a vara - eu*

- *Así que o teu veciño é o tal Bruno do que fala ás veces Elvi - Carlos*

- *O mesmo - eu*

- *O que son as cousas - Isa - se o fas a propósito non che sae mellor ¿e que? ¿xa lle atacaques?*

- *Non, e eso que - eu, xusto no momento en que lembrei que Bruno quedara en vir durmir á casa*

- *¿Que pasa? - Carlos, mirando detrás del*

- *Vaime matar - eu - este mátame ¿que hora é?*

leire e compañía

- *As dúas e media - Isa - ¿non me digas que tiñas unha cita?*

- *Algo peor - eu - ía vir durmir á miña casa*

Eles que se miran

- *Non é o que parece - eu - podedes crerme, se non nin saíría da casa; a ver se localizo a meu irmán para que me dea o seu teléfono, déixasme o móvil - eu a Carlos*

- *¿Pero como o vas chamar a estas horas? - Isa - é tardísimo*

- *¿Para Oscar? - eu - aínda estará diante do espello, por certo xa vos dixen que cortara as greñas*

- *Non fastidies - Carlos - que foi unha aposta*

- *Estará ofrecido - Isa*

- *Si - eu - á santa victoria do mundial*

- *Esa foi boa - Isa - ¿e que tal se sinte?*

- *Para min que as bota de menos, non fai máis que pasa-la man pola cabeza - eu - antes xa tiña controlada a distribución da melena para mante-lo equilibrio, e agora vaise para os lados - mentras marcaba*

Non fun capaz de conectar con el, o dos móbiles era imposible pola noite, en canto desconectaban o estabilizadores era un milagre que funcionasen. Pasoume fugazmente pola cabeza a idea de chamalo á casa, estaba segura de que aínda estaba alí, pero sabía que tamén estaban meus pais, e vendo a meu pai có auricular descolgado borrouseme de inmediato, a bronca sería criminal e o castigo nin che digo, poñería o automático para devolverme a chamada todo-os días da miña vida a esa hora, meu pai era así.

leire e compañía

- *Marcho - eu*

- *¿Pero como vas marchar a estas horas? - Carlos - quedas a durmir con Isa ou connigo, non tes falta*

- *Si, si que teño - eu - é que nin me lembrei del, joder*

- *Seguro que se fai unha idea - Isa - é sábado e coñecéndote o raro sería que pasase-la noite na casa*

- *Xa, non é eso - eu - é que lle dixen que quedábamos pola noite e veño tan ancha sen avisalo nin nada*

- *Unha falta de consideración pola túa parte - Carlos*

- *Gracias - eu - gracias polo apoio, home*

- *O tema sacache-lo ti - Carlos - ¿lévote?*

- *Non - eu - xa collo o metro*

- *¿Estás tola? - Isa - ¿a estas horas?*

- *Déixaa - Carlos - como alguén lle corte o paso chántalle un mordisco no pescozo que e sácalle o corazón*

- *Eso - eu - bueno, síntoo de veras, é unha emerxencia, paseino de medo, teño que vir máis amiúdo, quérovos - correndo rúa abaixo*

- *Adeus - Isa ó lonxe*

Corrín cara a parada, estaba valeira, mellor, porque os habitantes desas horas non son precisamente hospitalarios. En nada chegou o meu e marchei, senteime, pensei e pensei no que me fastidiaría que mo fixeran a min, claro que a min nin se me ocorrería deitarme con alguén porque si, e nese caso si que me fastidiaría o

plantón. El era raro ó máximo. Non creo que o fixese por mal, no fondo sabía que precisaba cariño e paciencia, moita paciencia, o tempo quizáís o devolveuse á vida, quen sabe. En vinte eternos minutos estaba no Parque Europa, saín a fume de carozo da estación, vía xente, nin me fixei en quen eran, mellor non sabelo. Un par de rúas e xa na casa. Subín polas escaleiras, non podía agarda-lo ascensor, parei no descanso, mirei a súa porta, mirei se había luz, non vin nada. Con moito coidado abrín a porta para non facer ruído, prendín a luz e pecheina. Non podía cá sensación de culpa, sempre estaba metendo a pata, repasei toda-las faltadas que lle soltara, ata as más inocentes e naquel instante parecéronme moi crueis, todo se volviu máis grande e agresivo, era unha bruxa, eso mesmo, unha bruxa. Pousei as chaves na mesa da cociña e fun cara a habitación; quítei a roupa e prepareime para ir para a cama, sabía que non ía durmir; ou si porque, a verdade é que estaba moi cansa. Cando rematei no cuarto de baño, fixen o percorrido á inversa apagando as luces. Ó apaga-la luz da cociña vin a luz da cociña de Bruno acesa, lanceime á fiestra, abrín a cortina e alí estaba el, de pe na fiestra, sorrindo; fixome un aceno cara a porta, e aló fun.

- Síntoo - eu - nin me lembrei, pasóuseme por completo, tratei de chamar a meu irmán para pedirlle o teu número

- Dixenche que me chamaras cando chegases - el, interrompéndome - de verdade que non estaba durmindo

- ¿Que? - eu, que me perdera - non

- Un momento - el

Foi ó seu piso, supoño que apaga-las luces e colle-las chaves. Saiu, pechou e veu para o meu, con toda confianza, sen importarlle que poidese ter un latinlover na cama, el ó seu e eu xa recuperara o meu estado de ánimo habitual. Pechei a porta, el con toda confianza entrou na cociña e pechou a persiana

- A veciña de arriba é moi, como decilo sen ofende-lo teu feminismo, maruja - el

leire e compañía

- *Carallo que corrección* - eu

- *O mesmo digo* - el - *deixeiche unha nota por debaixo da porta*

- *Non a vin* - eu - *¿estás seguro?*

- *Si, completamente* - el - *xusto debaixo do teu pe*

- *Ai si* - eu, *collendo o papel* - *"non lembraba que era sábado, chámame en canto chegues, non vou durmir, estou cuns informes; se ves soa claro"* - *doume a risa*

- *Nunca se sabe* - el - *dis que tres son multitude*

- *Non a vira* - eu - *de todo-los xeitos acabo de chegar e non sei se te chamaría a estas horas*

- *Estou esperto* - el

- *Xa, pero estarías facendo algo* - eu - *algo útil, quero decir, a verdade é que como gardacostas sáesme bastante barato*

- *¿Imos para a cama?* - el

- *¿Tes sono?* - eu

- *Non* - el - *pero mellor que estar aquí de pe*

- *Tes toda a razón* - eu - *imos logo, ¿ti non saes?*

- *Pensaba que xa sabías que non* - el, *serio*

- *¿Porque o ía saber?* - eu - *algunha vez xa te teño visto de parranda*

- *Si algunha si* - el

leire e compañía

Fomos para a cama, eu trataba de comportarme cá mesma naturalidade ca el, pero a situación superábame e o ridículo subíuseme de seguido, ó quita-la bata. Metínme na cama polo lado da fiestra, un pacto tácito asignárame ese lado. El fixo o mesmo polo seu. Quedou tan tranquilo tirado boca arriba, cá cabeza torcida cara min. Eu apaguei a luz, e quedei mirando á fiestra, dándolle as costas. No momento en que notei que el se poñía de lado dei a volta, porque a verdade é que durmía mellor no outro sentido. A el debíalle pasar outro tanto porque se volviu, antes de que dese a volta completa eu xirei disparada sobre min quedando no mesmo borde, da cama e do ridículo total. Neso que sinto a súa man na miña cintura, deslizándose. Eu que xa me emocionaba

- Ei - el - duas veces no mesmo día é moito, ¿non che parece?

E tirou de min cara o centro da cama, ó seu carón, eu malísima e o tío que non me soltaba. Non me soltou, polo menos mentras estiven esperta, que aínda foi un bo anaco, porque aquilo era de máis, o tío era un pouco quentabragas, a verdade, moita sensibilidade, moito trauma pero aquilo non era normal. Eu tamén podía coller e mandalo para a súa casa, e se non fose o ben que me sentía naquel momento faríao. Pouco a pouco a sobredose de calor foise transformando en tenrura, e a sensación de se-lo ser máis querido do universo fíxome caer nun pozo de paz. Quedei durmida.

Despertei, xa de mañán, sobre o seu peito, coma a noite anterior. Erguín a vista e vino mirándome, case sorrindo; eu volví a escoita-lo seu corazón, tranquilo; no armario os buratos de luz da persiana. El pasoume a man pola cabeza

- ¿Que tal durmiches hoxe? - el

- Moi ben - eu, sorríndolle - ¿e que? ¿que tal estiven?

- Moi ben - el, sorrindo - incluso máis encantadora cá onte

- Tes que durmir - eu - ¿cantos días levas sen pegar ollo?

leire e compañía

- Non sei - el - creo que os que levo de vacacións, sempre me pasa o mesmo ó rompe-la rutina, xa estou afeito, non pasa nada

- Daquela estarás desexando volver ó traballo - eu

- Non, tampouco é eso precisamente - el, sorrindo

- ¿Sabes? cando sorrís ata parece humano e todo - eu

Non dixo nada metiu os dedos entre o meu cabelo

- En serio - eu - vaiche dar algo

- ¿Escoitas algo raro por aí? - el, erguendo levemente a cabeza

- Non, esto soa moi ben - eu - pero

- Non te preocupes, o meu organismo é así - el, serio - ¿que vas facer hoxe?

- Quedar na casa, sen facer nada de nada - eu - bueno teño que poñe-la lavadora

- Un plan moi interesante - el

- ¡Mira el! - eu, toda ofendida - ¿e ti que vas facer, don interesante?

- Ir á casa de miña nai - el - a que me diga que estou máis delgado, que teño peor cara, que cada vez teño peor xenio razón pola que non me vai dar casado e que non sabe a quen saín

- Admito que me ganas sobrado - eu - non te envidio nada

- Eso só son os primeiros dez minutos, despois a cousa xa cambia, comeza a falar da granxa e dos veciños e de calquera cousa - el - fala moito

leire e compañía

- *Coma toda-las nais - eu - ven de fábrica*

- *Si, debe ser - el, sorrindo - no fondo é boa xente, é unha cachonda mental, pero eu non estou de humor así que vou pouco por alí*

- *¿Cantos irmáns sodes? - eu*

- *Son fillo único - el - bueno eu case marcho*

- *Vale - eu, saíndo de enriba - deixareite marchar, logo*

- *Ben, vémonos á noite - el - se queres ceamos na miña casa, vou vir cun cargamento de comida, como estou nos ósos ¿ti vesme máis delgado? - en serio, preocupado*

- *Non, en realidade non - eu - vestido parece máis delgado, pero de todo-los xeitos estás máis macizo*

- *Espero que esteas disposta a repetilo, se chegado o caso preciso unha testemuña - el*

- *Hoxe estás de moi bo humor - eu*

- *Pode ser - el, serio - pero éche ben raro*

- *Ah - eu*

- *É o que di miña nai - el*

Erguiuse e foi cara a porta, antes de pasa-lo umbral dou volta

- *Sei que debería saber como funcionan os condenados fechos, pero son un pouco lento - el - así que sentíndoo moito debo pedirche que fagas un minúsculo e case insignificante alto no teu día de mans caídas e me veñas abri-la porta*

- *Non, se o difícil non é entrar senón saír - eu - deberon poñe-los fechos por fóra*

leire e compañía

- Ha - el, rindo - moi boa

Sáin da cama, con bastante esforzo, todo hai que decilo, e funlle abri-la porta

- ¿Pódese saber onde garda-las chaves da túa casa? - eu, como estaba de tan bo rolo

- ¿As chaves? - el, sorprendido - no bolsillo - sinalando a un bolsillo pequeno que tiña nos gallumbos

- Pero eso non é para as chaves - eu

- Esto é para o que se precise - el, serio - e de momento só o preciso para as chaves

- Decíao para que non se che rompese - eu

- Tranquila, teño máis - el - non te preocupes

- Eu non me precupo nunca e por nada - eu

- Que máis quixeras ti - el, mirándome directamente ós ollos, sorrindo con complicidade

Pechei a porta e adiqueime de cheo o meu plan de non facer nada; metín a roupa na lavadora e púxena a andar, en canto vin que aquilo marchaba, que a miña primeira lavadora en solitario funcionaba, volví a meterme na cama e a durmir. Recordei ó medio día, a lavadora xa rematara e tiña unha fame de cabalo. Apeteciame unha ensalada, tiña leituga no frigo, e algunha legume máis, algo de pasta, unha salsa rica e listo. A punto estiven de deixalo todo e volver durmir, pero tiña que pranchar todo aquilo, se o tiña que facer despois de traballar morría; apurei o que puíden, logo rematei, coloquei a roupa no armario e os cacharros no seu sitio e cando mirei o reloxo xa case eran as sete da tarde. Estiven na sala vacía, sentei-me no chan e mirei pola fiestra, só vía luz e un anaco do edificio da acera de enfronte, comezaba o balbordo da xente, fun pecha-la fiestra para estar máis en silencio,

leire e compañía

pechei os ollos e sentínome coma na praia. Bruno chegou ó pouco, doume un toque por teléfono para decirme que ceábamos ás dez, así daba gusto, se non o pensaba a situación era estupenda; se lle daba voltas aquilo cada vez parecíame máis raro. Ás dez en punto estaba na súa porta có dedo no timbre.

- Ola - el - pasa

- Ola - eu, pasando - ¿que tal che foi?

- Ben - el - ó final sempre me vai ben

- ¿E a granxa? - eu

- Ben, tamén - el, sinalándome á cociña

- ¿Como é? - eu, pasando diante

- Supoño que coma todas - el - teño entendido que na túa familia hai granxeiro así que non me virás decindo que non sabes como é unha granxa

- Sei - eu - pero a dos primos de miña nai é unha cooperativa, non a leva unha persoa soa

- Miña nai diríxea - el - non a traballa directamente

- Se da beneficio aínda ten máis mérito - eu

- Vai tirando - el - tampouco é ningunha maravilla - mentras me sirve a cea - pero non hai queixa, a miña nai gústalle

- ¿E a ti? - eu

- A min encántame - el - por eso vivo alí e traballo alí como ti ben sabes

leire e compañía

- *Non che gustan os animais - eu*

- *Non me gusta comer ós empregados nin a quen lle dou eu de comer - el*

- *Se o miras así - eu - a verdade é que é noxento*

- *¿A que si? - el - eu prefiro comer cousa descoñecida*

Ceamos tranquilamente, desde logo si que estaba de boas, o mellor humor des que o coñecín. Ó rematar de cear recolliu a mesa e despois invitoume a ver unha peli, a min a verdade é que non me apetecía, estaba cansa, no nsei de que e fomos durmir; para unha vez que non me bota directamente vou e marcho eu. El entrou con confianza e foi directamente para a cama, eu quedei pechando; en realidade estaba agardando

- *Moito tardaches - el*

- *¿Decatacheste? - eu*

- *¿De que? - el, alarmado*

- *Ó abrirela porta tamén se abriu a do segundo - eu - agora estaba agardando a que a pechase, pero non o fixo ata que o fixen eu*

- *Esa era a veciña que che decía onte que é un pouco curiosa de máis - el - no super seguro que xa saben a túa vida completa, e que te deitas toda-las noites có veciño, ese que todos pensaban que era homosexual - el, serio - que nunca con muller viron, pero que non facedes ningún ruído e eso tamén é sospeitoso - a min dábase a risa, porque el estaba tan serio - a saber que facedes aquí toda a noite pechados, porque tes pinta de boa persoa pero por algo tes tan poucos mobles, aquí hai gato pechado*

- *A ti séntache de maravilla o aire puro - eu, escoitandoo desde o baño*

- *Non é coña - el - ¿onde fas a compra?*

leire e compañía

- *No super ese de aí arriba - eu, saíndo á porta do baño*

- *Ese é o que che digo - el - como coincidas un día con ela si que o vas pasar ben, fíxate nos espellos e verás como te vai sinalando ó tempo que fala cás amigas, e porque se levaba mal cá dona do piso se non aínda era capaz de decir que eu lle dera pasaporte para poñerche un piso a ti. Sempre decía que lle facía os recados para quedarlle cá herdanza*

- *¿Facíaslle os recados? - eu - que encanto de veciño*

- *A tía víame no super e deixábame as bolsas para que llas subise - eu - que ía facer*

- *Xa - eu, deitándome por fin*

- *Ven - el, chamándome ó seu carón*

Era coma se o tivese todo estudiado, un achegamento pasiño a pasiño, hoxe dígolle ola, mañán ola que tal. A min non me molestaba, só tiña curiosidade por saber se tiña razón, ou se só era o que el decía. Xa tiña superado-los pensamentos obscenos, sentía moito cariño, case amor diría.

Ó día seguinte, luns, erguinme coma unha bala ó primeiro pitido do despertador. Automáticamente a miña vida volviu á normalidade, nin me decatei da súa presenza; collín a roupa e metínme na ducha, coma se aquela fose a casa na que vivira sempre e el estivese sempre conmigo. Xa saín vestida e có tempo xusto para calzarme, colle-lo bolso e marchar

- *Ei - el, saíndo da habitacion - non me deixes aquí dentro*

- *Hostia, é certo - eu - perdoa, nin reparara en ti*

- *Bueno, non sei que será peor, que deas un salto da cama cando me ves ou que me ignores - el*

- *Non te ignoro - eu - é que vou tarde*

leire e compañía

- Non - el

- ¿Non que? - eu toda acelerada, cós segundos contados e o outro de leria

- Chegarías tarde se saíses da túa antiga casa - el - agora estás a medio camiño

- É certo - eu sorrindo - é certo, xenial, vou poder durmir un pouquiño máis

- ¿Agora? - el, serio

- Non, home - eu - de agora en diante, veña para a túa casa, andando - eu, sarxento

- Ata a noite - el, mentras buscaba a chave - vémonos

- Si, ata a noite - eu

Por un momento pensei que me ía bicar, quedámonos mirando sen decir nada, pero non dou nin un paso, nin desviou a mirada.

As compañeiras déronme a benvida contándome os últimos cotilleos da empresa, que se fulanito non sei que cá de administración, que menganita e a outra discutiron, que nos botan á rua; o de sempre. Preguntáronme moito que tal o pasara nas vacións, algunha dixo que se me notaba que moi ben, que traía o espírito renovado según ela. O día pasoume voando, en contra do que supoñía, os clientes non estiveron moi pesados e todo foi como a seda. Así pasou toda a semana, de día traballando, de noite durmindo con Bruno. Pensei que ó comezar a traballar pararía cá súa teima da protección contra os misteriosos ladróns de caixas de madeira posiblemente cheas de recordos familiares. Pero non, aquel domingo eu fóra á aldea, meus padriños volvían para Bilbao, e tñame que despedir, non por obrigación, se non porque os quería e tñallo que decir á cara por última vez nuns meses. Á casa tróuxeronme meus pais, tamén viña miña avoa, a ve-lo piso máis que nada, a idea aterroume, menos mal que mo dixeron de camiño, se non ía estar todo o día amargada. Foi como pensaba, mirou todo de arriba abaixo desaprovando cada

leire e compañía

detalle sen o máis mínimo reparo, e despois un "se che gusta a ti"; miña nai sabía ben o que jodía a expresión das narices, ela foi adolescente con eso sobre as costas, e apoioume citando as múltiples virtudes do piso. Meu pai axudoume tamén, porque levarse ben cá sogra chega a onde comeza protexe-la nena, a min. Pedíume un café, coma se non levase trinta anos vivindo conmigo e non soubese que a min non me gusta o café

- Pois deberías ter para cando che veña alguén - miña avoa

- Na miña casa mando eu, e se alguén quere café que vaia a un bar - eu, dona e señora - aquí nin se toma café, nin se bebe alcol nin se fuma

- Así vas ter ben vistas - ela

- Mellor, nena - miña nai - que algúns non os das sacado da casa
Quedei branca ¿sabería o de Bruno?

- Eso tamén é certo - meu pai - ¿lembras aló ó primeiro aquela amiga túa?

- Si e aquel amigo teu - miña nai - todo-los días viñan toma-lo café

- Ai non, manter ós veciños tampouco - dixo miña avoa

Cado cansou de picarme, porque todo o que facía facíao con esa intención, seguramente lle encantaba o piso, pero non, para que o ía admitir, marcharon.

Casualmente a veciña do segundo, seino porque así se presentou

- Querida - a veciña - por fin nos coñecemos, que mundo este, a unhas cuantas escaleiras de distancia e nin nos vemos, que inhumano. Sabía que viñera xente nova para este piso, pero ata agora nin te coñecía, ¿que son, teus pais? - sinaládoos

- Si - eu, encoméndandome ás forzas divinas - e miña avoa

leire e compañía

- *Encantada - a señora, típica coruñesa - un placer - saudando a todo o mundo - que sorte tivo a súa filla, mira que atopar este piso xusto enfrente do do seu noivo*

Meus pais a cadros, miña avoa pensando "xa sabía que esto de vivir soa..."

- *Un chico majísimo - a petarda, que ó ver que meus pais non sabían de que lles falaba se animou - leva moitos anos aquí e nunca dou ningún problema, ademáis así se vos vai mal cada un na súa casa e listo, e mentras a disfrutar da vida que estades na mellor idade para darlle gusto ó corpo - mátoa, a esta mátoa - bueno, xa nos veremos, se precisas algo chámame, vivo xusto enriba de Bruno, un bico cariño
E a moi zorra baixou as escaleiras sen tropezar pese ó moito que a animei mentalmente; nótase que non tiña moito poder*

- *¿Que di que? - miña avoa*

- *Vaia veciña que tes - meu pai - pouco máis e retrásmite nos as posturas*

- *E que non pode ve-lo dormitorio desde a súa casa - eu*

- *Anda con ollo, esta é unha lagarta de coidado - miña nai*

- *Xa mo advertiu Bruno, non a vira nunca pero xa sabía de que pé coxea - eu - a venciñanza xa me debe coñecer toda*

- *¿Con quen di que te deitas? - miña avoa - ¿pero*

- *Mamá - meu pai - a nena xa case ten trinta anos e sabe leva-la súa vida perfectamente, non fai falla que lle axudemos*

- *Pero os veciños - miña avoa*

- *Os veciños non son eu - agradecida de ter uns pais como debían ser - e a miña vida non é súa, nin túa avoa*

- *Que non me entere - miña avoa, exercendo*

leire e compañía

- *Mamá - miña nai - a estas alturas ves con esas*

Miña avoa marchou toda escandalizada, á do segundo funcionárelle a estratexia ás mil maravillas. Eu quedei esperando a Bruno. Tardou, xa me metera na cama, pensei que por fin lle viñera o sentido e decidira durmir na súa cama.

- *Perdoa - Bruno - entretívenme cuns informes, non te espertaría*

- *Non - eu - acabo de deitarme, aínda é cedo, ¿a que hora te ergues mañán?*

- *Ás sete - el - coma ti ¿non?*

- *Si - eu - hoxe durmirás digo eu*

- *Si, creo que si - el - precísoo*

- *Xa o supoño - eu - vamos*

E tanto que durmiu, foi meterse na cama e quedar fóra de combate. Eu tardei un pouco máis, non por falta de sono se non porque quería velo durmir, como el decía que facía conmigo. Si, el tamén parecía máis relaxado, dábanme ganas de acariñarlle a cara, agora que non se enteraba, de tocarlle o cabelo; pero non o fixen, non quería espertalo. Despois durmín. Feliz

O espertador soou puntual, Bruno xa estaba erguido esperando a que despertase, cun sorriso. Un sorriso nada menos, eu tamén sorrín, aquel ía ser un bo día. Saín da cama sen dicir nin palabra, fun cara a porta, que era o que supoñía que estaría esperando, el seguíume tamén sen falar. Aínda sorría máis, por Deus que non soñase en alto, non lembraba o que pero que non fose en alto, igual era por verme pelexar cós fechos, cada vez tiña máis sentido o de poñe-los por fóra, desquiciaban a calquera. Abrín a porta e el saíu, ningún dos dous dixo nada, el seguía sorrindo, abriu a súa porta e entrou, daquela miroume, seguía sorrindo. Moito me dou que pensar, dacordo que aquilo era moito avance de noso señor; pero estas cousas dun

día para outro escaman de carallo, porque sorría o condenado. Tendo en conta que levaba un par de semanas polo menos sen durmir, era normal que se erguese así de feliz; bueno sería normal nalguén normal, pero a cuestión era ¿sería normal nel?. Fun cara o traballo pensando que si, que durmir ben séntalle ben a todo o mundo; no traballo pensei en que non, porque xa o tiña visto cando traballaba, ou sexa, que se traballaba durmía e non tiña tan boa cara, claro que nunca o vira ó dereito de espertar, cousa que tampouco podía garantir que fixera esa mañán. Despois, a media mañán pensei en que era un pouco paranoica ó pensar que ría de min, algo que sempre me pasa pola cabeza cando vexo a alguén rir, reminiscencias da infancia; posiblemente o sorriso se debía a que ía collendo confianza, non no sentido físico, que lle sobra (bueno en certo sentido non pero non é ese o tema) se non no sentido psíquico, que ía asentando un pouco.... ¿conmigo? soño. Á hora de comer xa me cansara de darlle voltas á cabeza e esquencín o tema, fun a toda velocidade facer de comer e comín cá cortina aberta mirando de cando en vez á cocíña de Bruno por se asomaba por alí, non o fixo.

Pola noite veu durmir, e a noite seguinte e a outra máis. Chegamos ó mes de Agosto e se non fose por certos detalles erámo-la parella máis feliz do universo, detalles coma que non éramos parella por exemplo, pero ben o parecía, durmíamos xuntos, ás veces ceábamos xuntos, sorriámonos moito e ás veces ata falábamos de cousas persoais, ás veces, moi poucas veces. Daba igual, eu xa me afixera á súa presenza, case desde o primeiro día, todo hai que decilo, el tamén parecía afeito á miña. Pero non ese afecerse de resignación senón ese afacerse de falta se non o tes. Seguía pensando que aquilo non era normal, pero cada vez menos, e como total levaba moito sen sair por falta de medios económicos non tiña ningúen mellor, enténdase, máis activo, para meter na cama así que para que insistir en que se fose, total daba bo durmir, espertaba sempre dun relaxado que metía medo. A min gustábame aquela situación, dábame esperanzas, confiaba nel, que non era pouco. E foi nese estado de felicidade inconsciente cando todo comezou a correr. Quedáramos as do traballo para cear e sair por aí, na nosa habitual cea de vran, levaba varios días intentando lembrarme de decírllo a Bruno e aquel día, o día da cea, fun todo o camiño repasando a lección para que non se me esquecese. Case se me vai ó pasar diante do pizarrillo do restaurante, sempre estaba escrito con faltas de ortografía, eu partíame léndoo; pero recupereino subindo as escaleiras, decidín probar sorte e

leire e compañía

chamar na porta del, por se estaba xa o soltaba, e se non botaríalle unha nota por debaixo da porta, se non aínda me había sentar mal a cea. Chamei.

- Ola - Bruno, serio

- Ola - eu, na miña onda - viña decirche

- Pasa, pasa - el, convidándome a pasar

Eu quedei de pedra

- Esta é Sandra - el, sinalando á súa moza, á moza que tiña na facultade - non sei se vos coñecíades, ela é Leire

- Non - ela, toda encantadora - é un placer

- O mesmo digo - eu, sorrindo para disimular as ganas de irlle ó pescozo - bueno eu teño que marchar

- ¿Que querías? - el, serio

- Nada - eu - non creo que este sexa o momento

- Proba - el, serio

- Non, nada, en serio - eu, desfacéndome - marcho

- Por min podes falar con total tranquilidade - ela, con retranca - non son celosa

El xira a cabeza cara ela nun acto reflexo, e non lle debiu poñer moi boa cara porque a ela borróuselle o sorriso cínico dunha sentada

- Vémonos á noite e falamos - el, serio

- Si, pero tarde, vou de cea - eu

- *Que veciños tan ben levados - a outra - ¿pedídesvos permiso para todo?*

- *Non nos pedimos permiso - eu - informámonos, encantada eh - eu, marchando*

Decir que me sentía coma unha completa imbécil era decir pouco, porque el estaba cá súa moza e por enriba eu seguíalle o rolo, e quedara con el para durmir esa mesma noite. Tía, pásaste. Desde a cocíña vinos xuntos, el facía a cea e ela falaba moi sorrinte. A min case me da algo, comecei a sentirme peor e fun chorar á habitación. Tirada na cama, no seu lado, no que ulía a el chorei. Era un auténtico fillo de puta, diante dela parecía que a odiaba e que me quería a min, pero desde a cocíña non, comportábase con ela coma conmigo. ¿Onde me poñía a min eso? fóra, fóra de todo, só bueno é que nin sequera podía decir que so fora sexo, nin sequera eso, case me sentía coma unha muñeca cibernética de compañía. Claro como ela era rubia e guapa. Erguínme, mirei o reloxo e vin que aínda tiña tempo. Saquei a roupa da cama e boteina a lavar, saquei o aspirador e repasei ó milímetro o colchón, vaporiceino e sequeino. Achegueime, non ulía, xa non ulía a el. Fun ó armario, collín as sabas, boteinas; collín a funda nova, que acababa de mercar nas rebaixas e boteina. Só esperaba que a outra non fose demasiado mala porque a botara a lavar cás plumas incluídas, pese ás múltiples recomendacións do fabricante. Collín o vaporizador e purifiquéi a porta e a mesa e as sillas da cocíña. Non lembraba que tocase máis nada. Despois collín un bote de colonia, da miña, e perfumei toda a casa, ata me pareciu colocarme un pouco. Con todo saín e paseino de medo. Case caio na trampa emocional de enrollarme có gilipollas de ventas que me anda detrás, este sí que só por sexo, debo se-la única solteira dispoñible do traballo que non se enrollou con el, o pobre está máis usado que os boletíns de reclamacións. Por sorte abriu a boca e jodiuna, nunca llo darei agradecido por moito que viva, ata me comezou a caer ben... é un xeito de falar. Pero a noite non estivo mal, as miñas compañeiras e algún dos meus compañeiros son uns cachondos mentais. Cheguei á casa, soa. Abrín a porta, o primeiro que fixen, despois de prende-la luz foi mirar para o chan. Estaba visto, había unha nota de Bruno "avisame cando chegues, estou esperto". Non o avisei, non me apetecía velo, conseguira pasar toda a noite sen senti-los pinchazos que me daban no corazón ó pensar nel; pero ó ve-la súa nota comezaban de novo. Non me apetecía escoitar ningunha mentira como escusa, non me apetecía descubrir que el

leire e compañía

era coma todos. Non me apetecía ver caer ó meu heroi de perfección, non me apetecía nada, así que collín e volvíñ tira-la nota no chan. Quitei a roupa e deixeiñ tirada por toda a habitación, unha peza en cada esquina e o suxeitador colgado na manilla da porta. ¿Ves, Leire? se el estivese aquí non poderías facer tal, ¿merece a pena semellante sacrificio por alguén que te usa de peluche? a verdade é que non. Decidira non volver permitir que durmira connigo, case nin quería velo, nin moito menos aguanta-los seus comentarios sobre a miña inmadura maneira de enfrontarme ó mundo. A tomar por saco, seguro que o estaba pasando de medo cá rubia aquela, ou peor aínda, que o pasara de medo cá rubia aquela e viña relaxarse connigo, ¡pervertido! ¡bígamo!. De metida na cama durmín axiña.

Á mañán seguinte, sábado, espertei cansa, abafada pola colonia, que ben valía o que custaba. Cando cheguei pola noite non o percibira pero ó espabila-los sentidos notaba a persistencia do tufo, ulía ben, pero todo na súa medida. Erguínme abri-las fiestras para que a corrente levase o perfume, ou que polo menos o degradase algo, e volvíñ para a cama. Alí estaba eu, tan ricamente, toda tirada, e toda estirada. Estirada ó máximo, había xa meses que non estaba soa, en realidade pasara moi poucas noites soa no piso. Tamén era certo que Bruno me daba mellor despertar, pero aquilo debería ser probablemente máis ó axetreo da noite de marcha que á falta de compañía nos soños. Pechei os ollos e durmín. Non debiu ser moito, non mirara o reloxo ó erguerme. De súpeto un pinchazo no corazón, unha coitelada asasina

- ¡A caixa! - eu, en alto - ¡a caixa!

Non estaba, Deus, non estaba. O tempo parou en seco, e na miña cabeza tan só unha cousa, a imaxe véndome abri-la porta do armario, collendo a funda polar, e un vacío. Alí tiña que estar a caixa, alí mesmo; debaixo da funda polar.

- Tranquila - eu - tranquila, seguro que son alucinacións da esencia de violetas esta, tanto aforrar, merco perfumes de imitación e despois pasa o que pasa

O corazón foi recobrando o seu ritmo normal e conseguín saír da cama, fun cara o armario, a modo, pechando os ollos e rezando para que todo fose froito da miña

leire e compañía

imaxinación. Abrín a porta, baixei a vista ó estante da caixa, e ¡noooooooooon! Non sei que forza me mantivo ergueita, nin que enerxía me alimentou cando se me foi o aire dos pulmóns e o sangue parou de circular. Volvín mirar, e outra vez, unha máis. Pero a condenada caixa non aparecía.

- Porriba de sátiro, mangante - eu - o tío rouboume a caixa, por eso sorría así aquel día, será cabrón

Tratei de tranquilizarme, abrín todo-los caixóns e revisei o armario de arriba a en baixo, non fose que as bágoas do día anterior non me deixasen ver que cambiara de sitio a caixa. Non, non a cambiara, estaba segura, só collera a funda, as sabas do estante de arriba e pechara a porta. Non tocara a caixa, porque non estaba. Seguro que fora el, máis que seguro, fóra el. Fun á cociña, abrín a persiana, abrín a cortina e vin que había movemento no seu piso. Daba igual que estivese a rubia petarda, dábame igual todo. Collín a bata e aló fun. Pasei do timbre, pegueille uns cuantos golpes á porta, así ía desafogando.

- ¿Que pasa? - el, estrañado, a min con esa cara de "inocente"

- ¿Como que que pasa? - eu, cabreada - ¿onde está a caixa? - eu, a berros

Escoitouse o ruído da porta da veciña, asombrábame a súa capacidade de estar a todas, non había nin dous segundos que a vira controlando a caída das miñas cortinas.

- Entra - Bruno, agarrándome do brazo, e mirando para as escaleiras, como comprobando se a outra pillara algo - ¿a que ven esto?

- ¡Sóltame! - eu, resistíndome (si ho)

- Tranquila - el, pechando a porta - ¿que che pasa?

- Que me roubache-la caixa - eu - eso é o que me pasa

- Eu non teño a caixa - el

leire e compañía

- *Non me importa se a tes ou non - eu - quero saber onde está, e queroo saber agora*

- *Eu non a teño - el, poñéndome dos nervios cá súa pasividade*

- *Volta outra vez - eu - ¿que onde está, coño?*

- *Tranquilízate - el, intentando collerme dos brazos*

- *Non me da a gana e non me toques - eu - ¿para eso durmías connigo? ¿para quitarme a caixa? váites, onte cando saín de aquí pensei que só era para estar entretido mentras a outra non te viña visitar, pero xa me parecía moito.*

- *Eu - el, tratando de explicarse mentras eu collía aire*

- *¿Ti que? - eu - roubáchesma, pois vaste joder, porque non ten nada de valor, nada que non teña valor máis que para min, así que xa ma estás devolvendo*

- *Eu non a teño - el, có mesmo*

- *Mira tío - eu, xa dos nervios - dame igual que a teñas ti ou mariasantísima, quero a caixa e queroa agora, non me cabrees*

- *¿Vasme pegar? - el, sorrindo*

- *Voute matar - eu, agarrándoo polo pescozo - como non ma devolvas mátoe*

- *Pois xa podes ir comezando porque eu non a teño - el, sorrindo sen tomarme en serio, cousa que me desquiciaba*

- *Eso xa o veremos - eu*

Comecei a abrir todo-os caixóns que vin, a tirar todo no chan, sen complexos, coma se fose a miña casa, nin de coña, na miña casa tería máis coidado. Rompín algo, un cuadro cunha foto creo. Despois fun á cocíña e fixen outro tanto, non había nada.

leire e compañía

Saín da cociña e fun ó cuarto de baño, el seguía de pe na porta, onde o deixara, sen inmutarse, eu cabreeime máis aínda. Despois o baño, e o salón, e unha habitación que debía se-lo seu despacho, aí emocioime porque el pareceu alterarse, ó seu estilo, un pouco; pero deixoume face-lo que me pareciu, aínda non sei que forza misteriosa conseguiu que non mandase pola fiestra todo aquel despliegue tecnolóxico que tiña alí metido, parecía o despacho da axencia espacial; pero a caixa tampouco estaba. Eu non volvía en min, a reacción violenta non me fixo acougar, só me quedaba o dormitorio. Entrei esperando atopar á outra, pero non, a cama estaba feita e todo asombrosamente impecable, non había problema eso íao solucionar eu axiña. Abrín o armario, era inmenso

- Por favor Leire - el, desde a porta - con cariño

- ¿Eh? - eu

- Non me fagas volver a planchallas - sinalando ás camisas

Non, por Deus, foi decirmo e collelas por lotes e tiralas na cama, non chan ou onde me cadrou. El non fixo nada, só quedou mirándome, poñéndome máis nerviosa aínda. Tirei con todo có que podía, có armario non puideren, estaba empotrado, foi o que o salvou, tirei ó chan todo o que antes tirara enriba da cama e desfixena por completo, a patadas arriconei o que había no chan para poder mirar debaixo da cama, se fose un pouco racional comezaría por aí, pero que se lle vai facer.

- ¿Convencida? - el, tranquilo, na porta

- Non - eu, que non acougara de todo

- Claro que non - el, serio - aínda che falta algo por mirar ¿non si?

- ¿O que? - eu, indo cara el - ¿a ala norte?

- Non - el, sorrindo - eu

leire e compañía

Mireino de arriba a baixo, pensando en que se tiña aquel corpo cunha caixa de madeira dentro vaia merda de tío e debíuseme notar na cara

- Podo estar modificado xeneticamente para agachar caixas - el, vacilándome

Estiven a punto de ulirle o alento

- Toca, toca - el tocando os abdominais, ha, ha, para min que o da cociña non era faraña

E tiven que lle facer caso, metinlle un puñetazo con toda-las miñas forzas e con toda a miña mala idea, as forzas non son moitas pero a mala idea. El doblouse, demostrado de abdominais aquilo non debía ter máis que o nome.

- Se tiveras unha caixa de madeira aí metida non te podías doblar así - eu, seria

- Xa che vale - el, partíndose, a outra debía ser unha fenómeno, conmigo nunca se espertaba de tan bo humor

- Durmiches ben, seica - eu, a ver se me enteraba dalgo

- Non durmín - el - aínda levo a mesma roupa ¿ves?

- Daquela a cousa foi ben - eu, que xa me arrepentía de non tirarlle algo á cabeza - a tipa debe ser fenómeno, eu nunca te deixo tan contento

- Estiven só, esperándote - el, serio, menos mal, xa estaba comezando a pensar que mo cambiaran - ¿non viche-la nota?

- Si - eu - pero non me apetecía estar contigo

- Mellor soa que mal acompañada - el, serio, como ten que ser - porque viñeches soa, ben me puidiches avisar de que

leire e compañía

- *Se xa sabías que viñera soa é que me escoitaches chegar, se non te avisei por algo sería - eu, sería por fora*

- *Tiñache comida preparada por se traías fame - el-mamá*

- *Sáin cear, eso sí que cho dixen - eu*

- *Tamén supoño que cearías o día que foches a Santiago pero comeches algo antes de deitarte - el, carallo que control*

- *¿Que queres que che diga? - eu - ¿que o sinto? non o sinto, gracias por todo, pero non facía falta, seime valer eu mesma, sei comer cando teño fame e durmir cando teño sono, non me fas falta - veña, todo de golpe*

- *¿Quedamos hoxe? - el, que nín se inmutou*

- *Non, Bruno, non imos quedar máis - eu, Deus como me mirou, partíume en duas*

- *Pensei que ti o entendías - el, cá voz cortada*

- *Eu tamén o pensei - eu - pero o único que facía era entende-lo meu punto de vista, o que eu pensaba que estaba pasando entre os dous, pero vinte con ela e decateime de que o único que querías era a caixa*

- *Non creo que penses eso de min - el, volvendo ó seu*

- *E eu non creo que ti saibas o que eu estou pensando - eu - ó mellor non me coñeces, só cres que me coñeces; pero bueno, da igual*

- *Non, non da igual - el*

- *O que ti queiras, eu marchó - menda*

- *¿Non me vas axudar a recoller todo esto? - el, serio*

leire e compañía

- *¿Vasme devolve-la caixa? - eu*

- *Eu non a teño - el*

- *Pois eu non che vou axudar - eu, abrindo a porta e saíndo - faino ti se queres e se non déixao así, que lle da un toque máis informal*

Saín, abrín a miña porta

- *Leire, por favor - el, cá voz quebrada de antes*

Á veciña caiulle algo que tiña na man, eu dei volta para miralo pero el xa se metera dentro. Quedei esperando, sen ser capar de ir cara el. Entrei, pechei a porta, despois a veciña pechou a súa. Fun correndo á cocíña pero el xa baixara a persiana. Comecei a chorar, sentínme a persoa máis mala do universo. Estiven chorando toda a fin de semana e o luns cando me erguín có sol coándose pola fiestra pensei en que el nin sequera se desculpara polo da outra, nin unha mínima explicación, e por enriba ese aire paternalista que me poñía dos nervios. Dacordo en que entrar na súa casa e poñerlla patas arriba non é algo moi civilizado, pero o de deitarse conmigo, empregando o truco do neno traumatizado, para roubarme a miña caixa tampouco era algo digno de alabanza. Porque el moito eu non a teño eu non a teño, pero nin sequera se molestou en negar que ma roubara.

En todo o mes non coincidimos máis, mellor pensaba eu. A fin de semán ía quedar na casa porque o único plan que me propuxeran era o de saír con Oscar e algún amigo seu, nin falar, fíxérao unha vez e nunca máis, sempre remantan falando de non sei que fenómenos naturais, todo tan científico e claro como eu non teño nin idea aproveitan para meterme cada trola, eu tratando de que non se me note que non sei de que falan e eles veña a vacilarme. Por suposto ó meu irmán díxenlle que xa tiña outra cousa pensada. Estaba máis tranquila, só sentía picadiñas no corazón de cando en vez, sobre todo ó pasar diante da cocíña e ve-la súa persiana aínda baixa. O domingo fun á aldea, como me deitara cedo o sábado. Nada novo polas verdes pradeiras. O luns cando saín do traballo, pola noite o de seguridade díxome algo que me deixou paralizada

leire e compañía

- *Hoxe non veu o teu admirador - o garda*

- *¿Que? - eu, emocionada*

- *Non poñas esa cara que non é guapo, é un arrastrado, debe andar pedindo, pola pinta; é fraco e ten unha barba que lle chega á rodilla - el, esaxerando, para facerme sentir ridícula*

- *Home, non todos van ser tan guapos coma ti - eu, ofendida, vamos - ¿e por que dis que é o meu admirador?*

- *Porque te ven ver a ti - o garda, parecía que o decía en serio*

- *Cá de mulleres que traballamos aquí vaise fixar precisamente en min - eu, quitándolle importancia, xa*

- *En serio, tía - el - ó primeiro pasoume desapercibido, pero despois xa se me foi facendo moi visto e controleino, cheguei a pensar que era un psicópata pero o rapaz chega un pouco antes cá ti, agáchase detrás da columna cando ves de fronte e despois observa como entras, e o mesmo cando saes. Nin te sigue nin se che achega, téño controlado - mirándome - por eso non te preocupes, non te sigue, un día saín ver que facía e marchou para outro lado*

- *Estasme acojonando - eu, un admirador si, aínda que fose feo, pero un psicópata*

- *Non, muller - el - igual é algún ligue que deixaches plantado*

- *Calquera cousa - eu - a min sempre me deixan eles*

- *Pois xa che digo, é alto, fraco, con barba - el*

- *¿Con barba? - eu, Bruno*

leire e compañía

- *Si xa cho dixen antes - el - parece un deses executivos que se viñeron abaixo cá crise do once, como abandonado á súa sorte ¿sabes como che digo? sen ilusión*

- *Sei, sei - eu - ¿e dis que hoxe non veu?*

- *Non - el - eu non o vin, e a compañeira da mañán tampouco, para que vexas que nos preocupamos*

- *Moitas gracias - eu - se o volves ver avísame ¿vale?*

- *¿Non irás falar con el? - o garda - mira que se está tolo de verdade*

- *Non, non te preocupes, creo que xa sei quen é - eu - ¿avísasme, vale?*

No fondo non me parecía posible que fose el, tampouco creo que a miña reacción o levase a ese extremo; pero todo encaixaba, vivimos enfrente un do outro e aínda que el é moito máis civilizado cá min, algún ruído sempre se escoita, e por moito que repasaba na miña memoria, non conseguía lembrar ningún. Cheguei á casa feita polvo. A veciña estaba nas escaleiras falando con outra muller, nin me molestei en escoitar a quen estaban esfolando. Ó pouco soou o timbre.

- *Ola - eu*

- *Ola - unha señora cun sorriso - perdoa que te moleste, son a nai de Bruno, se non che importa quería falar un momento contigo - sinalándome á veciña, pedíume por señas que a deixase entrar*

- *Pase, pase - eu - mellor na cocíña que é o único sitio onde hai asentos - mentras pechaba*

- *Éche ben máis bonito o teu piso có do meu fillo - ela, toda natural - ten máis luz, é máis alegre, claro que eso igual non é culpa do piso - con sorna*

- *Igual - eu - venme reñir*

leire e compañía

- ¿Eu? - *ela, sorprendida* - *¿e por que ía facer tal cousa?*

- *Se ven recomendada pola veciña estráñame que non traía un misil ou algo apuntándome á cabeza* - eu

- *Á veciña xa a coñecemos todos, non te preocupes* - *ela* - *poucas veces veño, pero en dous minutos estou ó tanto de todo o que pasa no edificio, a muller abúrrese, pero non é mala xente*

- *Non* - eu

- *Ten mala lingua* - *ela* - *pero se te ten que axudar haino facer, xa verás*

- *Espero non ter que comprobalo* - eu

- *Eu chámome Fina* - *ela*

- *Encantada, eu Leire* - eu

- *Algo xa sabía, si* - *Fina* - *vin porque me chamaron do traballo de meu fillo, dis que hai un mes que non vai por alí, a min estráñame porque aínda falei con el antonte e non me dixo nada, nín que deixara o traballo, nín que o botaran*

- *Pois eu pouco lle podo aclarar* - eu - *hai bastante que non falamos*

- *¿Enfadáchesvos?* - *Fina* - *noteino algo triste, pero como o pobre é como é tampouco lle dei importancia*

- *Si, tivemos unha discusión algo acalorada* - eu

- *É bo rapaz, pero ás veces sácate de quicio ¿non si?* - *ela*, *pois si que era unha cachonda mental*

- *A min si, polo menos* - eu

leire e compañía

- A veciña díxome que había tempo que non viña pola casa - ela - e se Piluca o di, debe ser certo - esta tía é moito - traio unha chave do piso do meu fillo, e viñache pedir que me acompañases, porque eu non sei como localizalo, o móvil teno apagado, e no da casa deixei un cento de recados e nada, quitando a chamada de onte, e notábase que non os escoitara, non sei del. A min dame medo ir soa.

- Muller - eu - é a casa do seu fillo

- Non é que pense atopar algo raro - ela - é que non sei

- Eu vou con vostede se quere, pero non creo que ó seu fillo lle guste que o faga - eu

- Que pouco coñeces a Bruno - Fina - non lle tes que facer caso ó que di, só quere botar fora á xente que non lle interesa

- Eso é o que trato de decirlle - eu

- Non creo que sexas ti unha desas persoas - ela

Fomos, ela abriu a porta, e a min case me da, o moi cabrón non recollera nada; deixárao todo estrado.

- ¡Ai que mo secuestraron! - Fina, asustada - ¡o meu fillo! xa se me facía

- Fina, tranquila - eu - esto non é o que parece, esto fixeno eu; pensei que o recollera

- Debiute picar ben - Fina, mirándome algo mal - porque

- Sí, a verdade é que me cabreou bastante - eu

- Pero filla - ela, decíndome que me pasara - ti tamén

- Para min era importante - eu

- Debía ser, non cho nego - ela, escandalizada

leire e compañía

Entrei na habitación, víase o sitio de durmir enriba das camisas e as mantas do chan. Desfíxome o corazón, case me poño a chorar alí mesmo.

- *Eu ben sei que non é cousa miña - Fina*

- *¿Pero? - eu*

- *Parezo Piluca ¿a que si? - coma unha nena picara*

- *Si - eu - rouboume unha caixa*

- *¿Meu fillo? - ela - aí non, meu fillo non*

- *Bueno, el quitouma, supoño que os seus motivos tería, non creo que fose exactamente por privarme dela - eu - pero non ma quere devolver*

- *Seguro que o fixo para facerte rabear - ela*

- *Non, para facerme rabear ándase enrollando cá súa moza - eu*

- *¿Con Sandra? - Fina, ó borde do ataque - ¡ai, non! eso si que non cho creo, nin creo que cho dixese sequera, non, aí estás enganada. No da caixa non digo nada, pero o de Sandra téño clarísimo*

- *Pois eso era o que parecía - eu*

- *Pero muller, tendo unha moza tan xeitosa coma ti ¿para que ía el - Fina*

- *Eu non son súa moza - eu*

- *Pero se Piluca me dixo - ela*

leire e compañía

- *Que durmimos xuntos - eu - durmir, no sentido de durmir, sen máis; eu supoñía que era un proceso de adaptación, xa sabe*

- *Sei, nena, ben cho sei - ela - e non creo que te enganes*

- *Pois daquela explíqueme o da outra - eu*

- *Aí engánaste - dándome unha aperta - dígocho eu, ou moito cambiou meu fillo ou engánaste; e falando desa calamidade, imos buscar por aí a ver se atopamos algunha pista, cando o pille vaise enterar. Cando o pille vaise enterar, facerlle esto a unha nai - xa de coña*

Eu fun ó seu estudio, ela quedou mirando no dormitorio. Só había planos e estudos e canales e camiños e gráficos e nada máis. Na parede había unha foto dun túnel do metro, un que se fixera de probra para comproba-la resistencia da construción á acción do mar, explicáramo meu irmán, coñeciao ben, tivera que ir un día con el, porque tiña que facer non sei que proba e a el dáballe medo, estaba deserto, non o empregaran para ningunha liña e ás veces os morcegos da Casa dos peixes coábanse. A verdade é que era acojonante, pero escoitábase a música do fío musical e de fondo o bater do mar. A min gutábame aquel sitio. Non ía moito pero gustábame. Fixeime na foto e vin un morcego, xenial.

- *¡Leire ven! - Fina, a berros*

- *¿Que? - eu, a fume de carozo*

- *¿Ves? - ela, ensinándome unha foto - meu fillo tamén sabe rir, ás veces parece que se lle esquence pero saber sabe*

Era unha foto de pequeno, nin sequera tiña barba, tiña cara de simpático, de trasniño

- *Era un neno feliz - Fina - pero non soubo facerlle frente á xente*

- *Igual si - eu - ó seu xeito*

leire e compañía

- Muller - ela, volvendo ó bo humor - xeiño non che ten ningún, porque é meu fillo e sei como é que se non

Invítei a Fina a cear pero ela non quixo, marchou por se a Burno lle daba por chamala, deixou sobre aviso a Piluca e eu prometínlle chamala se sabía algo. Entre o de seguridade e Fina non me deixaron pegar ollo, un Bruno desleigado, vagando polas ruas; o garda dixo que delgado, seguro que non comiu nada. Deille voltas e máis voltas, e cando me cansei, erguinme e funo buscar. ¿A onde? el tiña a foto do túnel xusto diante da mesa, onde poñería eu a dunha praia do Caribe, por probar. Puxen un chándal por enriba do pixama e aló fun. Case me arrepiño a medio camiño, o do metro nocturno non me asustaba pero o do túnel abadoado case me facía solidarizarme con Oscar, e mira que lle chamara caguíñas ben veces. Baixei na parada do rectorado, se non lembraba mal, aquela era a máis próxima. Cando fora con Oscar baixáramos pola entrada que está no paseo marítimo, sen embargo aquelas non eran horas por moi bonito que estivese o mar á luz das estrelas, e menos estando tan preto dun cemiterio abadoado. Canto mellor me sería levar unha revista e non entreterme con aquelas chorradas que me facían pensar que o mar batendo era xente do alén. Por sorte, todo estaba moi ben iluminado e o fío musical funcionaba sen parar. Camínei, baixei as escaleiras mecánicas apagadas xa, andiven un pouco máis, tiña medo de perderme, miraba os planos a cada pouco, mira que se había máis túneles que aquel abadoados, mira que se había máis xente vagando por alí, como chocase con alguén morría no acto. Que pouquiña cousa son. Ulía a mar, ás veces negábase a ceder terreo e saltaba polas bocas de entrada, o único sitio que lle deixaran para correr, o mesmo sitio que tiñan os morcegos, o mesmo sitio polo que esperaba que non entrase ninguén máis. Vño de lonxe, deitado un banco. Todo roñoso pero inconfundible, debe ser certo que o que ten retén. Pareciume un ser inocente e indefenso e as picadiñas do corazón volveron. Era imposible que aquela baixada ós infernos fose culpa miña, aínda que no fondo, teño que admitilo, encantábame ter tanta repercusión en alguén, por eso precisamente dubidaba que eu fose a causa. Achegueime a modo, el ergueuse de súpeto. Miroume coma se non me coñecese, desconcertoume.

- Ti - el, coma se lle dese vergoña que o vise naquel estado - ti

leire e compañía

- *Sí, eu, case pensei que non me coñecías - eu - un mes sen verme e, bueno mellor sen verte eu a tí*

- *¿Como me atopaches? - el, tratando de limparse un pouco*

- *Déixao estar, o que che fai falta é unha ducha - sentándome ó seu lado*

- *¿Quen che dixó que estaba aquí? - el*

- *¿A quen lle dixeches que estabas aquí? - eu*

- *A ninguén - el*

- *Daquela será que non mo dixó ninguén, veu túa nai e entramos no teu piso, vin a foto no teu despacho e - eu*

- *¿A foto? - el*

- *Sí, a foto deste túnel - eu, el que me mira cun sorriso encantador*

- *Porque dis que é deste túnel, son todos iguais - el*

- *Serán, pero aquela foto é deste túnel, ademáis ten un morcego - eu*

- *Es a primeira persoa que o reconece - el - é increíble*

- *Non lla ensinarías a moita xente - eu*

- *Eso tamén é certo - el - así que miña nai viu o piso*

- *Sí, ó principio pensou que te secuestraran pero xa lle expliquei que fora eu, a ti xa che vale, poideches recollelo - eu*

leire e compañía

- Non, non tiña forzas, non podía - el - eu falei hai pouco con miña nai ¿que estaba facendo aquí?

- Chamárona os do teu traballo - eu - porque parece ser que desapareceches sen avisar

- ¿Estaba moi preocupada? - Bruno

- Home, a ti que che parece - eu - cando marchou parecía tranquila pero igual lle podías explicar de que vai todo esto, e a min tamén, de paso

- Non vai de nada, non pasa nada - el - só precisaba estar só

- Claro, e como na túa casa viven cen persoas tiveches que vir aquí - eu - veña, admito que a miña reacción foi desmesurada pero tampouco creo que

- Non foi por eso, polo menos non todo - el - linche na cara o que pensaches ó ver a Sandra e quería explicar, agardei toda a noite, supuxen que te enfadaras conmigo e cando te vin pola mañán dei gracias pola oportunidade de volverche falar, doume igual que puxese-lo piso patas arriba, doume igual todo menos que non confiases en min

- ¿Estrañarache? - eu, este de que vai

- Non, non me estraña, se só che poidese decir - para - pensei que ti o entendías

- Eu tamén, pero en certos momentos pásaseme pola cabeza eso de todo-los homes son iguais e, a verdade, naquel momento pareceume que era así - eu

- Xa - el - o día que che preguntei porque te enfadaras cás túas compañeiras non era para sabe-lo motivo, seino de sobra, sei perfectamente o que vos estaba contando Alonso, eu só che quería decir que ese día, cando te ergueches e lles fixeches fronte, cando fixeches calar a Alonso, ese día namoreime de ti. Naquel momento cadrou todo, o que decía teu irmán de que non eras o que parecías, o que eu pensaba que

leire e compañía

eras borrouse, deixaches de se-la niñata superficial que eu pensaba que eras. Aquel día namoreime de ti - el, que o decía en serio, eu emocionada - aferreime a aquela mirada túa, aquela cando pasaches polo meu lado, sentín que era-la única persoa no mundo que me comprendía, sentín que me coñecías. Tratei de achegarme a ti, pero sempre poñías esa barreira, para min insalvable. Despois tardei en volverte ver, ata a boda, sinceramente non esperaba que foses

- ¿Por? - eu - porque había tempo que non me falaba cás pijas aquelas, porque sabía que o facía para botarme en cara que eu era a única que quedaba solteira, a punto estiven de non ir, ata que Adela me dixo quen era o noivo, daquela, sen máis ir á boda de Olga fíxose case unha obriga

- Non debiu ser fácil - el

- Non - eu

- Pois levachelo moi ben - el - sobre todo tendo en conta que Alonso - nun ton estraño

- ¿Que Alonso que? - eu, a ver se se aclaraba

*- Que che gustaba, bueno - rectificando ó verme a cara - eso era o que decían todos
- Así que eso decían todos - eu, maquiavélica - pois non sei porque o decían todos, porque eu contárallo en segredo secretísimo a Olga, vamos que llo fixen xurar pola salvación da súa alma*

- ¿Daquela era certo? - el

- Que ía ser certo, home - eu - Alonso é un cretino, eu aguantábao porque era compañeiro de Oscar, se non ás veces tiña mandao coloniza-lo sol

- ¿Daquela? - el, sen entender

- Daquela, agora vasmе odiar, de veras - eu - pero da igual, foi por unha causa xusta

leire e compañía

- *Se é así - el, sorrindo*

- *O caso é que desde que nos coñecemos Olga casualmente sempre se acaba enrollando con alguén que algunha do grupo dixera que lle gustaba, a min suábama, porque entre niñatas que se maten, pero ninguén lle decía nada, así que supuxen que eran casualidades ou o destino. Pero tiñamos unha compañeira de clase, que era moi riquiña, Mónica, non estaba na nosa manada, coincidíamos con ela nalgunhas asignaturas, eu máis ben, as outras non. Un día tomando algo na cafetería díxonos que lle caía moi ben un rapaz da clase. Ó día seguinte vin a Olga sentada ó lado dese tío falando de non sei que apuntes dos que ela nin estaba matriculada e cabreeime. Mónica non asociou á conversa á repentina amizade de Olga, pero eu si; así que decidín darlle un escarmento, deille voltas na cabeza ata que dei có cretino máis grande que coñecía, Alonso era perfecto, non me gustaba en absoluto, relacionábame con el suficiente para que parecese certo que me gustaba e por enriba era un completo gilipollas para que a outra fose ben servida se se lle ocorría ligar con el. Eu pensei que non me funcionara, ata me sentín culpable por pensar mal de Olga, pero o día que me chamou Adela para invitarme á voda foi un dos máis felices da miña vida*

- *Os moi retrasados levaban tempo saíndo ás agachadas para non facerche dano - el, partíndose - e Alonso índose de don Juan perdoavidas, aínda que se non lle chegas a bota-la bronca aquel día el nin lle facía caso á Olga, porque ti gustábaslle en serio*

- *Seguro - eu*

- *Si, pensei que cho dixera - el, asustado - para min que che entrara algunha vez*

- *Igual si, de calquera xeito, nin de coña - eu - nin de coña quero nada con este elemento, era insufrible*

- *Un pouco si, a verdade - el, sorrindo - que perigo tes, miña filla, así estabas de feliz na voda do ano, que cabrona... - para - ¿como che dou por corta-lo pelo? quedache mellor así - sen darme tempo a respostar - aquel día cando nos cruzamos no semáforo non te recoñecín, quedeime mirando para ti un anaco antes de saber quen eras, pensei que me deran outra oportunidade cando viñeches vivir xunta min e non*

leire e compañía

quería desperdiciala, non sei como van estas cousas, nunca se me deron demasiado ben, fago o que podo, o da caixa veu despois e non ten nada que ver con nada, só é pola túa seguridade

- Pola miña seguridade - eu - claro, ¿sabes? cando ma dou meu padriño, de pequena sempre pensei que tiña un demo agachado dentro, lera unha historia sobre unha caixa así, non había quen mo quitase da cabeza, ó final ía ter razón

- Hmmm - el, mirándome mal

- Mira Bruno, xa son grandíña, quero vivi-la miña vida, non necesito que me protexan de nada, nin que me fagan a comida nin que se me oculte nada, quero alguén en quen confiar non un gardacostas - eu - dime dunha vez de que vai o lío este e levarémonos ben

- Eu non che roubei a caixa, agacheina - Bruno - así se che preguntan non che poderán facer nada porque só eu sei onde está

- E dalle - eu - mira mamá queres que che volva repeti-lo discurso

- Non - el, sorrindo - é que non sei por onde comezar, e tampouco se fago ben en contarcho - mireino mal - está ben, ti o quíxeches. ¿En que viñeches?

- ¿A onde? ¿aquí? - eu, sorprendida - en metro

- Daquela se alguén te seguiu vería-lo - el

- Si, cá de veces que mirei atrás, pero quen me ía seguir - eu - ¿durmiches algo?

- Non - el

- ¿E comeches? - eu

- Quen é agora a nai - el - estou ben

leire e compañía

- Seguro - eu

- Non te seguiu ninguén - el

- Non creo, ademáis, có anaco que levamos dándolle ó pico estará morto de asco por algures - eu - ou tirándose dos pelos

- Esperemos que sexa así - el - o inxeñeiro que deseñou este

- Ó que lle chamades spiderman porque fixo un trazado que semellaba a tea dunha araña e ademáis a presentación do proxecto coincidiu có estreno da segunda entrega dunha superproducción do mesmo nome, conseguí nun trazado atende-las necesidades comunica

- Vexo que sabes ben a lección - el, sorrindo

- Algo me quedou das duascenas cincuentamíl veces que mo contou meu irmán - eu - tamén foi o que fixo o dos trasvases entre os ríos de gran caudal

- Si - el - pero eso foi despois

- E polo que teño entendido case llo joden có ben que o tiña organizado - eu - ou polo menos eso é o que di todo o mundo

- Si, pola avaricia duns poucos case se converte nunha cesión involuntaria de auga a unha determinada zona xeográfica, que por estas casualidades da vida coincidía cá residencia de vran do presidente do país naquel momento, o enxeñeiro e máis algún máis ó se decataren da desvirtuación do proxecto actuaron á marxe da legalidade facendo desaparece-los planos das estruturas mencionadas

- ¿Pero están feitas ou non? -eu

- Si, infraestrutura está, ou eso se comenta, o malo ou o bo do proxecto é que a súa estrutura de tea non permite o funcionamento aillado dunha sección e sen os planos

leire e compañía

non se pode desvia-la auga eficientemente ó seu destino, podes abrir comportas e máis comportas e que a auga non se move do sitio, ou manda-la a calquera outro sitio

- Pensaba que se decataran antes de comezar cá construción dos canais - eu

- Eso foi o que se dixo oficialmente, máis que nada para non pulsa-la alarma social, que non se lle sublevase a xente, aquel foi un escándalo de primeira, cambiaría o verde polo árido no mapa - el - pero eu creo que xa estaba todo construído, porque fora por aí por onde se comezaran as obras, e é de supoñer que as fixeron todos xuntos

- ¿E quen proxectou eses canais adicionais? ¿porque ós obreiros non lles daría por facer buracos sen máis? - eu

- Foi un dos axudantes do spider, e de aí que o descubrisen e o poidesen boicotear cambiando o sistema de comportas dos outros canais - el

- Ben, xa me sinto moi informada, moi posta ó día na corrupción prehistórica, e agora dime que ten que ver todo esto cá miña querida caixa - eu

- En realidade nada, pero teu padriño era por aquela época mozo da inxeneira da fundición onde traballaba, que ó mesmo tempo foi a encargada de deseña-la maquinaria, que foi feita a propósito para o proxecto. Ela máis spider fixeron desaparece-los planos dos canais adheridos, denunciaron ó axudante, vamos que foron os que tiraron da manta. Estaba ameazada de morte, en realidade moitos dos directivos da fundición por un grupo armado que se opoñía á colaboración no proxecto e cando morreu nunha explosión foi este grupo o que asumiu a responsabilidade. Os planos non aparecían e encargouse unha intervención xudicial para poñe-los a bon recaudo, ó que lle jodía ó goberno era non te-los planos para poder desfacerse tamén do enxeñeiro, e foi o que lle salvou a vida. A teu padriño tiverono baixo vixilancia moito tempo, a el dixéronlle que para protexelo, rexistraron todo, a súa casa, as súas pertenzas e incluso, xa ó final do proceso o tiveron retido baixo a acusación de espionaxe industrial. Soltárono, penso que non sabía nada, ou

leire e compañía

se o sabía tiña unha forza extraordinaria que lle fixo aguantar-la presión, que non foi pouca, non vaias pensar

- ¿E ó inxeñeiro non lle fixeron nada? - eu

- El foi o que denunciou, digo eu que lle terían moitas ganas, pero era, un tipo con moito poder e moi intelixente, a el, nin o podían eliminar nin aliarse con el; un profesor meu decía que era incorruptible por certo delirio de grandeza que tiña, xa sabes quería quedar coma o gran benefactor incorruptible

- Un heroi - eu

- Algo así - el - de feito o de spiderman non lle molestaba en absoluto, de calquera xeito e por sorte era un tío legal. E en definitiva, teu padriño, sabes que cando te deteñen queda na túa ficha persoal

- Si, sei - eu

- Cando se teclea o teu número de identificación

- Si, sae toda a información - eu - pero supoñía que só certos organismos tiñan acceso a esa información

- Exactamente - el - as forzas da orde, "os hospitais"

- E ti - eu

- Eso ven despois - el - cando ingresaron ó teu padriño, saltou na ficha, e cando botou as mans ó pescozo agarrando a chave decindo que era o tesouro máis grande do mundo gardado para a súa afillada preferida, un médico avisado, asociou a espionaxe có tesouro e pensou en que igual podía sacar algo

- Vamos - eu - esto que é a décimo quinta parte de Spiderman ¿ou que?

leire e compañía

- Hai unha recompensa, aínda sen prescribir de preto de mil millóns de euros - el - así que non é pura fantasía, tes que andar con coidado

- Ben, razoemos, supós que o médico este maí-la enfermera llo van contar a alguén máis, quererán eles a recompensa, e sinceramente con dous atracadores con esas características ben poden - eu - non hai que poñerse así

- Hai varias empresas, non é de todo legal pero hai varias empresas denominadas de carácter estratéxico que teñen acceso a estes ficheiros, refírome a acceso directo, a que cando salta unha alarma deste tipo eles entéranse - el - séguesme, unha desas empresas é a miña

- Bueno - eu - un misterio menos, agora xa sabemos como ti sabes todo o que sabes

- O problema é que non so o sei eu - el - como comprenderás a unha empresa coma a miña, que se encarga da distribución de auga e canalización de recursos ó longo da península e parte do estranxeiro interésase sobremaneira certo tipo de informacións, a verdade é que nunca me preocupeí dos métodos que empregan, de saber como conseguen certos terreos nos bosques protexidos ou en desertos declarados patrimonio da humanidade, sempre pensei que un mal menor podía traer gran beneficio para as comunidades en principio afectadas. Se che digo a verdade nunca me preocupou excesivamente o número de vítimas do meu traballo a miña conciencia ecoloxista redúcese á reciclaxe e respecto ós seres vivos que me rodean, os paraísos lonxanos resúltanme indiferentes

- Vaia - eu

- Quero decir que me resulta difícil supedita-lo abastecemento de auga potable a un pobo a perda da especie do paxariño de turno

- Porque ti non es o paxariño de turno - eu - ó mellor ó pobo interésalle máis ese paxaro que a auga

- Xa, eso é o que estou comezando a descubrir, que non só a auga é fonte de vida - eu

leire e compañía

- *Que profundo - eu, para sacarlle importancia*

- *Sandra está casada cun directivo, cun alto directivo da miña empresa - el, mirándome para que lle lese o pensamento - veu sen avisar, presentouse coma se fôsemos amigos de toda a vida, coma se nunca unha putada me fixera, falando de cousas sen importancia, pretendendo tomar un café coma se nada. No único momento en que puideron adiviñá-las súas intencións foi ó verte; pensei que só viña joder, que alguén lle dixera que estaba saíndo contigo e se propoñía arruinarme a vida, despois fixo preguntas sobre ti, xa sabes, cantos anos ten, leva moito tempo vivindo aquí, onde a coñeciches, se durmides xuntos, a min xa me tocou as narices e díxennlle que sí, que xa había tempo, que vivíamos separados por cuestión de espacio, pero que facíamos vida en común, ela miroume coma se non crese nin unha palabra e díxome algo así, coma "empregaría a famosa escusa de que escoitou ladróns na porta e ten medo"*

- *Puidóo decir por maldade, simplemente, non quererá que che vaia ben, eu que sei, no fondo seguirá namorada de ti - eu, tirando pedras contra o meu tellado*

- *Cando consultas determinados arquivos tes que deixa-lo teu número de clave, eu consultei os arquivos o día que agachei a caixa, mentras o sr. directivo e esposa estaban de vacacións, díxome ela, non supoñía que tivese que facelo ás agachadas, de saber que o asunto tiña tal repercusión pódoche asegurar que o faría. Ó que ía, o mesmo día que volven de vacacións preséntaseme a tipa na casa*

- *Botaría de menos - eu*

- *Non falábamos des que rompemos - el - nin sequera cando coincidimos na empresa*
- *Dacordo, eles tamén andan detrás da famosa caixa, que chorrada, porque non creo que meu padriño tivese nunca eses planos no seu poder, e se sabía o que eran e os tivo habiaos destruír, seguro - eu*

- *O día seguinte ó da nosa bronca, baixei polo xornal, cedo, antes de almorzar, antes de me duchar sequera. Nun cadriño pequeno, na portada, coma un suceso máis falto*

leire e compañía

de importancia falaban dun accidente de circulación, o home faleceu a muller está en coma - mirábame, eu acojanada - el era médico de urxencias no Hospital ela enfermeira. Escapei sen avisar

- Pero non podes pasar aquí agachado toda a vida - eu - seguramente tratan de pagarche para que os consigas, non te van matar

- Saben que sei de que vai o asunto - el - sei que saben

- Se souberan tanto como dis estarías morto - eu - non creas que este traxe de camuflaxe que levas che vai valer de moito, o garda de seguridade do meu traballo xa te ten fichado, ademáis ti non tes caixa, eles non teñen porque saber que a agachaches ti, en todo caso pensarán que a teño eu, ou que a agachei eu, e sinceramente, se me quixeran matar tñano bastante fácil

- Ós outros matáronos pola chave - el

- Vaia chorrada, é unha caixa de xoguete, non fai falta chave - eu

- Eso sábelo ti e os que viste-la caixa, o resto do mundo busca unha caixa blindada, cun sistema dixital de seguridade - el - ninguén ten porque saber como é, nin que o que ten dentro son posiblemente fotos familiares, o que conta é o que pensan que ten e como pensan que é

- Moi ben, aí levas razón - eu - pero o do asasinato é excesivo, por aí non paso

- Díxenlles que a tiña eu - Bruno - e que non lla pensaba dar

- Perdoa, o no do asasinato contábasme a min como posible executora - eu - porque mereces unhas hostias ¿pódese saber porque fixeches tal?

- Quería ganar tempo - el

- Quen o diría - eu - máis ben parece o contrario, perdoa que cho diga

leire e compañía

- *Quería protexerte - el*

- *¿A min? - eu - non sei como, morrendo, ¿e túa nai?*

- *Deixeilles ben claro que non quería máis vítimas - el*

- *¿E a quen llo deixaches tan claro, se se pode saber? - eu, dos nervios*

- *Non sei - el*

- *Tan listiño para unhas cousas - eu*

- *A negociadora es ti - el - agora é o momento de demostrar esa madurez e saber valerte por ti mesma que dis que tes*

- *Se mo dixeras desde o principio - eu - poderíamo-lo facer mellor, e ti non estarías medio morto de fame e , o es , se tes insomnio porque non vas a un psiquiatra para que che recete algo, estás horrible*

- *Deixei a medicación - el - paréceme mellor terapia durmir contigo*

- *Decátaste de que se te matan mentras durmes connigo - eu - sentarías precedente, porque o de teu pai puido ser accidental, pero dous xa case é unha pauta - de coña*

El sorri

- *En serio - eu*

- *Veña - el - non me vacíles*

- *Tes que lle botar un pouco de sentido do humor - eu - ó final a peor parte levouna túa nai e está coma unha rosa*

- *¿Ti cres que miña nai? - el*

leire e compañía

- *¿Que queres que che diga? eu firmaba por morrer así - eu*

- *Estás de coña - el*

- *Non, facendo o amor cá persoa que queres, que máis se pode pedir - eu - para túa nai debiu ser un trago, e supoño que debido ás rexoubas débelle ser bastante difícil ligar, pero teu pai debiu quedar na gloria*

- *¿Pensas que non sufriu? - el - ¿realmente o pensas?*

- *Si - eu - non creo que pensase que o que sentía se debía a un fallo cardíaco, non o creo*

- *Pode ser, de calquera xeito non me gustaría comproba-lo - el*

- *¿Tes un corazón artificial? - eu*

- *Non - el*

- *Daquela non creo que haxa motivo para que chegues a comprobalo - eu*

- *¿Como sabías o do corazón de meu pai? - el*

- *Có que lle gusta falar á xente estráñache - eu - ademáis, razoando un pouco, non fai falta dispoñer dun expediente médico*

- *El tíñao desde pequeno, nunca tivo problemas, cando lle puxeron o definitivo tiña que levar unha dieta moi estricta para non supera-la capacidade do corazón - el - xa sabes como son estas cousas, un día pasouse nunha cousa e tan campante, despois o día da festa noutra, e despois xa eran máis as veces que saltaba a dieta que as que a facía, pero el non o notaba porque distribuía moi ben o esforzo, un día de festa doulle un aviso e tivo que ingresar, advertíronlle moi seriamente que tiña que baixar*

leire e compañía

peso ou someterse a un novo transplante para poñerlle un corazón máis grande. Por un tempo portouse ben, pero

- Ei, tranquilo - eu, pasándolle a man polo ombreiro - é difícil que un pai faga caso do que lle di a xente, pensan que son inmortais, o importante é que disfrutou o que viviu, e ti tamén, espero

- Ás veces aínda o boto de menos - el - tamén puido morrer dunha forma máis discreta

- Si, e meu padriño poñerme outro nome - eu - pero o que nos axudaron a madurar nunca llo imos poder pagar - eu de coña

- Non creas, eu estou aforrando - el, seguíndome a coña

- ¿Imos para a casa? - eu

- Non - el, escandalizado - pensei que o entendías, non podo

- Mira claro que o entendín, pero A Coruña é unha cidade pequena, tarde ou cedo vannos atopar, para que nos imos molestar en fuxir - eu, cá miña lóxica

- Para ganar tempo, Leire; para ganar tempo - el

- ¿Tempo para que? - eu, cansa, sen paixón

- Para averiguar cousas - el

- ¿Que averiguaches neste tempo? - eu

- Nada, só te ía ver ó traballo e volvía, o importante é que estiveses ben - el, eu mátoo

- Si, xa vexo, non importaba que me matasen a cuchilladas pola noite, o importante é que fose ó traballo - eu

leire e compañía

- *Eu, non sei - el, desorientado*

- *Pois eu teño que ir traballar mañán, porque se non o de seguridade aínda vai pensar que me secuestraches, así que vou durmir - eu - ¿vale? ti podes vir connigo se queres, non vexo que fagas aquí agachado*

- *Igual tes razón - el - para que fuxir*

Custoume arrancalo do banco, só esperaba que non tivese razón no do accidente do médico, que non fosen os mesmos. Apeataba, tiña unha pinta horrible, e por moito que dixese debía haber días que non comía. Da parada do metro á casa andivo a modo, no fondo non lle parecía nada boa idea. No semáforo comecei a pensar coma el.

- *¡Deus! - eu - mirando a fiestra da miña habitación*

- *¿Deixaches xente na túa casa? - el*

- *Non - eu, paralizada, vendo as sombras de persoas andando dun lado para outro - ¿imos ver quen son?*

- *Si - el, con seguridade - se facemos coma a veciña igual non nos pillan*

- *Nós a ela sempre a cazamos - eu, baixándolle os fumes*

- *Tamén é certo - el*

Cruzamos, eu có piloto automático porque tiña un medo que non podía con el, Bruno, ó mellor, tamén tiña medo, pero cada vez estaba máis seguro, non era o meniño indefenso de antes, tornárase nun cachimán gardacostas, psicolóxicamente falando, claro está. O portal quedara aberto, mirei a Bruno para recriminarlle aquel case imposible que me dixera unha vez. El sinaloume unha cuña que lle puxeran. Vaia, o pobre sempre tiña que leva-la razón. Subimos polas escaleiras, a min saíame o corazón pola boca, chegados á porta do meu piso estaba paralizada, e no momento de cruzar por diante para seguir subindo morrín. Quedamos no seguinte descanso.

leire e compañía

Non se escoitaban voces, só pasos dun lado para outro, tampouco movían cousas nin abrían caixóns, claro que ben o podían ter feito antes, quen sabe o tempo que levaban alí. Facía moita calor. De súpeto o ascensor. Pasos que entran.

- ¡Que coño facedes! - o que entrou - levo media hora dándovos o aviso, a tía entrou

- ¿Como que entrou? - alguén dentro - nos non a vimos

- Pois eu sí, vina entrar, non viña soa - o primeiro - vamos

- ¿Non sería ela? - outro - nos non a vimos

- Si que era ela, era a mesma que marchou antes, asustárase ó ve-la porta aberta e marcharía correndo - o primeiro

- ¿Viche-la sair? - o terceiro

- Non, poidémonos cruzar no camiño - o primeiro - puido baixar polas escaleiras

- Si - o terceiro, con voz de moi malo - ou pode estar por aquí

- Da igual - o segundo - mellor que non nos vexa, ¿viute?

- Non creo - o primeiro

- Tapade a cara e saíamos - o segundo - rápido

- Non - o de voz de malo - eu quedo, esa cabrona vaime decir onde está a caixa dun xeito ou doutro

Cando escoitou semellante cousa Bruno arrastroume escaleiras abaixo e non sei como, por moito que trate de lembralo, non sei como estábamos no portal, có aire da noite dándonos na cara. Comezamos a correr, el parecía ter un sitio a onde ir, eu corría sen saber. Paramos.

leire e compañía

- *Eu non podo conducir - Bruno - non estou en condicións ¿ti que tal?*

- *Algo mellor cá ti creo que si - eu - pero dime polo que máis queiras que ten cambio automático*

- *Muller, si - el, coma se acabara de decir unha burrada, pois o de miña avoa non o ten e é máis moderno có del*

O pique devolveume a tranquilidade. Dubidei ó prendelo, vía moitas pelis nas que con ese simple xesto se pasaba a mellor vida

- *Non saben onde está a caixa ¿lembras? - el - non te van matar*

- *De momento - eu - que voz tiña o tío aquel*

- *Nin que o digas - el - a ese non lle fan falta armas*

- *¿Cres que nos viron? - eu*

- *Seguramente - el - xa o saberemos, de momento conduce*

Conducín un bo anaco. El íame guiando. Non tiña nin idea de a onde quería ir, el tampouco mo decía

- *¿Tes prexuízos? - el*

- *Algún supoño que si - eu - é unha pregunta un pouco xenérica ¿non che parece?*

- *Referíame a - sinalando a un puticlub que se vía ó lonxe*

- *Non - eu - cada un gana os cartos como mellor lle parece*

- *Ben, mellor así - el - imos pasar aí a noite, é de confianza*

leire e compañía

- *Xa me parecía a min que o teu de estreito era pura fachada - eu, é que todos son iguais*

- *Ei, que a miña relación con ese local é puramente profesional - el*

- *Seguramente elas tamén din o mesmo da súa relación contigo - eu, el que sorrí*

Mandoume meter por unha corredoira do lateral. A porta metálica abriuse automaticamente, entramos. Dentro había un gran xardín, iluminado con candeas invisibles, ante nos abriuse outra porta. Díxome que entrara. Eu obedecía cegamente, morría por sabe-la historia, porque aquilo prometía. Deixamo-lo coche no que debía ser un garaxe, era coma unha nave valeira, non quería nin saber para que a empregaban habitualmente. Saimos do coche. Bruno foi cara unha das portas que había de acceso. Sacou unha chave do bosillo e abriuna. Invítoume a entrar. Era un estudio, moi parecido ó que tiña no piso, un cento de maquinillos, a foto do túnel do metro, moitos gráficos. Abriu a porta interior do estudio

- *Ó fondo está o baño - el - aí está o dormitorio, non hai cociña pero pódennos traer algo se queres*

- *¿Non serás o dono do local? - eu, partíndome*

- *Bueno, se falamos de local en sentido estricto, si - el, serio*

- *¿Que es? ¿a madame? - eu, de cachondeo*

- *Non me vaciles - el, serio*

- *Vale, daquela dime porque non viñeches desde un principio para aquí - eu, porque - en lugar de*

- *Está moi lonxe - el - e tiñas que estar soa*

- *Mátasme, xúrocho - eu - nada, tí o teu, có tempo supoño que te entenderei*

leire e compañía

- *¿Tes fame? - el*

- *Non, a verdade é que non - eu*

- *Pois eu case non vexo - el - vou pedir algo*

E o tío ponse a escribir no ordenador, ós dous minutos escoitase un timbre nunha parede, el érguese e preme un botón e alí está a comida

- *Bo servicio - eu*

- *Si, de primeira - el, sorrindo*

- *Xa o imaxino - eu*

- *Xa che dixen que non tiña que ver có que pensas - el*

- *¿Daquela con que ten que ver? - eu*

- *Ten que ver cun xacento que hai aquí embaixo - el*

- *Non, se ó final vai ser certo que meu irmán está en Tenerife estudiando as fontes subterráneas do Teide - eu, el sorrí*

- *Os cartos só me chegaron para o terreo, e para o edificio, pero non para financia-lo proxecto. A casa parecía abandonada desde fora e un día atopei cá dona de arriba, propúxome aluga-la casa, dividimo-los espazos de xeito que nada interfira no meu traballo, e que poida entrar e saír sen ser visto. Todo está a nome dunha sociedade, eu teño un contrato de exclusividade cá miña empresa e se se enteran desto teño que cederlles todo-los estudos, así que me parece unha boa saída. Ademáis téñemne a casa limpa, a roupa que deixo perfectamente pranchada e a comida é exquisita, sen máis - adiviñando o meu comentario - sen máis*

- *¿De que é o xacemento? - eu*

leire e compañía

- *Dun composto moi parecido á auga - el*

- *Auga tónica non me digas máis - eu, el mírame mal - igual non foi moi boa idea vir aquí, se nos seguiron quero decir*

- *Xa, xa o pensei - el - tranquila, ou traen as forzas de asalto ou aquí non entran, de todo-los xeitos só imos quedar ata mañán á noite, tes que chamar á túa casa*

- *Mellor chamo a Oscar - eu*

- *Non, mellor chama á túa casa, non enleemos máis a cousa - el - se queres claro*

- *Si, para dar sinais de vida - eu - ou mellor chamo mañán ó traballo para decir que non vou ir nuns días*

- *O que menos chame a atención - el - voume duchar, non toques ningún botón, e se queres algo que non vexas por aquí, escribo neste ordenador, só neste, non toques máis nada*

- *Que si tío, xa te escoitei - eu, el que non se fiaba - en serio, vou cotillear pero sen tocar, por estas - xurando e perxurando*

Faltoume tempo, en canto desapareciu comecei a abrir caixóns e botar un ollo ou os dous sen mover nada do sitio, aquilo aínda era peor que o seu despacho do piso, cables e botón por todas partes. Enriba da mesa unha copia da foto que me ensiara Fina, o deste tío era grave. Un montón de libros detrás da maquinaria, tiñan unha pinta de divertidos que tiraba para atrás.

- *¿Ceamos? - el, desde a porta*

- *¿Eh? - pillada in fraganti - que susto*

- *Para que despois miña nai diga que estou mellor sen barba - el*

leire e compañía

- Si - eu, si que estaba si, si que estaba

- ¿A que ven esa cara? - el, coma se non o soubera

- Tes cara de neno - eu - non parece tan serio

- Exactamente por eso deixo barba - el - para que me tomen en serio

- Daquela fas ben - eu - outra cousa non, pero en serio

- Era broma - el, collendo a bandexa da comida - abre ese armario - sinalando unha porta de madeira

Eu fixeno e sae unha mesa impresionante de madeira maciza

- ¿E as sillas que saen, se botamos no chan? - eu

- Non, pero non está mal pensado - el, de coña - terémonos que conformar cás do despacho - foi por elas, non pegaban moito con aquela mesa de coleccionista pero non eran horas de andar con esixencias - come algo, aínda que non teñas moita fame, polo que poida pasar

- Si, claro - eu - aínda que teño máis sono cá fame

- Bueno - el - ¡ah! manga corta - sinalando á camiseta - non me lembraba das camisetas que teño aquí

- ¿E ese milagre? - eu

- Son alérxico á auga - el, é que as ten todas - aquí como utilizo a do manantial este que estou estudiando pois non me escama a pel, por eso me podo afeitar

leire e compañía

- *Vaia, pois ós da industria cosmética non creo que lles guste moito o teu descubrimento, podes poñer un balneario, total as masaxistas xa os tes - eu, el mírame mal*

- *De momento non sei como vai esto - el - nin se ten efectos secundarios*

- *¿Estás experimentando en ti mesmo? - eu*

- *Non me gusta maltratar animais - el - imaxina que non sexa potable*

- *¿Canto tempo levas usándoa? - eu*

- *Non o fago con frecuencia, por eso non me é moi útil, en realidade téño moi abandonado - el - pero non creo sexa perigosa*

- *Se non che escama a pel, xa é algo - eu*

- *Tampouco é que a outra me escame toda a pel, só certas zonas - el, dando máis aclaracións das que debería para non meterse en camisas de once varas*

- *Se ti o dis - eu, vacilando*

- *Digo - el*

- *Bueno, vou un momento ó baño - eu*

- *Hai cepillos novos no segundo caixón - el - colle un se queres*

- *Vas ter que me ensinar moi detalladamente ese estudio que dis que fas aquí, porque non che creo nada - eu*

- *É que o líquido é un pouco corrosivo - el*

- *Xa, menos cá pel, ¿non? - eu, el sorri - collo un - son todos iguais*

leire e compañía

Cando saín do baño el xa estaba na cama, estaba de medo sen barba, ou sería que o cansanzo me facía delirar. Metínme na cama.

- Digo eu - menda - con tanto artilluxio que tes aí, ti ou calquera coma ti, non debe ser moi difícil dar có sistema de comportas dos canais

- Non o é - el - estúdiate na carreira, ese non é o problema, o problema é o dos canais que engadiu o axudante de spider, pódese facer un trazado imaxinario, ou incluso tendo o trazado real, porque supoño que haberá quen o ten, non é posible facer que se canalice a auga cara eles sen que algún revente

- E suponse que o axudante o conseguiu - eu

- Eso é o que se supón, claro que ó non se levar a cabo o proxecto ninguén o sabe con certeza - el - o único que hai son eses planos que andan buscando

- Estaría de coña que non funcionase - eu

- Si de moita coña - el, serio - sobretudo para os que se molestaron en matalo, porque tamén morreu, antes de que poidese declarar

- Mira polo lado bo, polo menos se non funcionan non lle montan bronca - eu

- Si - el - haille servir de moito consolo

- Mellor que non funcione - eu - ademáis, dime, se cambiasen o mapa da Península, e o que agora é húmido se volvese seco, e o seco húmido, á larga tamén cambiaría o clima ¿non?

- Si, á larga - el - pero hai un período no que se mantén, no que se pode controlar, ese período ben pode ser duns centos de anos, calcúlalle as ganancias. Como ti dis, mellor que non funcione.

- Si, boas noites - eu - durme algo

leire e compañía

- Boas noites - cun sorriso

El quedou boca arriba e eu dei media volta; pasaban os minutos e non era capaz de durmir, o meu lado era o outro, a piques estiven de lle pedir que me cambiase; dei media volta, el miroume, erguii o brazo invitándome a durmir sobre o seu peito. Gustábame escoita-lo corazón, era moi relaxante, ademáis ulía moi ben, el quero decír, o seu corazón esperaba non ter nunca o placer de ulilo. Durmín de seguido.

Espertei, tiña toda a cama para min, doume tanto gusto que me esparramei ocupándoa toda e volvín durmir, que carallo.

- Ei, Leire - Bruno, doce - vai espertando

- É moi cedo - eu

- Tes que chamar ó traballo, ¿lembras? - el

- ¡Hostial! - eu saíndo disparada - é certo ¿que hora é?

- Van se-las dez - el - tranquila, xusto a tempo

- Si - eu - có ben que se estaba

- Despois podes volver, ata a noite non marchamos - el

Chamei ó traballo, falei cá miña coordinadora, díxenlle que estaba enferma, cá voz que tiña debíume crer, estaba algo afónica e cá voz tomada de non espertar. Díxome que non me preocupase, que xa o anotaba, que me coidase moito. É moi riquiña, ademáis có cumpridora que son, non creo que se lle pasase pola cabeza que estivese mentindo, eso esperaba. Despois volvín para a cama.

- Este colchón tamén é moi cómodo - eu

- Si - el - desde o seu despacho, sen prestar moita atención

leire e compañía

Erguinme ver que facía, estaba cerrellando naqueles chismes. Pasei del fun durmir.

Espertei pola tarde, non había fiestras naquel sitio, eran as cinco.

- *Bos días - el, sorrindo - tes comida no forno se queres*

- *Sí, teño moita fame - eu, que xa me se me facía a boca auga*

- *Mentras te duchas podes lava-la roupa, dígoo máis que nada pola roupa interior, podo pedir roupa limpa arriba, pero comprenderás que tal como están as cousas non convén chamar moito a atención - el*

- *Claro, non vaian pensar - eu, con sorna*

- *Claro - el*

- *Na miña vida te vira de vaqueros - eu*

- *Nin sen barba - el*

- *Nin de manga curta - eu*

- *É para despistar - el*

- *¿Non pretenderás que deixe barba para despistar? - eu*

- *Non creo que che sentase moi ben - el*

- *A min todo me senta ben - eu*

- *É certo, tamén - el, con sorna*

Comín e despois fun ó cuarto de baño, a lavadora estaba alí mesmo, porque veu el decirme onde estaba, na vida a atoparía, para min que aquilo era un espello. Estupenda, non lle fixo a raia ó medio ó chándal de milagre. Dubidei se volver a

leire e compañía

poñe-lo pixama por debaixo do chándal, pero como non levaba suxeitador decidín poñe-la parte de arriba polo menos, a de abaixo dobreina e gardeina no bolsillo, íame asar de calor con aquela manta, pero o pixama non daba o pego como traxe veraniego así que a fastidarse.

- *¿Sempre saes da casa có pixama?* - *el, picando*

- *Moi gracioso* - *eu* - *estaba metida na cama e ti non parabas de darme voltas na cabeza así que te fun buscar*

- *Xa* - *el*

Estivemos falando un bo anaco sobre o líquido aquel, que por certo deixaba a pel suave suave, como as veciñas de arriba empregasen a mesma auga non lles habían faltar clientes. Faloume dos compoñentes químicos, do residuo sólido e de non sei que cousas máis que me lembraban a certas asignaturas que non me gustaban nada; pero el facíao interesante, ata me pareciu entender de que estaba falando, ata me apetecía ler algún libro daqueles que tiña por alí

- *O manantial está aí* - *sinalando á nave valeira* - *debaixo do chan*

- *Ata aí chego* - *eu* - *de veras que xa pensaba que estaba na terra*

- *Non, quero decir que se premo este botón se abre* - *el, mentras o facía* - *¿ves?*

- *Piscina cuberta, non te privas de nada* - *eu*

- *Nin tolo me tiro aí, dame non sei que a auga estancada, a saber que hai no fondo* - *el* - *só o abro para as mostras*

- *Como é que non lle fixeches ningunha fiestra ó antro este* - *eu*

- *Estamos nun sotarrego* - *el* - *baixo terra, moi abaixo*

leire e compañía

- *Xa será menos - eu - non lembro que baixásemos tanto*

- *Pois si que o fixemos, a plataforma de entrada vai baixando mentras o coche anda - el*

- *Ah, se ti o dis - eu*

- *¿Por que cambias tan amiúdo de mozo? - espetou sen máis*

- *¿Amiúdo? - eu - cambio cando lle cadra, non teño calendario para ligar, ademáis non son "mozos", máis ben lígues*

- *Chámalle como queiras - el - ¿ningún che chegou a gustar realmente?*

- *Poucas veces me enrollo con tíos que coñezo - eu - só por pasa-lo tempo*

- *Bueno, pero algún deses pasatempos pode chegar a ser outra cousa se lle das a oportunidade - el*

- *Non, non o creo - eu - normalmente cando aceptas eso de sexo sen compromiso ós tíos méteselles na cabeza ter unha relación máis seria pero só por leva-la contraria; ó principio críalles o que decían, pero en dous meses non dan aguantado cá farsa e descúbrense, así que cando vexo que algún se me vai por ese camiño corto polo san e aforro disgustos maiores - eu*

- *E cós que non se van por aí - el*

- *Non sei, eses pouco me duran tamén, ¿sabes? en canto lle dis a un tío "outro gatillazo vaicho aguantar túa nai" sintese un pouco rexeitado, non sei se me entendes - eu*

- *Veña - el - non lle dirías eso*

leire e compañía

- *Non me gusta que me prometan algo e non mo dean - eu - aínda que admito que ás veces son un cruel de máis, pero fastidiame aguantarlles todo o rolo de guais e que despois nada de nada*

- *¿Daslle moita importancia ó sexo? - el*

- *Sí - eu*

- *Quen o diría - el*

- *¿Por? - eu*

- *Levamos durmindo xuntos un tempo e non me presionaches nin, igual é que non che gusto - el, en serio*

- *Home, non me veñas agora con esas, máis veces das que che dixen a ti que me gustabas no llo dixen a ninguén na vida, nin sequera de coña - eu, sincerándome - non durmiría contigo se non sentise algo, e sinceramente, non te presiono por respecto non por falta de ganas*

- *En serio - el, alucinando - eu teño medo, un medo horrible a que me volvan facer dano - mirándome, triste - un medo horrible*

- *¿Sabes eso que digo de que todos sodes iguais? dígoo por decir, sei que non é certo, e nós tampouco somos todas iguais, non sei o que che faría quen fose, pero*

- *Da igual - el, poñéndome un dedo na boca - non o digas, xa o sei, dame algo máis de tempo*

- *O que ti queiras - eu - pero non esperes que me alegre se me entero que te enrollas cá túa moza*

- *Eso non vai pasar - el - nunca, e non é miña moza; en realidade nunca o foi*

- *¿Que vos pasou? - eu*

leire e compañía

- Nada.... ela... - Bruno - non, agora non, xa cho contarei - triste - cada día que paso ó teu lado sinto que quito un peso de enriba, que respiro

Eu sorrín, case tiña bágoas nos ollos

- Temos que marchar - el, doce - imos

- ¿A onde? - eu

- A Santiago, á central da miña empresa - el - teño que saber se os da túa casa viñan dalí

- Non creo que os teñan en nómina - eu

- Eu tampouco, pero sei onde buscar - el

- O que ti digas - eu - pero a min sóame máis a meternos na boca do lobo

- Se sabemos quen nos busca, sabemos con quen negociar - el - ti vai pensando na estratexia

- ¿Estratexia? - eu - como non lles digamos que cós planos viña unha lista de nomes que deixou o axudante en plan vinganza

- Seguro que o cren - el - a certos niveis andan todos un pouco paranoicos

Sáímos, estaba escurecendo. Non nos incorporamos á General, fomos por unha estrada secundaria ata chegar ó desvío a Santiago. Deixámolo coche lonxe, no mesmo centro da cidade; collémo-lo metro ó polígono; non había case actividade, eran a súa maioría bloques de oficinas. Bruno entrou con toda naturalidade, sen preocuparse de que a súa imaxe actual distaba da do pase de seguridade, sen preocuparse de que había un mes que no traballo non sabían del; e deixárono pasar, non sei como non hai máis desgracias. Eu deixábame impresionar facilmente polas cámaras e os sensores de infravermellos, os pasos do vixiante de turno facíanme

leire e compañía

saltar; pero el non, seguía o seu plano mental con precisión, sen inmutarse. Chegamos a unha sala chea de mesas con ordenadores, fomos ate o fondo, cruzamos un corredor e por fin ó fondo un despacho. Doulle ás teclas, clave errada, volviulle dar, clave errada; comezou a se poñer nervioso, xa case me tranquilizou, moito aguante tiña a criatura. A terceira non pulsou clave ningunha, sacou unha tarxeta metálica, díxome que presionase a tecla número cero mentras el pasou a tarxeta pola rendixa da porta. E abriuse, nin sequera soou a alarma.

- Temos uns quince minutos antes de que se active o sistema de emerxencia da porta
- el - comeza a buscar

- ¿Que busque? o tío dime que busque - eu, falando en alto - ¿que e onde? eu non nacín aquí

El sorri

- Prende o ordenador - el, mentras teclaba - na clave pon todo ceros, despois sáeches a pantalla de busca e xa está

- ¿E que poño? ¿matóns a soldo? - eu, en voz baixa

Miroume raro, bueno seguro que me mirou coma sempre, pero tiña que imaxinalo con barba e situarlle a mirada para que me parecese normal, veu cara min, medio sorrindo; xa me estaba preparando para a impertinencia de turno, ponse ó meu lado, mira ó ordenador reiniciando, dalle a non sei que teclas, sae a pantalla da clave, mírame có medio sorriso aquel, escribe a clave mirando para min, sae a pantalla de busca

- ¿Que decías que querías poñer? - el, sorrindo

- Nada - eu, que non me molaba nada o vacile

Achégase máis, cá súa cara case pegada na miña

leire e compañía

- Nada non - el - ¿non mo vas decir?

- Non - eu, algo subida

Sentía a súa respiración na miña cara, sabía que me estaba mirando, pero dábame vergoña mirarlle ós ollos, erguía vista e volvíaa a baixar. Inclinou a cabeza, púxome os pelos de punta, seguíame mirando. E bicoume. Doce. Volviu mirarme e bicoume de novo. Suave

- Pois aquí non está o que ías decir - el, o seu narís acariñando o meu - igual teño que buscar máis fondo - sorrindo

- Igual si - eu

E fíxoo. A súa man no meu cabelo, as miñas nas súas costas. Unha eternidade. Igual non me enganara, igual era certo o de que estaba namorado de min, igual si.

- Señor Balarés - ó fondo

Nin caso

- Desculpe señor Balarés - achegándose

Ó noso

- Señor Balarés - ó noso carón, serio

- ¿Si? - Bruno, sen soltarme

- Teñen que acompañarme - a voz

- ¿Xa pasaron quince minutos? - el, sorrindo, mirándome - o tempo pasa voando ¿non si? - cara o garda - sobre todo en tan boa compañía - mirándome

leire e compañía

- *Veñan por aquí - o garda, marcándonos o camiño*

- *¿A onde nos leva? - Bruno - a saída está polo outro lado*

- *Estaos esperando o señor Chacín - o garda, mirándoo - entrou vostede nunha área restrinxida, vímonos obrigados a chamalo*

- *Tranquilo - Bruno - xa coñezo o procedemento, o que non sabía era que tíñades que chamar a Chacín*

- *Esa era a orde - o garda*

- *¿Se alguén entra no sector catro chamar a Chacín? - el*

- *Se vostede aparece chamar ó señor Chacín - o garda*

- *É vostede un cabaleiro - Bruno, poñéndolle a man no ombreiro*

O garda torce levemente a cabeza asentindo, con complicidade

- *Bueno, Leire, vas te-lo privilexio de coñecer ó señor Chacín - Bruno pasándome o brazo polo ombreiro - xa imaxinarás quen é*

- *O marido de Sandra, supoño - eu, o garda sorri*

- *Ese mesmo, verás que boa parella fan - Bruno, o garda sorri - case tan boa coma ti e máis eu - bícame*

- *Xa será menos - eu*

- *Tes razón, xa lles gustaría - el, sorrindo*

Asusteime, non estaba afeitado ó Bruno simpático este, doume por pensar que me mandaran un clónico para tenderme unha trampa, a verdade é que quen me dera que mo mandaran amiúdo; aínda estaba algo flaco

leire e compañía

- *¿Estásme buscando o copyright? - el, de coña - non me molesta, por min podes seguir ata que o atopas - referíndome ó meu manoseo descarado pola súa espalda - mírasme coma se fose un marciano*

- *¿E ti que sabes como miro eu ós marcianos? - eu, a ver este*

- *Se eu fose marciano gustaríame que me mirases así - el, serio, mirándome polo menos sabía que se era un clon non o modificaran de todo*

Ó fondo do corredor unha luz, non, non, non é esa luz, a luz do despacho do señor Chacín supoñía

- *Se son tan amables - o garda invitándonos a pasar*

No despacho estaba o tipo de pé, apoiado nunha vitrina, mirándonos cun sorriso cínico

- *¿Que pasa Manolo? - Bruno, o outro mirouno mal*

- *Que hai - o tal Manolo - eu son Manuel - extendéndome a man - ti debes ser Leire*

- *Si - eu - a mesma*

- *Un placer - el, có sorriso encantador de niño*

Eu non respondín, Bruno mirouno mal, celoso

- *Vaia, vaia - Manolo - seica confundiche-lo horario, e o sector tamén ¿hai algo máis que confundises? déixame ver, ¿que xa non traballas aquí?*

- *¿Ai non? - Bruno, relaxado - ¿desde cando?*

- *Des que abandoache-lo teu traballo - Manolo - non podes entrar e saír cando queiras*

leire e compañía

- *Ti non es o meu xefe - Bruno, cortante - nin tampouco o xefe de seguridade, así que nos imos deixar de mamonadas e ó gran*

- *¿Que buscabas no sector catro? - Manolo*

- *O nome dos tipos que mercaches para roubarlle a caixa - sinalándome - pero, atopei algo máis interesante e nin sequera me dou tempo a buscar - mira ti*

- *Non sei de que me falas - o Manolo todo serio*

A min doume a risa

- *¿Que che fai tanta gracia? - o Manolo cabreado*

- *¿Desculpa? - eu, partíndome*

- *¿De que te ris? - Manolo, cabreadísimo, Bruno que me mira serio*

- *De nada, de nada, estaba pensando no que dixo Bruno de que atopara algo máis interesante que facer - a Bruno - gracias, meu rei*

Bruno mírame desconcertado, non era un clon, fixo.

- *Non te fagas moitas ilusións - Manolo - teño entendido que é un pouco frío*

- *Pois se é así frío, cando quenza Deus nos pille confesados - eu, esaxerando - aínda vou ter que ir a un ximnasio para estar á altura*

Bruno máis que desconcertado, que cariña máis linda

- *Así que ti te-la caixa - Manolo a min*

- *Non sei de que me falas - eu, imitando o seu toniño gilipollas*

- *El acaba de decir - Manolo*

leire e compañía

- *El acaba de decir que ti contrataches a uns tipos para roubarme a caixa - eu - pero non dixó que a tivese ¿non si, meu rei?*

Bruno fixo un xesto de asentimento, "ela manda"

- *¿Daquela quen a ten? - o tío que se comezaba a rebotar*

- *Os tíos que contrataches para roubala - eu*

- *Non - o manoliño taxante*

- *¿Non que? - eu - non a teñen, non os contrataches, contratáchelos pero non a teñen, téñena pero non os contrataches, ¿non que Manolo? aclarate*

- *Manuel - el, picado, o de Manolo non lle debía parecer moi fino - déixate de tonterías, dame a caixa, tí non tes idea do valor que ten, dama ou atente ás consecuencias*

- *Manolo, meu rei - eu, a Bruno - non te celes cariño, saíume sen pensar - Bruno alucinaba, para min que agora era el o que pensaba que nacera en Marte - por suposto que sabemos o que vale, polo que xa suporás que non cha imos dar, e sinceramente non creo que ti nos poidas perxudicar de ningún xeito*

- *Pregúntalle ó teu mozo - Manolo sinalando a Bruno*

- *¿Xa somos mozos? - eu, con falsa emoción, mirando a Bruno, el que mira o chan - ¡que sorpresa cariño! non tiñas que montar todo esto para te declarares*

- *Déixate de estupideces, dame a caixa - Manolo*

- *¿Non se che fai coñecida esta conversa? - eu a Bruno, el que sorri - mira Manolo, eu non negocio con intermediarios de pacotilla - Bruno que me mira asustado - os criados tráenma frouxa, así que cando os teus xefes se cansen de escoia-las túas simplezas, que saian do agocho e veñan falar con nós - erguéndome*

leire e compañía

- *¿Que xefes? - el - aquí mando eu*

- *Non - eu - ti non es ningún - cruel - e os teus xefes tampouco deben ser moita cousa, ningún cun mínimo de intelixencia ten de intermediario a un mamón cun tic no entrecello, enrúgaseche cando mntes, ¿non o sabías? ¿será que me pasei toda a carreira xogando ó cabrón na cafetería? - mirando a Bruno - para que despois o decano nos dixese que non íamos chegar a nada, todo ten a súa finalidade na vida - Bruno que se parte - así que se non che importa nós marchamos e cando traías un cargamento de euros, e algunha cousa máis que xa se nos ocorrerá, daquela igual te trato mellor*

- *Leire, esto é algo moi serio - Manolo, sincero, sincero de verdade - eses planos*

- *Que planos nin que cojones - eu, a mellor falada do mundo - o que queren os teus xefes non son os planos, non sexas simple - Bruno alucinando - o que queren os teus xefes é a lista de nomes, pero mira que es tonto, de veras cres que andan tan acelerados polos planos dunha estrutura que non serve para nada*

- *Ese proxecto pode cambiar - Manolo*

- *Ese proxecto foi un fraude - eu, sen lle deixar falar - nunca funcionou, os que o montaron vénderonlle a moto ás grandes cadeas hosteleiras, pero non funciona, tío, cae da burra, porque cres que lle deron vía ó inxeñeiro que o montou - Bruno, sorprendido coma se comprendese que tiña razón - se quixeran que funcionase non eliminarían á única persoa no mundo que conseguiu desvirtua-lo proxecto do tal spider. Es simple ata decir basta. ¿Canto che prometeron? ¿Por canto se pode compra-la túa simpleza? - cruel, cruel - ¿que tal se marchamos? - a Bruno - ah, e case mellor que vivies á túa muller porque creo que lle agrada moito o papel de espía cariñosa, e a min non ¿quedouche claro? - cá miña voz de ultratumba, esa que me sae cando lle digo ós meus irmáns que non me chamen leiriña, esa mesma*

Bruno seguime a corrente sen decir palabra, notábaselle que alucinaba, pero actuaba coma se o tivésemos todo previsto. Andivemos polos corredores tranquilos, coma se

leire e compañía

fôsemo-los donos, Bruno guiábame, no ascensor quedóuseme mirando un bo anaco, coma cando eu o vin sen barba, tratando de recoñecerme de novo. Baixamos para o metro, pillamos un ó vó. Saímos da parada. Unha vez fóra xunta o coche comecei a volver en min, fóra do trance xa era a mesma que tiña medo das pantasma

- *Conduce ti - eu - agora son eu a que non está en condicións - el sorriu*

- *Carallo cá negociadora - el, meténdose no coche - ou nos matan directamente ou nos poñen un piso nas Bermudas*

- *¿Ti cal cres que será a máis probable? - eu*

- *Eu non opino, cariño - el, vacilando - que despois todo se sabe*

- *Vai á merda - eu*

- *¿Que facemos agora? - el*

- *Averiguar quen é o xefe de Manolo - eu*

- *Jódelle moito que lle chamen Manolo - el*

- *Xa, xa me decatara - eu - ti tamén es unha peza de coidado*

- *Rouboume a moza - el - que se fastidie, como decías tí por Olga, no premio ten a cruz*

- *Si - eu, que non me gustaba moito o tema da súa ex*

- *Así que ti dis que - el, cambiando de tema*

- *Que deberíamos saber para que fai de mensaxeiro Manolo - eu*

- *Podémolo seguir - el*

leire e compañía

- *¿Agora? - eu*

- *Si, volvemos, seguro que aínda no saíu - el*

- *¿Con este coche? - eu, Bruno que me mira coma se dixese algo incoherente - con este, que debe se-lo único modelo que aínda sobrevive, en todo o mundo*

- *Igual tes razón - el, traballo lle custou - ademáis non creo que fose correndo falar con eles agora*

- *¿Tí cres? - eu - vaía un profesional, teño eu máis temple con ser unha simple teleoperadora que o executivo este*

- *Eso é de nacemento, Leire - el - e os que non nacen con el mércano, por eso levan traxe, a ti non che fai falta, deberías aproveitalo máis*

- *Máis ou menos así comezou a nosa primeira pelexa - eu*

- *Unha das primeiras - el - pero agora xa non me preocupa, sei como atalla-lo problema - moi sensual - ¿que che parece se imos a un hotel, un destes tan luxosos que hai por aquí - pero que moi sensual*

- *Non teño cartos - eu, cohibida, parece mentira*

- *Pero eu si, que para algo son inxeñeiro - el*

- *En paro - eu*

- *Pero teño un monte de cartos aforrados - el, ó seu - mira aquel que ten cinco estrelas, ¿que che parece?*

A min, de maravilla

- *¿Tómasme o pelo? - eu, que me parecía moita sorte de máis*

leire e compañía

- *Non nalgo temos que mata-lo tempo ata que o outro se erga pola mañán - el - ¿imos? bueno, se non queres*

- *Si, si - eu, e non ía querer - imos, ti verás, que sexa decisión túa, despois non me veñas con que te presiono - miroume buscándolle o dobre sentido*

Eu xa botaba cuentas, subíame a febre só botando contas, mira que como pretendese cobrar todo-los atrasos

- *¡Leire! - el, desde fóra - ¿baixas?*

- *Si, si - volvendo en min - xa vou*

- *Espero que o que estiveses pensando fose connigo - el - vaia cara de felicidade*

- *¿Ai, si? - eu*

- *Si - el - parecíase a esta - bicame*

- *¿A cal?- eu, depois*

- *Á que me queda despois de bicarte - el*

- *Vas ter que repetilo, porque non me fixei moi ben - eu, sorrindo*

- *Déboo facer ben mal, sempre me mandas repetir - el*

- *Moi mal, tes que practicar moito - eu, bicándoo - é broma - non vaia ser que mo tome en serio - o de que o fas mal, o de que tes que practicar*

- *Eso íao facer aínda que o dixeses de coña - el - tranquila, xa as vou pillando*

Fomos ó hotel, cada vez que entro nun sitio así danme ganas de ir pedir traballo a un deses bufetes chupasangues que pagan unha millonada. Controla. Na

leire e compañía

recepción todo era desfacerse en amabilidades en canto viron á cor da conta de Bruno. Que noxo.

- Un momento, por favor, señor Balarés - a recepcionista

Bruno quedou serio, eu pensei que lle cancelaran as contas ó deixa-la compañía. Mírame, mira como a recepcionista chama por teléfono, cólleme pola man e tira de min cara fóra.

- Corre - el, unha vez fóra do hotel

- O coche está alí - eu

- ¿Non decías que era moi chamativo? - el - pois tiñas razón

En frente do hotel parou dun frenazo un coche con moi mala pinta, eu quedeime mirando, dous foron para o hotel, e dous cara o coche. De novo Bruno tirando de min

- Corre - el

Fomos cara o centro, comezamos a correr polas rúas de pedra, valeiras, escoitábase o eco das nosas pisadas, algún turista ó lonxe. No mesmo centro todo era festa, a xente ceando na rúa e grupos de xente cantando e bailando, moito o agradecín. Quedei máis tranquila.

- ¿Que facemos agora? - eu

- Non sei, non teño nin idea - Bruno - xa non me lembraba de porque pasara un mes no túnel sen un can

- ¿Que lle pasa á tarxeta? - eu

- A tarxeta nada - el - pero alguén modificou a miña ficha de identidade

- Como a de meu padriño - eu - pensei que só o podía facer a policía

leire e compañía

- *¿Parecíanche polis os tíos do hotel?* - el

- *Non, a verdade é que non* - eu

- *A min tampouco* - el - *polo menos xa sabemos que a opción que elexiron non é a de pagarnos unha millonada*

- *¿Cres que atoparían a caixa?* - eu

- *Non* - el, *seguro*

- *¿Onde está?* - eu

- *Non cho vou decir, non cho tiña pensado decir pero despois do desta noite, se tiña algunha dúbida ó respecto despexóuseme* - el - *vaia cristo lle montaches a Chacín, dous minutos máis e involucras ás mafias do titanio*

- *É que unha vez me meto en situación* - eu

- *Aínda que admito que o do tic estivo ben* - el - *pero que moi ben, un que sacaques do medio*

- *Si, non me pareceu que el controlase nada* - eu - *asi non perdemo-lo tempo con inútiles*

- *¿Quen cres ti que o controla?* - el, *en serio*

- *Ti saberás que es o experto* - eu

- *Eu pensaba que Chacín* - el

- *Non jodas* - eu

- *Como dirías ti ¿pooor?* - el, *medio vacilando*

leire e compañía

- *Eu que sei, pero se é el escusamos fuxir, xa o tínhamos acojonado - eu - pero ós seus xefes non, ¿de onde sacachela información?*

- *Dun expediente xudicial - el - pero agora non teño clave de acceso, estou bloqueado, xa o viches*

- *Bueno home pero esa tampouco é a fin do mundo - eu, lembrando os meus tempos de estudante*

- *¿Coñeces a alguén con clave? - el - porque non me digas que a tes ti, Oscar tampouco*

- *Tranquilo don importante - eu - xa sei que a clave só a tede-los super super estratéxicos, pero hai maneiras de entrar en certos sitios*

- *Xa, pero esas maneiras son moi fáciles de localizar - el - seguro que tamén o sabes*

- *A min aínda nunca me pillaron - eu*

- *Vamos a ver se me entero - el - entraches algunha vez nos rexistros oficiais sen clave e non te pillaron*

- *Si - eu - cando estudiaba*

- *Cando estudiabas - el, con recochineo - ¿e cantos anos hai deso? ¿sete? ¿oito? estás tola, o que ti podías saber non che vai valer de nada, agora a situación é ben distinta*

- *Tampouco creo que cambiasen tanto o sistema - eu*

- *Non, case - el - en canto te conectes á liña témolos enriba*

- *Eu nunca o fixen en liña - eu*

- *Pois có satélite vaiche pasar outro tanto - el*

leire e compañía

- *Non ho, cun móvil - eu*

- *¿E canto vas tardar en abrir un arquivo? ¿trinta anos? - el - polo día é un milagre que funcione, pola noite imposible*

- *Ti consígueme un móvil e un ordenador e demóstrocho cando queiras - eu*

- *¿E que lle vas facer á contaminación? - el*

- *Aproveítala, eu aproveito todo - eu*

- *Moi ben xenio da informática - el*

- *Sen faltar, chapuziñas aficionada - eu*

- *O que hai que aguantar - el, sorrindo - que ordenador queres e que móvil*

- *O móvil que teña saldo, e sen datos - eu*

- *Ata aí chego - el*

- *O ordenador, novo, deste ano - eu*

- *O do móvil témolo fácil - el - ¿tes algo de pasta?*

- *¿Pero non eras ti o inxeñeiro potentado? - eu*

- *Toda-las soberbias se pagan - el - ou sexa que tampouco tes un can*

- *Cero - eu, sacando os bolsillos valeiros*

- *Xenial - el - ¿e de crédito que tal andas?*

leire e compañía

- *Perigoso - eu - coma ti máis ou menos*

- *Si, claro - el - daquela, se conseguimos colarnos no metro podemos ir a Mesía, alí teño unha amiga que nos pode axudar*

- *O malo é se nos deixan entrar - eu - para cazarnos*

- *Se roubamos un coche pillannos antes - el - temos que arriscarnos*

- *Ti mandas - eu - espero que esa amiga túa sexa amiga de verdade, porque a imos meter nunha lea de coidado*

- *¿Sabes onde está a parada? - el*

- *Sei - eu - ¿ti non?*

- *Non - el*

- *¿E tampouco saberás como colarte, claro? - eu, canto incompetente solto, Deus*

- *Non tampouco - el*

- *Así andas, que che bloquean as contas e a podreecer nun túnel - eu - se os cartos non valen para nada, está clarísimo*

Baixamos á parada, de noite é moi fácil colarse, os vixiantes reláxanse, a parte que a maioría son uns cachondos, como non lles gusta estar de noites pasan de todo. En Santiago aínda é máis fácil, a estación é moi grande e os turistas pasan alí a noite porque nos baretos contan para tomarlles o pelo que se ve a Santa Compañía no túnel 4. En realidade non é a Santa Compañía, que debe andar polos montes coma decote, en realidade é o son metálico do contrapeso dun reloxo enorme que trouxeron para o edificio do Museo de Galicia, escoitado na lonxanía, ou na profundidade máis ben, soa a pequenas campaniñas que vagan na escuridade. Pero crer, creno todos, porque hai cada procesión e uns charcos de auga bendita que nunca accidente vai haber nesa liña. Esa noite non foi menos, xente correndo despavorida bendecíndose

leire e compañía

sen parar, outra que entra incrédula. A mellor forma de colarse é pasar pola cabina do vixiante, que está valeira como todo o mundo sabe. O de saltar polas barreiras fotoeléctricas é un cante, ademais ós vixiantes non lles gusta porque pensan que vas alardeando de tomarlles o pelo e pícanse.

- *¿Como dis que se fai? - el*

- *Pola cabina do vixiante - eu*

- *Pero se está alí o tío - el*

- *Ai que simpático - eu, que me pareceu un chiste inoportuno*

- *¿Non? daquela aquel có uniforme do metro quen carrallo é - el, sinalando ó vixiante*

- *Daríamos có único vixiante honrado da compañía - eu - a quen se lle ocorre estar traballando*

- *Xa podes ir pensando algo - el*

- *¿Que hora é? - eu, mirando o reloxo - ah, ben, nun par de minutos problema resolto*

- *¿Ai si? - el, vacilando*

- *Si - eu, segura*

Eran as doce menos sete minutos, ás doce menos cinco comeza o movento máis espectacular do reloxo, preparando as doce campanadas; moitas noites teño botado alí con Elena e con Carlos escojonándonos dos pardillos estes. E así foi, dous minutos contados, a monotonía dos trens indo e vindo rompeu de súpeto, e unha manada de xente con cara de escapar das mesmísimas poutas da morte saíu do túnel 4, incontrolados, botábanse ás portas, trataban de saltar por enriba das barreiras. O garda tivo que salir para evitar algún que outro aplastamento, pobre, debía ser novato, case morre afogado por unha señora que se lle enganchou no pescozo suplicándolle que non a deixara soa. Nós aproveitamo-la axuda do máis aló

leire e compañía

e coámonos. Bruno miraba o espectáculo perplexo, noteille un puntíño de curiosidade ó pasar diante do mencionado túnel, e ata tiven que tirar levemente del. Collemo-lo primeiro tren que veu, ata xesteda ían todos e despois alí xa colliámola liña de Mesía. No tren, tranquilos expliqueille o do reloxo, e lonxe de entendela aínda se estrañou máis, parecíalle imposible semellante explicación para aquel alborto

- Non podo crer que haxa xente tan parva - el

- Non se trata de ser parvos ou non - eu - veñen aquí buscando precisamente estas lendas, e a xente dallas, en certo xeito ten algo de tenro tanta inxenuidade

- ¡Inxenuidade! - el - o que hai que oír

- Mira, é coma o dos morcegos do teu túnel, miña nai sempre nos contaba de pequenos que detrás da casa dos peixes saían os morcegos, de noite, a bailar - eu - nós pensábamos que era un conto, meu pai sempre lle reñía por contarnos historias sen sentido; pero ela decía que era certo que de nova os ía ver bailar. Nunca os vimos, e eso que nos levou ben veces ó cae-la noite a ver se os víamos. Aquela vez que fun con Oscar ó túnel, aquela vez vimos morcegos no túnel, e ó saír había máis bailando detrás da casa dos peixes

- Pero nese caso os bichos son de verdade - el

- Porque ti os viches - eu - pero se llo contas a alguén pensa que lle tomas o pelo

- Xa, e dis ti que os dos bares de por aquí viron a Santa Compañía no túnel 4 - el, con retranca - o que hai que oír

- Pois téñenos entretidos toda a noite - eu - non lle marchan ós centros comerciais e por enriba nin sequera se coan que pagan o billete

- O que fai a ignorancia - el - ou a inocencia como dis ti

No trasbordo á liña de Mesía case nos dou un ataque, un tío que estaba sentado nun banco lendo o xornal, ergueu a vista e veu cara Bruno.

leire e compañía

- *Ei, Pepe ¿e ti por aquí?* - o do xornal - *dándo unha palmadiña nas costas*

- *Desculpe cabaleiro* - Bruno - *confúndese non me chamo Pepe*

- *Perdoe eh, perdoe* - o do xornal - *perdoe, non quería molestalo, perdoe*

- *Nada, home* - Bruno - *non se preocupe*

Demos a volta para o noso andén, agachámonos detrás da columna e Bruno sacou a camiseta, comezou a rexistrala en busca de calquera posible dispositivo localizador. Eu, có corazón que non sabía nin onde o tiña, repasando os movementos do tío por se tocara algo máis, memorizando a súa cara. Despois mirei ás agachadas, o tío volvera sentarse no banco, lía o xornal, erguiu a cabeza, mirábame, volvíñ agocharme disparada detrás da columna.

- *Viume* - eu

- *¿Que?* - Bruno, *en voz baixa*

- *Viume controlándoo* - eu

- *Ei, Pepe ¿e ti por aquí?*

As nosas dúas cabezas saíron detrás da columna a un tempo

- *Déixeme en paz vello* - un - *todo-los días có mesmo rolo, que non son Pepe, joder, que non son Pepe*

- *Non lle fagas caso, non ves que non é ben* - outro - *déixao, non fai mal ningún*

- *Un día vou facer coma que son o tal Pepe, vaise enterar-* o primeiro

- *Igual o matas do susto* - o outro - *estará*

leire e compañía

Volvemos detrás da columna, mirámonos

- *¿A quen lle fai falta a Santa compañía, eh?* - Bruno - *a min case me da - volvendo a poñe-la camiseta*

Por fin chegou o tren de Mesía, de noite quitan a maioría dos trens nas liñas transversais, Oscar di que porque hai menos tráfico neste sentido, eu creo que é porque se os das tranversais se cansan de esperar collen as que van ó centro e de alí a que vai a onde querían ir dun principio; para min que é unha estratexia do alcalde para que a xente vaia á cidade, alguén sempre queda, postos, que non van atopar na Coruña que haxa noutro sitio, para min que o fai por eso. Case nin nos dou tempo a sentarnos e xa estábamos na parada, ó saír non nos fixo falta ningunha filigrana, como debía ser, o vixiante non estaba na súa cabina e non tivemos problema. Noteino algo desorientado ó saíres fóra.

- *Có transporte público afórase moita enerxía, coñeces novos costumes - eu*

- *Sí, e novas formas de delinquir - el - eu que te tiña por doña perfecta*

- *Sí, seguro - eu, que non lle cría nin palabra*

- *Muller, teu irmán sempre nos decía que na túa vida fixeras chuletas - el - e que cousas dese estilo ían completamente contra a túa relixión - esaxerando*

- *Eso non, chuletas nunca - eu - eche ben certo, pero non ten que ver con aforrar un par de billetes, os cartos sonche os cartos, pero que conste que só o fago pola noite, de día pago fielmente*

- *Créocho - el, raro*

Parou, mirou o nome da rua, seguiu andando

- *¿Sabes onde vive?* - eu

- *Sí - el - só ando algo despistado*

leire e compañía

- *Cres que nos deixará o ordenador - eu*

- *Si, e o móvil se o ten, tamén - el*

- *Esperemos que si - eu*

- *Aposto a cabeza a que si, anda con dous ou tres no bolso - el, sorrindo*

- *Por se a atracan ter algo contundente á man - eu*

- *Máis ou menos - el, sorrindo*

Aquela rua gustoulle, viu de lonxe o edificio e apurámo-lo paso. Timbrou. Sentimos descolga-lo teléfono. A cámara observábanos. A porta abriuse. Subimos.

- *¿Que horas son estas? - ela, en voz moi baixa - non te molestes en chamar antes ¿eh?, non te molestes*

- *Ola, Cris - el - perdoa, esta é Leire*

- *Ola - eu, poñendo cara de boa*

- *¿Que queres? - sen invitar a pasar*

- *Un portátil e un móvil sen datos - el, ó gran*

- *Esperade aquí fóra, estade caladiños - ela, coma unha mestra*

- *¿Quen era? - un home, Bruno pon cara rara
Eu ía decir algo, el díme cá cabeza que non*

- *O veciño, que volviu esquence-la chave - Cris - xa vou corazón - Bruno, cá cara máis rara aínda*

leire e compañía

- *Tomade - Cris, cá mercadoría - non volvades por aquí - o que decía era unha bordería, pero a súa cara decía o contrario*

Bruno agarroulle a man dándolle as grazas, eu cun sorriso. Vaia rollo máis raro se traían estes dous. Un sátiro, o que eu decía. Baixamos sen facer nin o máis mínimo ruído, e pola acera fíxome ir pegada á parede, ata o final da rúa. Apurando o paso cada vez máis. Volvemos ó metro. Eu non falei, non quería mete-lo zoco

- *Di un sitio tranquilo para comezar có teu - el*

- *Aquí mesmo - eu*

- *Non, aquí non, lonxe - el*

- *Daquela dío ti - eu*

- *A liña central daquí por onde vai - el*

- *Por Carral - eu*

- *Pois aí - el*

No andén xa estaba o tren, subimos

- *Vaia amigas, chego eu á casa dunha das miñas amigas, a estas horas pedindo un ordenador e un teléfono e mándanme a paseo - eu*

- *Ela sabe que non a molestaría se non me fíxese moita falta - el - sábeo, por eso non preguntou*

- *E porque estaba un pelín ocupada - eu, metendo cizaña*

- *Xa, e case lle buscamos un problema - el - se o chego a saber nin aparezo por aquí, ¿non recoñeceche-la voz?*

leire e compañía

- Non - eu

- Era Chacín - el - non me explico que lle ven, e menos Cristina que é unha tía intelixente, é que non mo explico - case parecía celoso - se nos chega a saír el ó timbre

- ¿Non llo dirá? - eu

- Nin de coña - el - é unha tía legal, ten mal gusto para os homes, pero é legal

- Tamén é da túa empresa - eu

- Non, é policía - el, tan ancho

- Quero que sexas consciente de case me matas - eu

- Non é das que fan putadas - el

- Por eso se enrolla cun tío casado - eu

- A verdade é que esto ten pouca explicación, eles foran noivos antes de se casar con Sandra - el - deso a coñezo, a vida da moitas voltas, pero nunca pensei que tantas, oes, ¿se me alegro é que son un monstro?

- Depende de por quen te alegres - eu - a túa amiga non é que leve moi bo partido

- Referíame a min - el - pobre Sandra, a saber con quen estará enrollada

- Contigo, se lle deixas - eu

- Non - el - nin lle deixo - mirándome - nin lle intereso

- Pois nestes momentos tes máis poder cá Manolo - eu

leire e compañía

- *Cando me deixou, Chacín e máis eu éramos estudantes, os dous - el - só que miña nai tiña vacas, e os pais de Chacín eran socios do Club de Golf*

- *Calquera con un pouco de pasta pode ser do Club de Golf - eu*

- *Calquera que queira, e eu non quero - el - ese é o problema, intereses diverxentes*

- *Bueno - eu, algo fría*

- *¿Que queres decir? - el - ese bueno non che me gustou nada*

- *¿A que lle chamas ti intereses diverxentes? - eu, preocupada*

- *A que eu quero vivi-la vida e ela quere aparentala - el - non sabes o cruel que pode chegar a ser*

- *Veña - eu*

- *Saimos máis ou menos un par de anos - el - deixoume despois da morte de meu pai, distanciámonos, comezou a decirme que lle asustaba que me pasase o mesmo que a meu pai, pouco a pouco deixamos de manter relacións sexuais, cando por fin decidiu romper, molestouse moito en facerme sentir culpable, en - el, cá voz entrecortada*

- *Peor para ela - eu, abrazándoo - ten o que merece*

- *Levaba tres meses deitándose con outro - el - Chacín era amigo meu e sabíao, e o moi cabrón non me dixo nin palabra*

- *Pensei que fora el o - eu*

- *Non, o outro era un escalón intermedio, é lista, foi aprendendo - el - pero tampouco tardou moito, non creas*

- *¿Ela que fai? - eu*

leire e compañía

- *É economista - el - roubar, supoño*

- *Moi bo o chiste - eu - pero non me contes ningún de avogados que estou moi sensible*

El sorrí

En Carral durmían todos, acampamos nun soportal dun pub no arrabalde. So esperaba que non viñese ninguén facernos unha visita, Carral era un sitio tranquilo. Comenzei có proceso

- *¿Para que facías ti esto? se se pode saber - el*

- *Por da-la vara - eu - ensinoume un profesor*

- *Sí, claro - el*

- *En serio - eu, era certo - o único que me puxo unha matrícula de honra*

- *Perdóasme se che digo que precisamente esa nota non era a que merecías - el*

- *Chamábame avogada de pleitos pobres - eu - porque nos exercicios prácticos sempre atacaba ás multinacionais, ó goberno e demais monstruos poderosos, e como, o tío era listo, pensaba que nunca ía ter acceso a unha clave, porque polo meu carácter non encaixaba cós postos que o tiñan, e como el tamén pensaba que todos tiñamos dereito a unha defensa digna, ensinoume a facer isto para ter acceso á mesma información que os meus posibles contrincantes*

- *Debía confiar moito en ti - el - podías acabar con el*

- *Non, para un profesor guai que había - eu - todo o mundo o quería*

- *¿Morreu? - el, asustado*

leire e compañía

- Non, xubilouse - eu - ese ano, por eso mo ensinou, non era un tolo, nin eu tampouco; sei como se fai, pero non ando metendo o nariz sen máis

- Tranquila - el - créote, en serio - sen moito convencemento, mireino mal

O portátil era flipante, o móvil do montón, pero ben valía

- "... ondas mixtas non se pode"

- Xa cho decía - el - ¿e agora?

- Agora, pulsamos estas dúas teclas - eu, rezando para lembrarme ben - outra máis e xa

- Ei - el, alucinado - ¿como fixeches eso?

- So tes que elimina-lo programa de voz - eu - así elimina-las frecuencias baixas e salta-la barreira, é a única utilidade que lle vexo ós móbiles, listo

O ordenador comezou cá conexión. O da clave custoume máis porque cambiaran as pantallas, por sorte tan só o interface, o resto era igual, simple. Bruno estaba espantado.

- ¿Sabe esto alguén máis? - el

- Xa che dixen que non estaba tola - eu

- ¿Nin teu irmán? - el

- So quen mo ensinou e máis ti - eu - quen mo ensinou, obivamente non vai decir nada, e supoño que ti tampouco

- Non tiña pensado, ademáis quen mo ía crer - el - aínda non o creo eu ¿podes acceder a calquera sector clave?

leire e compañía

- *Supoño, non sei, eu só provei có que me interesaba, e non creas que me interesa moito o tema - eu - aquí está, dime como era o nome do expediente*

- *A ver se o lembro, eran as iniciais - el*

- *Como te enganes cápanme - eu*

- *Muller - el, sorrindo*

- *As primeiras letras eran EXC/0604 - el*

- *Moi ben, e o resto - eu*

- *A modo, xa lembrei a metade - el*

- *Expediente Xudicial Cifrado xuño 2004 - eu - non é moito*

- *¿Comezan todos así? - el, rindo*

- *Os deste arquivo si - eu - polo menos lembrache-la data, eso é importante*

- *Vaia por Deus - el - gracias polo cable, o resto eran DEA, case seguro, son as iniciais do proxecto*

- *Probemos sorte - eu - como dixeches ti na oficina, temos quince minutos para escapar*

- *Calquera se pode equivocar tecleando - el - a min xa me pasou*

- *¿Si? ¿e que pasaba cando che ocorreu? - eu*

- *Que me volvían pedi-la clave - el - xusto o que non temos*

- *Mira ti - eu - bueno, se temos sorte e coincide con outro arquivo non pasa nada*

leire e compañía

- *Nós non temos sorte, Leire - el - temos accidentes*

- *Pois viva os accidentes - eu - aquí está ¿non terás algo para escribir, verdade?*

- *Non terei non - el*

- *Esperemos que a memoria do móvil sexa algo grande - eu*

- *¿Que queres facer? - el*

- *Vou anotar todo-los nomes que aparecen no expediente - eu*

- *¿Todos? - el - vaille dar unha sobredose - mirando ó móvil*

- *Ánimo meu rei - eu ó móvil*

- *Tranquila, tranquila, non me celo - el, rindo de min*

Levoulle un anaco, o expediente era larguísimo

- *¿Que máis podemos mirar? non temos moito tempo - eu*

- *As empresas - el*

- *Ben - eu - imos aló, ¡mérda! emisión interrompida*

- *Deixa o ordenador - el, collendo o móvil - ¿onde carallo ten o chip?*

Quitámoslle a tarxeta e levamo-lo aparato, mágoa de portátil, Cristina íanos matar, o que debía custar aquel aparato. E outra vez a correr.

- *Se me dis ademáis - el - que lle sabes facer unha ponte a un coche, xa*

- *Os de encendido electrónico si - eu - os manuais non*

leire e compañía

- *A eses seillo facer eu - el - todo controlado*

- *A fama téñoa eu, pero xa vexo que quen máis quen menos - eu*

- *Por se me esquenzo das chaves - el*

- *Xa - eu - ¿cal collemos? o de roubar non me gusta nada*

- *A min tampouco - el - pero ó refuxio só podemos ir en coche, aquel - sinalando un cochazo*

- *Home, postos - eu*

- *O seguro destes coches cubre todo - el - haino ter a todo risco*

- *Se ti o dis - eu*

- *¿Desconfías? - el*

- *Eu non, en absoluto, pero o dono do coche parece que si - eu, sinalando ó tremendo bloqueador antirrobo do volante*

- *Como diría miña nai - Bruno - a humanidade perdeu a confianza*

- *Máis ben, coñécese mellor - eu*

- *¿Ti non saberás deso, non? - el, sinalando ó bloqueador*

- *Non, a tanto xa non chego - eu*

- *Mágoa - el*

leire e compañía

- *Non precisamos ir ó refuxio para saca-la lista - mentras comezábamos a andar - con outro ordenador sen conexión é suficiente, ou con paciencia, bolígrafo e papel*

- *Non, se a lista impórtame unha merda - Bruno, revisando os coches aparcados - non é pola lista - mirándome*

- *¿E daquela por que é? - eu, o neno estaba un pouco contento*

- *Por nada, por nada - el, avergoñado, pobre*

- *Por nada non - eu, tocándolle o cú, Deus, por fin, que momento, ó tacto tamén estaba moi ben, alegreime de que non só fose á vista*

- *Quieta, deixa estar que é peor - el, facendo que escapaba - non toques tía - esaxerando - quieta*

- *¡Cala! aínda van pensar que te estou violando - eu*

- *Estás violando a miña capacidade de autocontrol - el, tratando de dar unha explicación científica*

- *Ven aquí, anda - eu, colléndolle a cara - capacidade de autocontrol, o que hai que oír - bicándoo*

- *Oes - Bruno, de alí a un anaco - ¿cres que no metro haberá algún túnel recollido? - eu partíndome - así íntimo e tal, romántico, porque non decilo*

- *Se o hai para a Santa compañía e para os morcegos porque non o vai haber para os namorados - eu*

- *Siii - bicándome, e sobándome, que o notei eu moi práctico, será que hai cousas que non se esquencen, o de montar en bici neste contexto queda un pouco mal*

- *O malo vai ser atopalo - eu, seguíndolle o xogo, o do manoseo, tampouco quería cortarlle o rolo e que se me volvese a traumatizar, era precisamente no que pensaba eu naquel momento, precisamente neso*

leire e compañía

- *Haberá que comezar a buscar canto antes - el, ó seu*

- *Si - eu, ó mesmo*

- *Imos - el*

Pero nin nos movemos un centímetro, do chan quero decir. Un coche ó lonxe

- *Vale - eu*

Un freazo na paralela. Quedamos quietos, calcula como sería o freazo. Portas que se abren. Mirámonos. Portas que se pecha. Pasos. Lémonos o pensamento. Comezamos a correr coma tolos, sen máis. Localizaran o ordenador, porque só a nos se nos ocorre tiralo ó contenedor do lixo sen rompelo antes, en que estaríamos pensando. En nada estábamos na boca do metro, pasamos, collemólo primeiro tren que vimos

- *¿É transversal ou central? - Bruno*

- *Transversal - eu*

- *¿Como o sabes? ¿non da a impresión de que vaia en transversal? - el, paranoico*

- *Que sexa unha liña transversal tampouco quere decir que haxa que ir de lado - eu, vacilándoo*

- *Que graciosa ela - el, picado - ¿como estás tan segura? dime ¿eh?*

- *Porque son azuis - eu, sinalando ós agarradeiros*

- *Porque son azuis - el, mirándome coma se fose a chorrada máis grande do mundo - claro*

- *E porque o pon aí no plano - indicándolle que fose un pouco máis alto de miras - ¿ves? transversal 15*

leire e compañía

Puxo unha cara de derrota adorable

- *¿Por que me miras así? - el - xa sei que son un pardilliño, vale - sorrín, el mírame de reollo - para*

- *É que me sinto como a descubridora dun tesouro - eu*

- *Polo da caixa - el - tampouco*

- *Non, por ti - eu - es alucinante - el sorrí - en serio, pareces un tío plano*

- *Non me veñas agora con esas que sempre dixeches que tiña moi boas curvas - el, serio*

- *Si, pero tes mellores cousas cá esas - eu*

A el dalle a timidez, tratando de non emocionarse, sorrí

- *Bueno - el - esto, ¿onde enlazamos cunha central? - mirando o plano - en Paosaco*

- *En Paosaco - eu, con sorna*

- *Pono alí - el - ¿ou non?*

- *Paosaco, que cursi - eu - dise Peisaco*

- *Xa - el, rindo, pensando que o vacilaba*

- *Que si, os habitantes de Peisaco chámanlle así e digo eu que mellor cá eles non imos saber nós como se chama o lugar - eu*

- *Vacilasme porque sabes que son medio pardillo - el, rindo*

- *¡Que non! - para unha vez que falo en serio*

leire e compañía

- *Daquela porque pon aí Paiosaco - el*

- *Ai, por que o plano seguro que o fixo un señorito da Coruña - eu*

- *Ben pode ser - el, sorrindo - xa é aquí*

- *Si - eu*

Baixamos, collémo-las central, xa comezaba o movemento de xente, aínda era cedo

- *¿A onde imos? - eu*

- *Á Coruña - el, agora tomándome o pelo*

- *O que hai que aguantar - eu*

- *Imos a unha tenda de informática que ten un coñecido - el*

- *¿Prestaranos un ordenador? - eu - como saiba o que lle fixemos ó de Cristina non creo*

- *Non llo imos pedir prestado - el, con voz de macarra - o tipo é un petardo, ímosllo roubar - eu míroo de reollo*

- *Contareillo a meu irmán e o moi cretino dirá que fun eu que te pervertín, estouno oíndo - eu - e foches ti soño*

- *Se queres fírmoche unha declaración xurada - el*

- *Non estaría mal - eu - pero aínda vai pensar que che falsifiquei a firma*

- *Ou que me seduciche - el*

leire e compañía

- Non, non ten tanta confianza nos meus encantos - eu - igual miña irmán, pero Oscar, que ademáis pensa que te coñece ben

- A única persoa que me coñece ben é miña nai e - mírame - aparentemente ti

- ¿Eu?, veña - menda

- Tómallo todo con tanta naturalidade - el

- O mesmo podo decir eu de ti

- Eu coñezote máis do que pensas - el - anos de observación

- Se por eso fose tamén te coñecería eu a ti - eu

- Menos - el - menos, faime caso

Eu nas nubes, esto de ter un admirador tan fiel e constante subíaseme, que majete, que ganas de achuchalo. Controla, que despois a saída es ti. En serio, gustoume que mo dixese, non só polo ego, se non porque parecía confiar en min, gustábame. Eu tamén confiaba nel, aínda que me roubase a caixa, dábame a impresión de que tiña un plan de entramado minucioso e milimétrico na súa cabeza; de súpeto unha idea, spider. Doume por pensar que era el, Leire razoa, o outro debe andar polos sesenta e tantos, mínimo. Este ás veces é un pouco vellastrón, aínda que o manantial aquel do refuxio, si, si, algo parecido á auga, có suaviña que deixa a pel, eu ata me noto coma quince días máis nova; analiceino, non tiña enrugas, á súa idade xa debería ter algunhas; as mans, máis ou menos coma as miñas, humm

- Leire - el - estou comezando a me sentires incómodo, ¿estás tratando de poñerte ó meu nivel en obseración?

- Si - eu, misteriosa

- Eu érame máis discreto - el

leire e compañía

- *Bueno - eu, misteriosísima*

- *Para - el, serio - sinto que me estás contando as enrugas*

- *Pero que carallo che vou contar se non tes - eu - eso que dis que é auga non será unha fonte da eterna xuventude ou algo así - aguantei o que puiden*

- *Quérote - el, bicándome*

- *¿Intentas subornarme? - eu, el sorri*

- *¿Non beberías daquela auga? - el*

- *¿Por que?¿ten algo, verdade? - eu, misteriosa - agora vas ter que comparti-lo teu segredo*

- *Dime polo que máis queiras que me estás vacilando - el, serio - ¿bebéchela?*

- *Non - eu - debín facelo*

- *Joder, que alivio - el - xa che dixen que non sabía se era potable, aínda que o máximo que supoño que o máximo que che provocaría sería diarrea, ou alucinacións, quen sabe ¿dixeches que non a beberas?*

- *Non - eu - non mamá*

- *É que te puxeches dun raro - el - acojonáchesme*

- *Por algo sería - eu, misteriosa*

- *E volta e dalle - el, serio - a ver se atopamos ese túnel íntimo e che demostrro que non teño ningún enchufe, nin chip, nin batería, nin antenas ¿vale?*

Vaia cara de obsesa se me debiu poñer

leire e compañía

- Non sei se sería peor o remdio que a enfermidade - el, consigo mesmo

- Perdoa, paranoias que me dan

Baixamos, na superficie non había tanto movemento, aínda era noite. Fomos á tenda do amigo de Bruno, ten amigos para esto. Tiña unha cancela que pedía a berros un atraco, desas que no catálogo de cancelas poñen debaixo "modelo provocación evidente", mágoa que estivese por dentro do cristal blindado, o nome do catálogo igual era "desexo inalcanzable"

- Se compartes os teus razoamentos connigo igual chegamos a algures - el

- Nada, nada - eu, que debía estar seguindo os razoamentos mentais con movementos de cabeza, aquela auga tiña minerais de máis

- Paranoias que che dan - el, eu que lle torzo o fuciño

- Vai ser un pouco difícil - eu

- Ou non - el - según se mire

- Ha - eu - o que bebiches da auga foches ti, cabrón

- Leire - el, tratando de non rir - despois imos ir a un médico, a ti pásache algo

- Teño fame - eu - báixame o azucre e póñome irritable

- Bueno, a ver - el, remangando a camiseta, hem, humm - vou acabar crendo que son guapo, despois non vai haber quen me aguante - mirándome - a ver, si - utilízaa de guante - 23031570

- ¿Cómo sabe-lo contrasinal? - eu

El chiscame un ollo. Ábrese a porta. Entra e de seguido volve saír có último modelo en portátiles. Postos a roubar quedar a gusto. O amigo tamén ía quedar aliviado.

leire e compañía

Volviu pecha-la porta, non era cuestión de invitar a roubar a media cidade, non se me vovera malo de todo. Non era malo ho, estaba experimentando novas sensacións, eso lle decía meu pai a miña nai cando a mestra lle contaba as trasnadas de Oscar, estes inxeñeiros son todos iguais, tarde ou cedo, todos pasan polo aro.

- ¿Se queres roubamos nalgún super? - el, como con medo

- ¿Pero non eras ti o que decías que me coñecía tan ben? - eu - estou desbarrando, para elimina-lo cargo de conciencia

- É un cabrón - el - vende moi caro

- Viva o libre mercado - eu

- ¿Queres que pillemos algo de comer? - el

- Da igual - eu - mellor sacamo-la lista dunha vez, e case marchamos de aquí antes de que os das cámaras de vixilancia comecen a sospeitar

- Boa idea - el

Volvemos ó metro.

- ¿Imos ó teu túnel? - eu

- Non - el, sen concesións - aí non

- Ti dirás - eu

- A calquera das submariñas - el

- Pero - eu

leire e compañía

- *A calquera menos a esa - el, rectificando - son as que máis túneles de enlace teñen, polo da evacuación, en caso de*

- *Que mal rolo da eso ¿non si? - eu*

- *Xa che digo - el - pero non hai de que preocuparse tamén sería mala sorte que se derrubasen hoxe precisamente*

- *¿Collemo-la central 8 ata o enlace cá transversal 13? - eu, sinalando as liñas*

- *Espera - el, pensando - déixame ve-lo plano, si, xusto - sorprendido de que acertase - aí hai unha maraña de túneis, moi ben - felicitándome - pateas moito metro ti*

- *Teño un irmán pesado - eu*

- *E boa memoria - el*

Encántanme as liñas submarinas, ulen a mar, e escóitase o son relaxante das olas batendo, cando o mar está picado é a ostia sobre todo na central 10, que é máis aberta, para quen busque emocións fortes. Ás veces o mar non conforma e cóase polos sumidorios asulagando o fondo das vías, síntoo polos ratiños, pero supoño que xa o terán previsto. Baixamos no enlace e comezamos a andar polos túneis.

- *Non che importa que me agarre a ti - eu, había demasiado silencio e xa comezaba a escoita-la chamada do alén*

- *Agarra, Leiriña agarra - colléndome polo ombreiro, mireino mal - que cara máis simpática pos*

- *Vas levar - eu*

- *Tes medo - el*

- *Si - eu*

leire e compañía

- *A min gústame escoita-lo mar batendo - el - có fio de fondo - sinalando á música*

- *A min tamén - emocionada por tanta compatibilidade - pero ás veces parece outra cousa*

- *Si - el, tétrico - as vítimas dalgún naufraxio clamando xustiza*

- *Ti vacila o que queiras, pero nas películas en momentos así hai un apagón e no teu lugar aparece un esqueleto, advírtocho, nin se che ocorra desaparecer e deixarme soa*
- *eu*

- *Es capaz de matarme se o fago - el, de coña - ¿a que si? - mireino mal, bicoume*

Non demos atopado ningún banco, así que decidimos fiarnos das pegatinas de hixienización que decoraban os muros e sentamos no chan, que noxo. Cós infravermellos pasamo-la memoria do móvil ó portátil e vímo-la lista. Mireino

- *¿Non pretenderás que os coñeza todos? - el*

- *Deberías - eu*

- *Se nos dera tempo a copia-las empresas - el - con nomes soltos sen saber que relación teñen non imos facer nada*

- *Ó neno - sinalando ó móvil - non lle cabía todo o expediente, deixando a parte o tema do tempo*

- *Ei, tranquila - el*

- *Ademáis, ti xa leche-lo informe completo - eu - daquela sonaránche de algo - el, mírame decindo si ho - debería*

- *Debería, si - el, con retranca - vouche dar eu a ti debería*

leire e compañía

Mentras o outro rosmaba ordei todo-los nomes para tacha-los repetidos

- *Este debía ser unha peza de carallo - eu - mira cantas veces sae, é o máis mencionado - coma os das listas de superventas*

- *¿Quen? - el*

- *Este tal Román Espiñeira Dopazo - eu - é o máis popular*

- *Xa - el, mirándome coma se fose tonta*

- *Que si - eu*

- *Ese é spider - el - o director do proxecto*

- *Ah, manexando información privilexiada calquera pode ir de listo - eu, chamándoo a capítulo, el sorri*

- *Esta canción - el, nas berzas - é increíble*

- *Si - eu, que a escoitaba moitas veces, como non teño coche, pateo metro - Bálèro*

- *¿Coñéchela? - el*

- *Oficialmente nunca nos presentaron, pero déixoche algún disco se queres - eu*

- *¿Gústache a ópera? - el, ¿quen alucinaba agora, eh?*

- *Algunhas cousas - eu - pero non entendo nada, só me gusta - el sorri*

- *Encántame esta canción - el*

- *Aquí pónena moito - eu - é moi relaxante*

leire e compañía

- *É preciosa - el - dan ganas de acurrucarse na lareira e escoitar chover ¿sabe-lo que di?*

- *Non - eu - o disco que ten non trae a letra*

E calamos para escoitar, Bruno pechou os ollos e quedou durmido apoiado no meu ombreiro, xa tiña unha boa idea para cando lle tivese que regalar algo, a canción deixoume unha paz interior e un felicidade, e eso que parece que a tía as está pasando putas, pero a nos prestounos moito. Eu seguín dó da lista, trataba de non abanear moito o brazo esquerdo para non despertar ó machomán que me ía protexer dos espíritus mariños, fíate ti dos homes; como a proporción de intelixencia tivese relación có peso da cabeza Bruno debía ser un fenómeno, aínda que tiña entendido que non, o do peso cá capacidade, o do tamaño é outro tema. Vin a Leire Uribarrena González, era ela. Ó meu padriño, que tamén andaba preto dos máis nomeados. O Delegado de Política hidrográfica da Unión, o Ministro de turno. Lázaro Santos García, este tamén está en vermello coma Leire, seguro que era o axudante do spider, bueno avanzando na lista había uns cuantos en vermello, coma lles desen mate a todos, aínda habían ter que aumenta-la actividade dos crematorios, non todos tiveron que guiñala polos canalillos de marras, algúns xa lles tocaría por lei de vida, sexamos algo optimistas, ou igual non eran os que morreran. Eran pasos, decididamente eran pasos. Ó primeiro non fixen caso porque me coñezo, pero agora máis preto podíaos escoitar con claridade, eran pasos.

- *Bruno - eu, erguéndolle a cabeza - Bruno*

- *¿Que? - el, sen ganas*

- *Esperta - eu, alterándome - ven alguén*

- *Será o mar - el*

- *Si agora o mar anda con zapatos de suela - eu - espabila*

leire e compañía

Pechei o portátil e erguinme. O outro ó perde-lo apoio volviu en si. Mentras borrei a memoria do teléfono e deixei nunha papeleira. Os pasos viñan a modo, camiñaban armónicamente, cunha tranquilidade terrorífica. Bruno quedou escoitando antes de erguerse, non fose facer un esforzo inúti, xa me estaba mosqueando. Erguiuse.

- Igual son os vixiantes - el, sen moita confianza

- Eu non vou quedar a comprobalo - comezando a andar

- Espera que vou contigo - el - pero non podemos botar a correr agora, hai moito eco, mosquearíanse aínda que non nos estivesen buscando

- ¿E que pasa? ¿concéntranse todo-los vixiantes neste mesmo punto a esta mesma hora? - eu - porque por este lado tamén se escoitan pasos

- É o eco - el, simulando controlar

- Si, multiplicado - eu - porque destes parecen tres - el sorriu

- Daquela haberá que correr - el

- Haberá - eu

Comezamos a correr cara o lado dos pasos máis lonxanos, esperando cruzar por diante do túnel antes de que nos visen. Pasamos, seguimos correndo, despois cara a dereita, recto, despois cara a esquerda. Paramos un momento, non se escoitaban pasos, respiramos tranquilos, si, pasos que viñan tamén correndo. Bruno parou nun plano

- Que máis da - eu - poden estar en calquera

- Se collemos este chegamos a terra - el - podemos saír á superficie, polo menos evitámo-las cámaras

leire e compañía

- *Pois andando - eeu*

No plano parecían catro pasos, mala chispa os coma, e veña a escoitar pasos, monótonos, firmes, rápidos. E nos veña a correr, eu que tiña unha fame que non vía, Bruno que caía có sono, a boas horas, estes que non teñen práctica, aficionados. Case morro ó sair do túnel, choquei de cheo cunha das máquinas barredoras. Bruno botouse a min pensando que a máquina me asasinara; miña pobre leveille unha esquina. Tirada no chan, cá máquina desmaiada ó meu carón e Bruno agarrándome para que non cruzase o túnel, este si o da luz branca. Daquela escoitei os pasos, acompasados, firmes. Erguínme alterada, mirei a Bruno, mirei para todos lados. Estaba cheo de xente, vaía oído fino que tiña para distingui-los pasos dos nosos perseguidores. Bruno seguime cá mirada, alterouse un pouco, viu ós vixiantes achegarse, agachouse para axudarme a erguerse e quedou escoitando, sorriu, mirou á máquina, miroume, volvió sorrir

- *Arriba, fenómeno - el, con sorna*

- *Señora ¿está vostede ben? - un dos vixiantes - vaía golpe*

- *Sí, non se preocupe - Bruno*

- *Sí, si - eu, que podía estar medio morta, cós cadrís desfeitos, estivesen onde estivesen, cós dentes estrados polo chan, pero non precisaba que ninguén respostase por min, de momento aínda podía falar*

- *O botiquín está na nosa cabina - outra vixiante - acompañenos e botaranlle un ollo*

- *Non fai falta - eu, cortándolle o paso a Bruno, que xa o vía vir - estou ben*

- *Veñan de todo-los xeitos - a vixianta - se queren poñer unha reclamación*

- *Vamos - Bruno, collendome polo pescozo - cariño - vacílar-me neste estado*

Na cabina, senteime un minuto, a vixianta saíu falar có outro que estaba sinalando a zona catastrófica

leire e compañía

- *Precisábamos pasar por aquí para saír, lembras que non temos pasta - el*

- *É certo - eu - ¿e agora que digo?*

- *Que pensas que non foi culpa deles e marchamos - el - mira que pensar que a máquina barredora nos perseguía, as risas que botarían os de seguridade véndonos correr como posesos - que vergoña mi madriña, e que estas cousas me pasen sempre con este mamón*

- *A vixianta non ven - eu - podemos marchar igual*

- *Da igual - el - descansa un pouco, ¿estás ben de verdade? - ¡coño! é humano - foi un bo golpe, pero non quería enredar alí sen necesidade*

- *Porque o golpe non o levaches ti - eu - se non xa sería outro cantar, moito tarda a tipa esta ¿non?*

- *Sí, non sei que estará falando có tío aquel - el*

- *Mira - eu, cara a tele - esto non é unha máquina de barrer*

Ó final dun túnel de entrada víanse tres tíos, camiñando a modo, con precisión militar.

- *Espero de veras que esteas ben - Bruno - e poidas correr*

- *Podo, creme que podo - eu*

Saimos disparados, de pouco nos valiu, non nos valiu de nada en realidade, estábamos rodeados, no mesmo sentido literal da palabra.

- *Ola - Cristina - xa falaremos ti e máis eu do meu ordenador, e o móvil onde está - cara Bruno*

leire e compañía

- *Camiño de reunirse có ordenador - eu, acojonada - sentíase só - Bruno ri*

- *Aqueles de alí pedíronnos axuda para localizarvos - Cristina - non teño nin idea de que vai esto, nin me interesa, vós saberedes que xa sodes grandiños*

- *¿Que nos vai pasar? - Bruno*

- *Non sei - Cristina - non vos coñezo de nada nin vos vin, a ti, desde que rompín con Chacín e a ti nunca, que quede claro*

- *Clarísimo - eu*

- *Devesteslle dar ben traballo para se rebaixaren a vir xunta nós - ela, marchando - que vos vaia ben*

- *En realidade é boa xente, só que o trata de disimular - Bruno, autoconvencéndose*

- *Señorita, cabaleiro - un - fagan o favor de acompañarnos, ¿precisa un médico? - cara min*

- *Non, non gracias - Bruno mírame coma se acabase de desbota-la nosa derradeira oportunidade - estou ben - cara el*

- *Vale, vale - Bruno*

- *Máis ben estou cansa, Bruno - eu - é que xa me da igual*

- *Se ti o dis - el, decepcionado*

Metéronnos nun daqueles coches búnquer, en ningún momento nos deron explicacións, Bruno tampouco falaba, estaba enfadado conmigo pola miña falta de entusiasmo na fuga, e eso que saímos dos túneis pola miña insistencia que el seguiría alí durmindo. Eu mirábao buscando un sorriso, el resistíase, pero eu sabía que no fondo o do enfado non era en serio. No-los dous sentados detrás, unha lua negra separándonos dos conductores, silencio.

leire e compañía

- *Tes cara de cansada - Bruno, serio - durme algo, se queres*

- *Non, non teño sono - eu - ¿que quererán?*

- *A famosa lista que lles prometeche - el, serio*

- *Sí, seguro - eu - ¡hostia! o ordenador*

- *Collérono eles - Bruno - cáiu che cando o da máquina, a verdade é que non me estraña, ¿estás ben?*

- *Hai remorsos - eu*

- *Hai - el, sorrindo - só pensaba en escapar, perdoa*

- *Dilles onde está a caixa, que máis da, non creo que teña nada do que eles pensan - eu*

- *O importante non é o que teña a caixa se non o que nos sabemos - el*

- *Home, non sei ti, pero eu nada - eu*

- *Por aí ando eu - el - a ver se nos cren*

- *¿A onde nos levan? - eu*

- *Nin idea - el - saímos do centro, ven, déixame abrazarte por se non volvo te-la oportunidade*

- *Así me gusta - arrimándome - con optimismo*

- *Vouche morde-la orella por vacilarme tanto - el*

leire e compañía

- *Morde - eu - ti provócame e despois quéixate, advírtocho, que me da igual onde esteamos*

- *Vale, pórtome ben - el*

- *Que cho teña que decir eu - a el - señor serio e formal*

- *Temperatura constante, o que cambian as cousas - el*

- *Cambiar non cambian, sácaselle a carantoña - eu*

- *Tamén - el*

- *Có que me custa a min da-la razón ti falo cunha facilidade - eu*

- *Contigo todo é fácil - el*

Pensei que me tomaba o pelo e rin

- *En serio - el - non teño medo a ser como son*

- *¿E por que o habías ter? - eu - se es un encanto*

- *Xa - el*

- *Si - eu - cando estás borde e serio estás ideal para picarte, e cando non xa sabes ti para o que estás*

- *Así coma ti - el*

O coche para, ábrennos a porta. Baixo eu primeiro, Bruno sígueme. Chovía, case me alegrei. Andivemos cara un edificio acristalado que estaba dentro do recinto. Eran as antigas naves da rúa da moda, que estaban sendo deburrubadas para facer unha urbanización, de luxo, toda a área metropolitana se estaba convertindo neso. Abriunos a porta un moi chulo cunha cazadora de pel sintética e un pendiente no

leire e compañía

narís. Ningún falaba. Entramos, alí mesmo, mandáronnos sentar a unha mesa. Veu outro, este traía un traxe caro, case que diría que estaba feito á medida, tamén era chulo sobrado.

- Leire, Buno - coma se nos coñecese de toda a vida - imos falar claro, non teño moito tempo nin ganas de perdelo - sobrado - son Esteban Suarna, delegado da Axencia Europea de Seguridade - a min doume a risa, Bruno serio - ¿ que é tan gracioso?

- Nada - eu, a nena boa

- Eso era xusto o que eu pensaba - o Esteban ese das narices - chegaronnos informacións de que dispoñedes e información de carácter estratéxico substraída ilícitamente hai anos ás forzas de seguridade naquel momento operantes inoperantes para ti Leire - liume o pensamento, Bruno sorriu - sinceramente dubido que sexa certo, en calquera caso, como comprenderedes páganme para comprobalo e aínda que preferiría estar tomando un café cunha rubia teño que facelo; quero a puta caixa dos cojones agora - Bruno mírame e sorrí

- Moi orixinal, a petición - eu

- ¿Onde está? - o "poli" - miss simpatía

- Eu que sei - menda - entraron no meu piso, non sei se seríades vos, o do aro fáiseme coñecido, así que vos saberedes

- Non fomos nós - el - o do aro ten unha cara moi común - si ho - igual cho teño que preguntar mellor a ti, Bruno - mirándoo con complicidade - tamén ías moito pola súa casa

- Pedinlle permiso e deixoume - el, bueno o de pedirme permiso... - non creo que teña que decir máis ó respecto

- O Chacín este que era amigo teu - cara Bruno - di que lle dixeches - mirándome a min - non sei que dunha lista, acojonáchelo e eso que el case nin nacera daquela, debeches ser moi convincente

leire e compañía

- Son - eu - a ver se me funciona contigo - arqueou a cella e sorriu

- Proba - el - por probar nada se perde, pero como non me digades onde está a caixa idelo ter ben fastidiado; eu ben sei que ti non o sabes - cara min

- ¿Sabes? - eu

- Muller, despois do número que lle montaches ó amigo - sinalando a Bruno - falei cá veciña

- Xa me parecía demasiada clarividencia para un "poli" - eu, Bruno sorrí, o poli tamén

- Onde estea unha boa maruja que se quiten todo-los micros por moi sofisticados que sexan - el

- Máis barato si que vos saír - eu

- Por enriba aínda me invitou a cafe - el - díxome, e ela non paraba de pedirlla a caixa - imitando a voz de Piluca - e tiroulle todo ó chan, aínda pensei que o mataba

- Son un pouco bruxa cando me cabreo - eu

- Pero non che valiu de moito - o poli - non llo dixeches - cara Bruno - aguantas ben a presión, as cousas que se fan por amor - mirei a Bruno, quería verlle a cara, baixou a mirada - home, non che ten que dar vergoña protexe-la damaña - dando a entender que non o era - a min ponme a casa como cha puxo a ti e doulle a caixa, vaia se lla dou, sae con ela encaixada nos dentes - a min doume a risa, Bruno no seu mundo - pero agora ela xa está a salvo, ti tamén e eu quero a caixa

- ¿Que estamos a salvo? - Bruno, serio - ¿a salvo de que? cres que - para, pénsao mellor - da igual

Eu míroo, estaba enfadado

- Bruno, quero a caixa - o poli, serio

leire e compañía

- *Eu non a teño - Bruno*

- *Algo me dixo a tal Pilar - o poli, sorrindo - pero sabes onde está*

- *Búscaa, para eso che pagan - Bruno*

- *Non me marees - o poli dando un golpe na mesa - xa te vou entendendo - mirándome - pero eu non che vou desplanchar-las camisas, en todo caso desplancharéiche a cara*

- *Tamén foron ó teu piso - eu a Bruno - igual tes sorte e ordenároncho un pouco*

- *Un pouco si, muller - o poli - para poder buscar tivemos que recoller moitas cousas do chan, pero alí non está*

- *Pois daquela - Bruno - ou é que non sabedes face-lo voso traballo ou é que non a teño*

- *Mira Bruno - o poli - a caixa está nese edificio, nin no teu puticlub - Bruno sorprendiú - telo ben montado, costounos entrar no garito, refírome ó do sotarrego, o hidromasaxe debe estar caralludo, ¿non terás pirañas por alí bailando?*

- *Non sei, nunca me dou por comprobalo - Bruno - pero non creo, a non ser que deixases algún dos teus homes por alí*

- *O tipo tamén che ten o seu xenio - o poli cara min - a ver onde estábamos, que non sacache-la caixa do edificio e non me marees máis*

- *Pois non é tan grande - Bruno, serio - se está alí que máis queres, vai por ela*

- *Ai, que carallo có tío - o poli - mira, imos facer unha cousa eu dóuvo-la chave que lle custou a vida a dúas persoas, que vos quede claro*

- *Ei - eu - nós que temos que ver con eso, roubáronlla cadea a meu padriño, e*

leire e compañía

- *E quen lla roubou a eles foi os que os matou - o poli - eso é o que me vas decir, xa o sei*

- *O que quería era meternos medo - Bruno - non acusarnos de nada*

- *Eso, eso era o que pretendía - o poli, un cachondo mental - como decía, douvos a chave, ímo-los tres xuntiños, máis algún dos meu colegas, por non facerlles un feo - a min dame a risa - ¿ris de min?*

- *Sí, non parecec poli - eu*

- *Non son poli Leire, son da ESA, European Security Agency - di o tío cun acento da Galicia profunda que metía medo, tanto traxe, tanto traxe - da sección estratéxica; non vos podo arrestar, nin detervos, nin retervos; pero igual vos fai menos gracia o que si vos podo facer - con voz de malo de película... mala*

- *Matamos - di Bruno mirándome - que será o que faga en canto abrámo-la caixa*

- *¿Eu? - finxindo ofensa, o poli - non ho, eu non, pódocho asegurar; só quero ve-lo contido da caixa*

- *Por eso tiña que invitar ós colegas - eu, con Bruno sen lle facer caso ó poli - o tío é un cabaleiro*

- *Eu case prefiro que nos mate agora - Bruno, a min*

- *Si verdade - eu a Bruno - total, xa estamos aquí sentados, as sillas non están mal e habíalles costar xustifica-los cadáveres*

- *Mira, avogada de pleitos pobres - o poli, Bruno volviuse sorprenden - ¿que dixen? Deus, non me digas que descubrín algo sen me decatar - o tío está mal de todo - bueno é igual, Leire, so, fixáte ben o que che digo, só cá metade das cousas que me*

leire e compañía

contou a túa veciña podo xustifica-los vosos cadáveres aínda que me dea por matarvos no medio e medio dos Cantóns

- O malo vaia ser cando teña que testificar e comece a decir que che ulía o alento a certa bebida - era certo - que o traxe é demasiado caro para un funcionario honrado, que o do aro fora roubar no meu piso uns días antes - mirándoo - non sei se sabes a que me refiro

- Á vella tamén a podemos liquidar - o poli, de coña, Bruno sorri - ¿a que vos facía un favor?

- Se comeza por ela... - Bruno, seguíndolle o rollo

- Mágoa non ides ter sorte - o poli - bueno, agora en serio, ós do coche liquidounos o tal Chacín, bueno el non xa sabedes como vai esto, da-la cara sempre a dan outros

- ¿Chacín? - Bruno, estrañado

- El contratou a quen o fixo, por encarga dun xefazo teu, que non che interesa sabe-lo nome de momento - o poli - nin sequera creo que o coñeza

- Se el o cre - eu a Bruno - debe ser certo - Bruno sorri, o poli non

- O que hai que aguantar - mirando ó teito - o Chacín este, que por certo está enrollado con unha que non vos viu nunca nin vos deixou ningún ordenador nin nada

- o tío é moito - é un soplagaitas, ¡ai! e non está casado, o moi cabrón cá querida do médico - mirámonos - si có que a guiñou, ¿non a coñeceredes tamén? non sei de cando érades novos, por decir algo - acojonados, estábamos acojonados - non me poñades esa cara que foi un comentario sen intención, do máis inocente - con mirada perversa - por onde ía, é que se me vai, tanta información nesta miña cabeciña, pobre - acariñando a súa propia cabeza - aguanta un pouquiño máis bonita. Eso que ó Chacín saiulle o desquite dos cornos de balde, bueno os dese porque a rubia - mirando a Bruno - non todos son tan listos coma ti colega

Para, érguese, saca o mellor dos seus sorrisos

leire e compañía

- *¿Que imos? - coma un neno ilusionado - xa me tarda ve-la famosa caixa*

Nos non nos erguemos, a min xa case me daba igual, pero a Bruno non lle facía ningunha gracia perde-la única baza que tiñamos, sobre todo se despois nos daban vía

- *Andando - o poli, serio - que non teño todo o día*

Subimos no mesmo coche que nos levara, o poli ía diante có chofer. Baixaron a luna blindada que nos separaba.

- *Así está mellor sebastian - referíndose ó conductor - que os nosos convidados disfruten do mellor que temos, a chepa - da a volta para mirarnos - moito teño ligado con esta - volvendo a referirse ás costas*

Chegamos á casa, parecíame que había unha eternidade que non fora por alí, subimos no ascensor os catro, non viñera ninguén máis, que eu me decatase, que visto o visto tampouco era decir moito. Abriuse a porta do ascensor, xa no descanso

- *A ver inxeñeiro - o poli a Bruno - ¿en cal dos dous? e que non che teña que volver decir que non me marees*

Bruno mírame coma se se lle estivese partindo o corazón

- *Está ben, Bruno - eu, colléndolle a man - está ben*

- *No dela - Bruno, por fin*

- *A ver nena, saca as chaves - o poli*

Eu boto as mans ós bolsillos, xa nin lembraba as chaves, ¿collerías ó saír?

- *¿Onde están as chaves? - o poli, poñendo voz de parvo - ¿non as perderías miña nena? - saca algo do bolsillo - aí ¿serán estas? - sacudíndoas - na lavadora - serio, sinalando a Bruno*

leire e compañía

- Igual teño que retirar aquilo que dixer que non sabías face-lo teu traballo - Bruno, serio

- Non ho - mentras abría a porta - a min os insultos motívanme, con ve-las caras de paiolos que se vos poñen xa durmo tranquilo, dígame, ben feito Suarna, ti vales moito, e non mo digo por facerme a pelota, que o digo en serio, ala meu rei, busca, busca - a Bruno, coma se fose da K-9 - non te celes - cara min - que o dixer sen pensar - que acojone, Bruno miroume tamén el o pensou

Bruno foi cara a habitación valeira, a que nun futuro será a sala

- Aquí meu amo - Bruno, seguíndolle o conto do can - estaba claro que tiña que ser aquí, ¿ou non? - con retranca

- Claro si que esta, si - o poli - demasiado diría eu - mirando para todo-los lados - demasiado claro - mirando a Bruno - ¡que! ¡que non me marees che dixer!

- Vaia, o señor todo o vexo-todo o escoito-todo o sei réndese - Bruno, sorrindo con dozura - ti o díxeches, onde estea unha boa marixa que se quiten os mellores micros do mundo, e por suposto os polis ou ESAs ou o que sexas

Da uns pasos cara a fiestra, para nas marcas das macetas, abáixase, rastrea o chan cá man; o poli comeza a sorrir. Bruno acaríña unha das láminas do parquet e saltan varias lousas a modo de tapa; míranos. Colle a caixa e ven cara min

- Se xa o decía eu - o poli - onde estean os métodos tradicionais, que cabrón o tío - cara min - toma a chave, fai os honores

- Non sei se debería chamar antes ó meu padriño - eu - en realidade non me dou permiso para abrila promete

- ¿Ti aque andas? - o poli, malo - abre a puta caixa e

- Non o marees - Bruno - non o marees - rindo

leire e compañía

Collín a chave e abrín o fecho, o corazón saíaseme, en realidade estaba emocionada por saber que me gardara con tanto cariño meu padriño

- Trae a caixa, coño - o poli, vaciándoa no chan - tanto requilorio e tanta historia - abaixouse, doulle a volta ás fotos que había, desencartou uns papeis, volviuno tirar todo - nada, xa o sabía

Eu arrodilleime tratando de recoller todo e volvelo á caixa, facendo que non pasara nada, o poli non me deixaba concentrar

- Nada xefe - polo móvil - a puta caixa dos cojones non tiña nada - volvendo ó seu ton de coña - bueno ho, algo sí, fotos e mexericadas desas, estaba visto; xa llo dixera eu, esto é unha perda de tempo, ben que llo dixen. Vamos sebastian, ó chofer, a ver se pillo algunha rubia que me console - ó movil de novo - ¿que di meu xefe? nooon, que va ho, que planos nin que carallo, para min que ten razón a petarda da telefonista esta do carallo e nin planos nin hostias, ¿queee? que non ho, que no fixeron canal ningún, que o montaron ben montado para sacarlle a pasta ós das multinacionais dos resorts, estívolles cojonudamente xefe, que llo digo eu, a auga para quen a sofre, ¿non somos medio anfibios? pois para nós, que carall

E saíu pola porta có seu discurso políticamente correcto seguido do sebastian das narices. De repente dan volta e tropeza con Bruno que foi detrás deles para pecha-la porta.

- ñeiro que leva moi... fame - o poli berrando cara dentro.

Despois marchou e Bruno pechou a porta. Quedou de pe, arrimado á porta, mirándome. Eu estaba recollendo todo con cariño, agora que había silencio podía facer có amor que requería. Non mirei nada, volvino meter na caixa. Pecheina e despois volvíu abrila, con coidado, con cariño. Bruno seguía de pe, mirándome.

Primeiro a carta

Bilbao, 28 de Xuño do 2005

Querida Leire:

Por fin me decido a escribirche, non me foi fácil, estes últimos anos es o único que me mantén amarrado a este mundo inxusto. Pouco antes de nacer, a muller que máis quixen neste mundo foise, e non podes nin imaxina-las veces que desexei ir con ela; túa avoa, miña irmán, lanzoume ese cable que foches ti. Chamoume un día coma outro calquera e díxome que naceras, que che fose buscando nome que ía se-lo teu padriño. Non souben que decir, nunca tivera fillos de meu, non me consideraba con responsabilidade suficiente para encargarme de guiar unha nova vida; ben sei que túa avoa o fixo para sacarme do pozo no que caera, vivimos lonxe e poucas veces te ía ver, convencíume de que a carga non sería pesada; pouco sabe ela de cargas.

Ó primeiro non fixen caso, nin me molestei en buscar un nome, despois paseniño foches vindo e quedando no meu corazón, e eso que aínda non te vira; despois namoreime de ti, era-lo bebé máis feitiño do mundo. Abría-los ollos e saíache aquel sorriso. Púxenche Leire porque a amaba, porque aínda a amo; porque era unha gran muller, unha persoa maravillosa, intelixente e boa. Porque me gustaría que algún día alguén te queira coma eu a quixen a ela e que sexades felices para sempre. Ela marchou, pero ti, con eses olliños simpáticos e a manciña que agarra o meu dedo, ti salváchesme da tristura, déchesme unha razón para vivir. Dime túa avoa nas súas cartas, que che elixín mal o nome, que da moito que falar. A bis aínda o está asimilando. Por eso, por se algún día ti o pensas, por eso che dou esto, para que vexas que é o nome máis bonito do mundo; para que teñas toda a felicidade e todo o amor que un día tiveren e que, quen sabe se volverei ter, agora pecho con esta carta un capítulo da miña vida, e da túa man, desa man miuda pero forte que non vou soltar.

Non sei cando lerás esto, cando eu estea preparado para responde-las túas preguntas e decirche de palabra o que agora me custa tanto escribir, quen sabe cando, só quero que saiba-lo importante que fuches e que seguramente esteas sendo na miña vida; como ela o foi.

Teu padriño que te quere

leire e compañía

Non parei de chorar desde a primeira letra, Bruno veu ó meu carón, acariñábame o cabelo. Cando rematei a carta, mirei o outro papel, era eu de pequena, no berce; vaítes, que ben debuxa meu padriño. Bruno sorriu. Había tamén un recorte do xornal, cunha reportaxe da morte da nosa Leire. Moitas fotos de meu padriño cá moza, que pintas, ela era guapa de verdade; tiña uns ollos verdes increíbles, meu padriño era, era como Deus o dou, grande, eso si. Que felices parecían. Había un montón, na praia, no monte, ela soa, el só, nun barco, na fundición, ¡ei! por fin a fundición. Un laciño azul, igual que o negro que leva meu padriño na chaqueta. Outro bloque de fotos, camiño á casa, poñía, eran fotos da aldea, e de varios pobos e cidades, ata chegar á súa casa de Bilbao, este meu padriño. Os veciños, os amigos, de tapas, vaia pintas, non sei como saían á rua. Xa comecei a sorrir. Bruno seguía ó meu lado, mirándome. ¡Un patuco! e un xornal do día que nacín

- Esta si que é a cara da felicidade - Bruno, mirándome

- Si - eu, que se me escapaban as bágoas - gracias por coidar do meu tesouro

- Pagou a pena - el, bicándome

- ¿Como sabías? - eu, sinalado ó burato do chan

- Eu facíalle moitas veces a compra, e algún recado máis á dona, cando se foi poñendo peor díxome onde gardaba os cartos, ela podía erguerse e colle-los para darmos, en realidade erguíase despois de ir eu, para conta-los, xa sabes, facíao para ver se era legal - Bruno - a xente maior tenche esas manías

- Mira - ensinándolle o patuco

- Que pequeniña eras - el - ¿estás ben?

- Si - eu - mereceu a pena esperar

Soa o teléfono

- ¿Que fas na casa a estas horas? ¿non tiñas que estar traballando? - Oscar

leire e compañía

- *Deixei o traballo - eu, Bruno mírame - ¿e para que me chamas se pensabas que non estou?*

- *Onte atopeime unha compañeira túa, a morena dos ollos azuis, a que estaaa - Oscar*

- *Susana - eu*

- *¡Esa! e preguntoume que tal estabas - Oscar - como enferma sabía que non estabas, ¿por que non estás enferma?*

- *Non - eu - gracias polo interese*

- *É que mo daba o corpo - Oscar*

- *Xa, xa - eu*

- *E como ti non es das que latan pensei se che pasaba algunha outra cousa - agora en serio - non sei, se tes a Bruno secuestrado e*

- *Era moito, era moito que aguantases tanto - eu*

- *Veña, en serio - Oscar - ¿non che pasa nada, non si? ¿que é eso de de que deixache-lo traballo?*

- *Eso acabo de decidilo - eu - e o de atrás xa cho contarei, porque estou un pouco cansa*

- *Non estará ese mozo teu por aí - Oscar*

- *Cando eu teña deso igual anda por aquí, de momento non - eu, mirando a Bruno*

- *Déixate de caralladas, se está Bruno dille que se poña - Oscar - ou dillo ti, que para o caso, que poña a tele nas públicas que están dando un especial moi interesante,*

leire e compañía

colgo que me vou deixar caer eu polo teu antigo traballo, que xa me está parecendo máis interesante que o da tele, chao

- Chao - eu

Irmáns

- *Que di Oscar que na pública están dando non sei que moi Interesante - eu*

- *Como chiste non está mal - Bruno - haberá que ir ver, semellante acontecemento, ven, trae a caixa*

- *Vale - eu, que me custaba separarme dela*

Fomos ó seu piso, o de que os Esas lle recolleran algo o piso fora outro chiste, tiña que botarlle unha man, porque aquilo tiña peor pinta có tempo. Fomos prende-la tele

- *Menos mal que non che dou por tirarlle algo - Bruno - era broma*

- *Si - eu - xa o pillo*

- *¿En cal che dixo? - Bruno*

- *Dixo nas públicas - eu - será en todas, unha mensaxe do Rei ou calquera cousa*

- *Veña, a galega por exemplo - el*

" e, señores e señoras estes son os últimos datos dos que dispoñemos. A continuación a nosa compañeira Berta Penamil ofrecerános unha análise pormenorizada de todo o proceso. Berta cando queiras Boas tardes o proceso abriuse no vran do 2004, ó da-la voz de alarma o director do proxecto o inxeñeiro don Román Espiñeira, tra-la trágica morte dunha"

- *É o do - eu*

leire e compañía

- Si, vou ver noutra a ver se pillamos que pasou - el

" tra-la detención de varios directivos da compañía Auguisa, reábrese o proceso pechado hai case trinta anos por falta de probas, se ben os datos aportados nesta nova investigación encamiñanse máis ben cara un caso de estafa que a crua especulación urbanística sospeitada nun principio polos investigadores da época. Con varias mortes ás súas costas, caeron a día de hoxe en mans da xustiza implicados de modo directo no que se dera en chamar escandalo dos canais. Se ven as fontes oficiais non informaron sobre as caousas que levaron a reapertura do caso nin á detención dos presuntos executores do que xa se pode chamar sen lugar a dúbida a gran estafa do século. De momento soan nomes coma o de don Manuel Cachín Director executivo do económico en Auguisa, don Ramón Queizán membro da Xunta directiva desta mesma empresa, don Vicente Hernández asesor persoal do Ministro..."

- A todo porco lle chega o seu San Martiño - Bruno - a teu padriño gustaralle sabelo

- Si, despois chámoo e falamos - eu

- Imos para o teu piso, o meu da pena - Bruno - e preciso durmir, ti tamén

- Si, eu tamén, encargamos algo de comida para cando espertemos - eu

- Xa o fago eu - Bruno descolgándoo o teléfono, mentras lle bota unha última ollada ó televisor

Pediu a comida. Quedou mirando para a tele apagada

- ¡Ei! eso fixémoslo nós - Bruno, sorrindo

- A medias - eu

leire e compañía

- *Tes razón, case todo o teu traballo o fixo teu padriño o día que esbarou no faiado - el*

- *O que son as cousas - eu*

- *Veña, imos durmir, precisamos descansar que mañán temos que ir ó paro - el - estou orgulloso de ti*

- *E eu de ti - eu*

Pechamo-lo seu piso, tínhamos que arranxar aquela desfeita, que brutiña son.

- *Durme ben - Bruno, abrazándome*

E durmimos, a comida que encargáramos debiu quedar na porta, pero que máis daba.